

1514

Pero dan broa aueredes pesar
 Do q' nos ora grem q' fazer
 Os trobadores grem q' poer
 Que se n' faça ta' to mal catar

O Cancioneiro de Pero Mafaldo

E pesara a uos muy teu beno sey
 Do q' u' eu drey p' boa fe
 Solo vilano q' uilao e
 Pon ora assy eussen de gredd' Rey
 Osse n' chame fidalgo p' ren
 Se n' os uentes lhi q' n' temporen
 E diz assy escarmetorey

Ar pesara uolo q' u' diss
 Este pesar e pesar co' razo
 Ca ma da el Rey q' se demandado
 O uilano ou sesse chamar segrel
M E iogrania n' souber fazer
 Quelhi n' de home seu auer
 Mays q' lhi filhe todo quato uen

XUNTA DE GALICIA

2 O il Perez conde

O Cancioneiro de Pero Mafaldo

Edición crítica

**Leticia Eirín García
Manuel Ferreiro**

Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

Santiago de Compostela
2014

Edita

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

Coordinador científico

Manuel González González

Director técnico de Literatura

Anxo Tarrío Varela

© *Textos*

Leticia Eirín García
Manuel Ferreiro

Ilustración da cuberta e reproducións do interior

Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (Colocci-Brancuti), Cod. 10991

Maquetación e impresión

Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

ISBN

978-84-453-5167-3

Depósito Legal

C 1999-2014

Santiago de Compostela, 2014

Introdución*

* Esta monografía inscríbese no proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa* (FFI2009-08917 e FFI2012-32801), subsidiado, respectivamente, polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e mais o Ministerio de Economía e Competitividade.

Editar textos medievais galegos, en xeral, e textos poéticos trobadorescos galego-portugueses, en particular, é máis do que unha actividade erudita de pesquisa: nestes inicios do século XXI, no contexto lingüístico-cultural galego, constitúe unha tarefa fundamental para ler, interpretar, actualizar o legado literario construído e transmitido polos nosos devanceiros para nós e tamén para as xeracións futuras. É así que, se considerarmos a figura do trobador Pero Mafaldo entre a nómina de poetas que conformaron a escola trobadoresca galego-portuguesa ao longo do máis de século e medio durante o cal se prolongou, constatamos que a súa obra non sobrancea cuantitativamente sobre outros cancioneros individuais, mais si en termos específicos, pois as nove cantigas da súa autoría –pertencentes aos tres xéneros canónicos– presentan elementos e características coa suficiente personalidade como para se converteren en suxeito dunha edición e estudo particularizados. Alén disto, a produción de Mafaldo non ten sido obxecto dunha análise integral desde que no ano 1983 o filólogo brasileiro Segismundo Spina publicou *As cantigas de Pero Mafaldo: texto estabelecido, com notas e glossário*, unha obra meritória mais sen dúbida mellorábel de termos en conta os avances que o paso do tempo trouxo consigo no ámbito da edición e da crítica textual, así como a nivel retórico e interpretativo, debido ás numerosas e importantes investigacións que se teñen desenvolvido sobre a nosa tradición literaria medieval nestas últimas décadas. É por isto que, co pano de fondo dunha obvia vontade de recuperación do noso glorioso pasado literario, consideramos as cantigas de Pero Mafaldo merecedoras dun *aggiornamento* nos ámbitos que acabamos de referir, continuando e actualizando desta maneira o labor iniciado xa a finais do século XIX polos primeiros investigadores e especialistas que se encargaron do estudo da poesía incluída nos cancioneros galego-portugueses, recentemente (re)descubertos na altura, e da análise do fenómeno trobadoresco que acompañou a súa composición.

Datos biográficos

Pero Mafaldo naceu probabelmente xa iniciado o século XIII, posto que podemos documentalo a partir do segundo cuarto desa mesma centuria, e todo parece indicar que desenvolveu o seu labor poético na corte castelá dos reis Fernando III e Afonso X, e tamén na corte aragonesa de Xaime I.

Como ocorre tantas veces no que di respecto ás circunstancias biográficas dos poetas medievais galego-portugueses, pouco sabemos da vida de Mafaldo, de quen temos unha serie de datos un tanto exiguos e por veces confusos que conducen á hipótese de dúas posibilidades biográficas que, en inicio, semellan contradicirse ou rebaterse entre si –cando menos parcialmente–, mais que para nós poden ser perfectamente complementarias, como veremos. Estamos a nos referir, por unha parte, á identificación da figura do trobador levada a cabo por António Resende de Oliveira (1994: 419-421) e, por outra, á proposta de Vicenç Beltran (2005: 263-270)¹.

Con todo, e como soe acontecer na nosa poesía trobadoresca, a existencia de cantigas satíricas no seu cancionero coadxuva a situar o noso autor en certos contextos e épocas determinadas, debido á comparecencia nos seus versos doutros personaxes tamén localizábeis nun momento histórico concreto, tal e como evidencian a composición dirixida a Maria Perez ‘A Balteira’ (cantiga VIII deste estudo) ou aqueloutra centrada en Pero d’Ambroa (cantiga IX), a pesar de a identificación deste poeta presentar tamén non poucos problemas.

A comezar polos estudos de Resende de Oliveira² sobre Pero Mafaldo, o historiador portugués sostén que sería orixinario do norte de Portugal, perto da vila de Ponte de Lima –no actual distrito de Viana do Castelo–, zona de onde procede a liñaxe dos Mafaldo. O seu pai, que se chamaría Men Pais Mafaldo, tiña casa alí –concretamente en Souto de Rebordões–, onde posuía diversas propiedades e exercía influencia social. Pero Mafaldo aparece testemuñando no ano 1239 unha doazón do padroado da igrexa de Santa Cruz de Leça á Sé do Porto, sendo os doadores Dona Elvira Gonçalves e o seu fillo, o conde Don Gonçalo Garcia de Sousa, familia esta dos Sousa á cal permanecerá unido –probabelmente como vasalo– boa parte da súa vida. Neste documento cítase, igualmente como testemuña, o tamén trobador Joan Garcia de Guilhade.

¹ A compilación beltraniana de traballos, intitulada *La corte de Babel. Lenguas, poética y política en la España del siglo XIII* (2005) recolle en boa medida contributos previos, de maneira que remitimos tamén para Beltran (1993), un estudo presentado no IV Congreso da AHLM e no cal reúne datos para a biografía do noso trobador, e Beltran (1994), aparecido en *Studi Mediolatini e Volgari*; ambas achegas forman parte dun ciclo de artigos destinados ao estudo e datación da poesía trobadoresca partindo dos acontecementos históricos. Tamén é de interese a entrada “Pero Mafaldo”, incluída no *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, organizado por Lanciani & Tavani (2000).

² Recollemos o exposto sobre Pero Mafaldo por António Resende de Oliveira en *Depois do Espectáculo Trovadoresco. A estrutura dos cancioneros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV* (1994).

Segundo as investigacións de Oliveira, a medida que avanza o século aparecen vestixios da liñaxe dos Mafaldo en lugares do centro e sur de Portugal, e o seu apelido vai en moitos casos unido ao de Joan Perez d’Avoín, tamén trovador e un dos homes máis relevantes –tanto en termos de poder como económicos– da corte do rei Don Afonso III. Nalgúns dos documentos desta época (entre os anos 1265 e 1282) que, de por parte, confirman o avance da liñaxe cara ao sur, refírense membros da familia dos Mafaldo, e mesmo podería aparecer un posíbel fillo do noso trovador, citado como Pero Peres Mafaldo. Neste sentido, e a propósito das relacións vasaláticas da familia, afirma Resende de Oliveira o seguinte:

Se é ele ainda o Pero Mafaldo que en 1265, e certamente em nome de João de Aboim, testemunha a definição dos limites entre os concelhos de Évora, Monsaraz e Portel, isso significará que, nesta altura, estava ao serviço deste magnate, tendo provavelmente adquirido algumas propriedades em Santarém, mais tarde herdadas por seu filho Pero Peres. A progressão da linhagem para Sul é, de qualquer modo, um facto e deu-se, tudo o leva a crer, em ligação com as relações de tipo vassálico que os seus membros estabeleceram com magnates, quer pertencentes à família dos Sousas, quer à de João de Aboim (Oliveira 1994: 420).

Baseándose nas dúas cantigas de escarnio de Pero Mafaldo que aluden a personaxes concretos (cantigas VIII e IX), e ratificando o dito por outros especialistas, o historiador portugués afirma que tanto Maria Perez como Pero de Ambroa estiveron presentes na corte do rei Sabio. O noso trovador entraría en contacto con eles nesta corte, lugar a que tería chegado formando parte do grupo de cabaleiros que acompañaron o conde Don Gonçalo Garcia de Sousa nas súas viaxes por toda a Península, que, aliás, se terían producido, case con total certeza, antes da metade do século XIII.

Por último, e aínda en relación aos datos e indicios que nos ofrecen as cantigas de Pero Mafaldo, temos de facer referencia á cantiga VII, unha composición pertencente ao xénero de amigo onde a voz poética declara no segundo verso do refrán que o seu amigo *vai-s’a Catalonha*, referencia que, segundo Oliveira, hai que pór en relación coa posíbel presenza do trovador, a carón de Gonçalo Garcia e doutros membros da liñaxe dos Sousa, no repartimento de Mallorca do ano 1232.

Por súa parte, e como dixemos previamente, o filólogo Vicenç Beltran foi trazando en diversos traballos (véxanse as referencias na nota 1) os eventuais movementos de Mafaldo polas cortes peninsulares en base aos documentos conservados, mais tamén

a partir dunha análise moito máis ligada ás propias composicións do trobador, e non unicamente das satíricas ou da antes amentada cantiga VII, senón igualmente doutros textos e elementos que fan pensar nunha fonda influencia da poesía provenzal na produción poética do noso autor –cuestión en que repararemos máis adiante³–, e que podería vir determinada pola estada de Pero Mafaldo na corte catalano-aragonesa de Xaime I, corte que funcionou ao longo do período trobadoresco como punto de encontro entre a poesía de alén-Pirineos e a producida en ámbito peninsular.

Parte Beltran, para os seus estudos sobre a identidade e percurso do noso trobador, dun dato suxerido por Martín de Riquer nun estudo sobre Cerverí de Girona, que reproducimos:

Recuérdese [...] que en la cruzada de Jaime I de 1269 tomó parte el poeta gallegoportugués Pero d'Ambroa [...]. Un “Pedro, juglar de Galicia”, aparece en documentos del A[rchivo de la] C[orona de] A[ragón] (reg. 11, f. 237v., año 1262; reg. 13, f. 264, año 1265; reg. 15 f. 134, año 1269; reg. 20, f. 328, año 1276). El poeta Pero Mafaldo parece anunciar en una cantiga que se va a Cataluña (Riquer 1950: 377).

Vicenç Beltran chama a atención para esta nota, porque até ese momento se pensaba que o poeta galego-portugués que estivera na corte de Xaime I fora unicamente Pero da Ponte. Non nos demoraremos aquí en analizar as eventuais viaxes dun e doutro ou a súa probábel identificación nos diversos documentos da época que chegaron a nós, cuestión realmente complexa⁴, mais si citaremos tres noticias⁵ que, en opinión de Beltran (2005: 269), documentan a Pero Mafaldo ao servizo de Xaime I de Aragón nos anos 1249, 1265 e 1269, ficando identificado así con ese ‘Petrus’ ou ‘Petrus, juglar de Galicia’, denominación a que xa alude Martín de Riquer na cita previa:

5) El 18 de septiembre de 1249 se dice de unas casas de Alcira, otorgadas a Pedro de Roca, que son conlindantes con las del juglar Pedro. Y aquí acaban las referencias del repartimiento de Valencia.

³ Beltran realiza unha análise do cancionero de Pero Mafaldo que demostra o provenzalismo dos seus versos e a influencia de certos poetas, como o occitano Cerverí de Girona. Deterémonos nestes aspectos no punto 3 do presente estudo introdutorio.

⁴ Véxase a este respecto a excelente e precisa exposición dos datos realizada por Beltran (2005: 263-269).

⁵ Vicenç Beltran parte, por súa vez, para sistematizar e compendiar os datos, dun artigo de Pedro López Elum publicado en 1972.

[...]

7) El 9 de abril de 1265, el rey confirmó la venta que *Petrum, juglar*, hizo *vobis Petri de Roca... de alquerias de Alcuçes et de Beniataf sitis in Regno Valentie ultra Xucharam inter Billenam et Moxenum*.

8) El 27 de enero de 1269, Jaime I da a *Petro, juglar de Gallicia... unum solarem domorum quia est iuxta Reallum nostro Algezire*, o sea, en Alcira.

(Beltran 2005: 267).

Pero Mafaldo tería estado, pois, na corte castelá de Afonso X, onde tomou parte do ciclo satírico contra a soldadeira Maria Perez ‘A Balteira’ e, de alí –tal e como parece confirmar a antecitada cantiga *O meu amig’*, *amiga, que me gran bez fazia* (cantiga VII), con esa referencia á marcha para *Catalonha*–, tería ido para a corte catalano-ara-gonesa de Xaime I, onde quizais estaría ao servizo do seu fillo, o infante Don Pedro, circunstancia seguramente compartida co trovador occitano Cerverí de Girona.

Unha vez expostas sumariamente as dúas hipóteses, só podemos concluír que, para nós, son complementarias, xa que os datos fornecidos por ambos investigadores non se exclúen necesariamente, a non ser quizais os referidos ao ano 1265, pois, para Oliveira, o Mafaldo que aparece nese ano testemuñando as fronteiras entre os concellos de Évora, Monsaraz e Portel sería o noso trovador, en canto Beltran o identifica co ‘*Petrum, juglar*’ que en abril dese mesmo ano realiza unha venda no reino de Valencia; estas noticias non teñen por que se desbotaren mutuamente, se ben as limitacións de mobilidade existentes na altura fannos crer que unha delas podería estar errada. Porén, os estudos do historiador portugués e do filólogo valenciano poden ser fundamentalmente concordantes, xa que ambas achegas coadxuvan para un coñecemento e entendemento máis amplo e preciso das circunstancias biográficas, mais tamén poéticas, de Pero Mafaldo.

A tradición manuscrita

As nove cantigas de Pero Mafaldo foron transmitidas unicamente polo *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (Cód. 10991), inseridas “na zona dos cancioneiros organizada por seccións, próximo de autores do terceiro quartel do séc. XIII” (Oliveira 1994: 419), e presentan unha distribución un tanto irregular e confusa. Así, as catro cantigas

de amor (B 369/B 370/B 371/B 372), unha das de amigo (B 373) e a cantiga moral (B 374) foron copiadas de modo continuo, iniciándose na columna b do folio 84r e ocupando até á columna b do folio 85r. Están precedidas, na marxe dereita, por unha rubrica atributiva debida a Colocci e aparece igualmente a indicación *tornel* antes das composicións que inclúen estribillo.

O testemuño de B 383, a segunda das cantigas de amigo de Pero Mafaldo, ficou deslocado para a columna b do folio 86r, isto é, separada das precedentes do noso trovador por oito cantigas da autoría de Afonso Meendez de Beesteiros.

Por súa parte, as cantigas satíricas dirixidas a Maria Perez (B 1513) e Pero de Ambroa (B 1514) ocupan as columnas a e b do folio 317r, precedidas dunha tenzón entre Vaasco Gil e o rei Afonso X e seguidas polas cantigas –tamén satíricas– de Gil Perez Conde. Alén disto, na parte final da columna b do folio 316v lemos a rubrica atributiva «Pero Mafaldo [<malfaldo> B] fez estas cantigas d’escarnh’e de mal dizer» e, a seguir, encabezando o folio 317, reitérase o nome do noso trovador.

Como podemos comprobar, a ordenación dos textos de Mafaldo non segue os criterios habituais do compilador de B, aparecendo xuntas as cantigas de amor e as de amigo –aínda que a segunda delas, como xa foi dito, copiada despois das de Afonso Meendez de Beesteiros–, e incluíndo entre as primeiras tamén a cantiga moral. A colocación irregular desta última pode quizais ser xustificada por se tratar dunha tipoloxía de cantiga satírica pouco habitual e cunhas características singulares no conxunto do xénero.

Alén disto, e como indica Resende de Oliveira, a cuxo excelente estudo sobre os cancioneros acudimos máis unha vez,

Estes elementos, aos quais podemos agregar a súa ausencia de A, apontam para uma inclusão do autor na zona tripartida numa fase posterior à da sua confecção, tornando problemática qualquer tentativa para retirar a sua cronologia provável a partir da colocação que detém nos cancioneros (Oliveira 1994: 420).

A obra

A produción poética de Pero Mafaldo, aínda que breve, comprende composicións dos tres xéneros canónicos da nosa escola trobadoresca, pois é autor de catro cantigas de amor (I-IV), dúas de amigo (V e VII) e tres textos de carácter satírico (VI, VIII e

IX). Por outra banda, e se tivéssemos que caracterizar dalgún xeito o seu cancionero, diríamos que os seus versos están tinxidos dun moderado ton provenzalizante tanto no que di respecto ao uso dos motivos e ao léxico empregado como a algunhas das formas estróficas polas cales mostra clara preferencia, circunstancia debida –como semella evidenciar a súa biografía– aos seus percursos polas cortes peninsulares, nomeadamente a castelá e a aragonesa.

O grupo de composicións pertencentes ao xénero de amor presenta certa heteroxeñidade no que respecta ás temáticas e *topos* tratados: a primeira das cantigas estrutúrase por volta dos desexos do namorado de servir á muller e de a chamar *senhor* –contra os consellos dos seus amigos–, o segundo texto está dedicado case en exclusiva á louvanza da dama, e a cuarta insiste no mal que a muller amada lle causa; pola súa banda, a terceira, que ademais é unha composición de estrutura dialóxica, refire o *ben* que Deus lle outorgou á *senhor* fronte ao *mal* que este ocasiona no poeta-namorado, debido ao total rexeitamento da muller. Como podemos comprobar, trátase de motivos que se insiren perfectamente nos presupostos máis canónicos do xénero ao cal pertencen.

Mais a nivel retórico as cantigas de amor de Mafaldo si presentan claras analoxías entre si, xa que os versos dos catro textos fan gala dun dos principais axiomas da escola trobadoresca galego-portuguesa, cal é a máxima repetición e a mínima variación. Desta maneira, as correspondencias paralelísticas, as iteracións de carácter poliptótico, o *dobre* e o *mordobre*, a palabra-rima, o polisíndeto, a anáfora –unida ao procedemento das cobras *capdenals*–, a diáfora ou a anadiplose son algúns dos artificios de que se serve o trobador para acadar a *repetitio*. Para alén destes, tamén entran en xogo outros procedementos como as expresións hiperbólicas –aplicadas, en case todos os casos, á *laudatio* da dama– ou a antítese, que comparece practicamente coa única finalidade de establecer a oposición *ben / mal*, moi recorrente nas cantigas de amor e de amigo do noso trobador, e non só, xa que se converte tamén no motivo central e base do equívoco da composición satírica dirixida á Balteira.

E precisamente na cantiga V, primeira das dúas pertencentes ao xénero de amigo, a expresión *fazer ben* acada unha polisemia moi significativa no seu contexto, xa que evidencia as diferentes ideas que posúen da relación amorosa a amiga e o amigo, cuxa opinión coñecemos en boa medida grazas aos rogos da amiga-confidente á cal se dirixe a rapariga nesta composición.

O punto en común primordial entre os dous textos de amigo do cancionero de Pero Mafaldo é, sen dúbida, a presenza dun narratario que, aliás, é en ambos os casos

unha amiga do suxeito lírico. Porén, na cantiga V estamos perante unha amiga-confidente que cumpre un claro papel de intermediaria en prol dos intereses do home, mentres que na VII a amiga é unha paciente ouvinte das queixas da voz poética, indignada polo feito de o seu amigo marchar para Cataluña após lle ter prometido que nunca se afastaría dela. Cómpre lembrarmos neste sentido que na composición de amor I tamén se dá a presenza dos “amigos”, non como narratarios, pois o trovador dirixe o seu discurso á *senhor*, mais si a funcionaren como antagonistas que aconsellan ao poeta-namorado que non sirva á dona, xa que ela sempre o tratou con indiferenza, ocasionándolle grandes sufrimentos.

Canto ao tecido retórico das cantigas de amigo de Mafaldo, temos de indicar que este continúa determinado, como xa foi indicado a respecto das composicións pertencentes ao xénero de amor, pola *repetitio*, o que deriva nunha considerábel redución ou limitación dos campos lexicais (Lorenzo Gradín 1994: 79) e, consecuentemente, na iteración de elementos, rexistrándose así nos versos destes dous textos artificios xa referidos previamente, como o paralelismo semántico ou conceptual, o políptoto e a diáfora, e outros como a epanadiplose (cantiga V), que non fan senón reforzar o seu contido semántico.

Chaman especialmente a atención, por infrecuentes, dúas cuestións na cantiga *O meu amigo, amiga, que me gran ben fazia* (VII). A primeira delas é a aparición nos seus versos dun topónimo –algo moi pouco habitual neste xénero (Ventura 1995: 475) –, que fai referencia ao lugar de destino do amigo quizais para prestar servizo a el-Rei. Neste caso, o topónimo é *Catalonha*, que se ten posto en relación –como xa vimos na citación que reproducimos de Martín de Riquer (1950: 377)– con circunstancias biográficas do propio Mafaldo, nomeadamente coa súa probábel estada na corte catalano-aragonesa. O segundo dos aspectos que desexamos subliñar é a presenza das expresións empregadas para enunciar as promesas do amigo, tales como *fez-me preit’e menage* (v. 2), *ca me jurou* (v. 7) ou *como m’ouve jurado* (v. 11), que remiten ao contexto feudal da homenaxe e do xuramento de fidelidade que o vasalo fai ao señor (Pichel 1987: 73-74), e que non son termos comúns no *corpus* de amigo galego-portugués.

Unha composición de teor moral (VI), unha parodia do xénero de amor (VIII) dirixida a unha soldadeira e unha sátira contra un poeta (IX) son as tres diversas modalidades de cantigas de escarnio e de mal dizer que achamos no breve cancionero de Mafaldo. Estes textos posúen un carácter máis narrativo do que os amorosos –axustándose así ao canon xenérico–, de maneira que se desenvolven nos seus versos as

estratexias retóricas da *explicatio* e da *ratiocinatio*, aínda que en certos casos segue o trobador a botar man das correspondencias paralelísticas para reiterar certos motivos ou temáticas.

A cantiga VI glosa o tópic do *mundo às avessas*, máis frecuente na poesía provenzal do que na galego-portuguesa, centrando as súas críticas no mundo feudal, para o cal se basea na antítese verdade / mentira. Vicenç Beltran (2005: 263-270) evidenciou os paralelismos temáticos entre esta composición e unha outra de Cerverí de Girona, feito que dalgunha maneira corrobora a presenza de Mafaldo na corte catalano-aragonesa así como o importante e produtivo diálogo poético entre escolas trobadorescas na Península Ibérica.

A cantiga VIII, por súa parte, supón, segundo algúns autores (Lopes 1994: 170 e Gutiérrez 2006: 52) unha parodia do xénero de amor. No propio comentario da composición reparamos con máis vagar nesta cuestión, mais o que si resulta incuestionábel é que a serie lexical deste texto está vinculada directamente co xénero de amor, entrando en xogo, máis unha vez, a antítese *fazer ben / fazer mal* e toda unha serie de recursos de tipo sintáctico (como o hipérbato, o encabalgamento etc) que coaduxuan para a consecución da *equivocatio*. Esta cantiga está dirixida á que foi a soldadeira máis famosa do noso trobadorismo, Maria Perez “a Balteira”, coñecida pola súa espectacular beleza e o seu amplo coñecemento das prácticas sexuais.

O último dos textos (IX) é unha sátira contra un dos poetas máis citados no *corpus* galego-portugués, Pero d’Ambroa. Nela alúdese a un acordo entre os trobadores e tamén a un decreto promulgado polo rei no cal se establece unha especie de xerarquía entre os ‘profesionais’ da arte de trobar. Como veremos, todo parece indicar que nun determinado momento Pero d’Ambroa descendeu nesta escala poética (Ventura 2014: 201), pasando de trobador a xogar, de modo que esta cantiga suporía unha advertencia ou aviso sobre o sufrimento que tal circunstancia significará para el ao vérense os seus dereitos coartados, xa que isto afectaría á posibilidade de obter retribucións polos seus servizos, que só estaría permitida a aqueles que souberen trobar.

No que di respecto ao formato métrico-estrófico e rimático do cancionero de Pero Mafaldo, resulta evidente que as cantigas deste trobador seguen os modelos máis comúns a este respecto dentro da nosa poesía medieval profana.

Todas as cantigas do cancionero están compostas por tres estrofas, presentando ademais tres delas unha *fiinda* conclusiva conformada por dous (textos I e III) ou tres versos (VIII). O número de versos por estrofa é igualmente moi regular nas nove can-

tigas: cinco versos na cantiga VII, seis versos por agrupación estrófica nos textos II, III e V e sete versos en I, IV, VI, VIII e IX. Pola súa parte, o número total por poema oscila entre os dezaseis versos da cantiga VII e os vinte e catro do texto VIII. Para alén destes datos, nas catro composicións de amor e nas dúas de amigo comparece un refrán dístico, continuando así as prácticas trobadorescas habituais, sobre todo no xénero de amigo.

No que atinxe á metrica, o decasílabo (*a minore* en grande parte dos casos) é o empregado en seis dos nove textos de Pero Mafaldo, aparecendo combinado co enea-sílabo na primeira estrofa do texto V, en canto a cantiga de amor IV presenta versos octosílabos e a VII, que é unha composición de amigo, versos de trece sílabas.

O noso trobador afástase un pouco deste seguimento dos preceptos máis canónicos na utilización dos esquemas estróficos (vid. Tavani 1967), pois fai uso de cinco diferentes esquemas en unicamente nove composicións, se ben dous deles son os máis empregados na nosa tradición lírica (o 160 e o 161, que aparecen en cinco textos). Cumpriría salientar ou individualizar o correspondente á cantiga IV, posto que só se rexistra en dous poemas, e mais o esquema da cantiga VII, tamén pouco empregado.

A seguinte tabela sistematiza algúns dos datos comentados:

Cantiga	<i>Repertorio metrico</i> (Tavani)	Esquema métrico-estrófico
I	139:7	3 (10a 10b 10b 10a 10a 10C 10C) + 10b 10b
II	160:213	3 (10a 10b 10b 10a 10C 10C)
III	160:214	3 (10a 10b 10b 10a 10C 10C) + 10b 10b
IV	159:2	3 (8a 8b 8b 8a 8c 8B 8C)
V	160:283	I (10a 9'b 9'b 10a 10C 10C) II-III (10a 10b 10b 10a 10C 10C)
VI	161:203	3 (10'a 10'b 10'b 10'a 10c 10c 10'a)
VII	16:6	3 (13'a 13'a 13'a 13'B 13'B)
VIII	161:176	3 (10'a 10b 10b 10'a 10c 10c 10'a) + 10d 10d 10'a
IX	161:90	3 (10a 10b 10b 10a 10c 10c 10a)

A regularidade é tamén notábel no tipo de estrofa en relación aos esquemas rimáticos, con dúas únicas excepcións ás absolutamente predominantes cobras *singulares*

–consideradas, de entre as tipoloxías existentes na poesía trobadoresca, as de menor complexidade e, por tanto, as de menor mestría–, sendo así *unissonans* a cantiga IV e a rima *a* da VIII.

E precisamente a respecto das rimas temos de indicar que documentamos 22 diferentes (véxase “Rimario”), un número realmente amplo para os 182 versos que suman en total as nove cantigas. O termo que aparece en posición de rima nun maior número de ocasións é *mal* (16 ocorrencias), seguido de *senhor* e de *ben*. Esta reiteración evidencia máis unha vez a relevancia da antítese *ben / mal* no cancioneiro de Pero Mafaldo, pois, para alén disto, son os vocábulos rimantes no estribillo das cantigas III (onde a *finda* recolle as rimas do retrouso: *mal* e *al*) e IV (*mal* aparece en rima no primeiro verso do refrán e *ben* no segundo).

Finalmente, no que á lingua respecta, o breve cancioneiro de Pero Mafaldo non permite individualizar características especiais que singularicen, desde este punto de vista, a produción mafaldiana no conxunto trobadoresco galego-portugués: homoxeneidade e carácter culto e unitario, en síntese, son os trazos que o noso trobador comparte con moitos dos autores presentes nos cancioneiros que transmitiron a lírica profana xerada na Gallaecia histórica.

Criterios de edición

Na edición do cancioneiro de Pero Mafaldo son utilizados os criterios de edición establecidos en 2006 polos principais investigadores e estudiosos da lírica galego-portuguesa na Galiza. Tales criterios foron publicados no ano seguinte, após o Coloquio celebrado na illa de San Simón (Ferreiro & Martínez Pereiro & Tato Fontaíña 2007).

Edición e estudo

I

Ai mia senhor, veen-me conselhar
 meus amigos como vos eu disser:
 que vos non sérvia, ca non m' é mester,
 ca nunca ren por mí quisestes dar;
 pero, senhor, non m' én quer' eu quitar 5
de vos servir e vos chamar "senhor",
e vós faredes depoi-lo melhor!

E todos dizem que fiz i mal sén,
 ai mia senhor, de quanto comecei
 de vos servir; e non os creerei, 10
 mentr' eu viver, nunca, por ùa ren:
 ca, mia senhor, que mi fez é[n] mui ben
de vos servir e vos [chamar "senhor",
e vós faredes depoi-lo melhor!]

E máis me dizem do que me vos deu 15
 por mia senhor: que mi fez i gran mal;
 pois m' esto dizem, dizem-m' assi al:
 "Non a serviádes nen sejades seu".
 Por tod' esto non me partirei eu
de vos servir [e vos chamar "senhor", 20
e vós faredes depoi-lo melhor!]

E, mia senhor, conselha-me mui mal
 quen mi-o conselha, mais farei-m' eu al.

Repertorios

D'Heur 331; Tavani 131, 2

Manuscritos

B 369, ff. 84r, col. b, 84v, col. a

Edicións

Michaëlis de Vasconcelos (1990 [1904]: 844-845); Spina (1983: 22); Littera [26-9-2013].

Edición paleográfica en Molteni (1880: 135-136) e semidiplomática en Machado & Machado (1950, II: 153). A cantiga foi recollida na antoloxía de Ferreiro & Martínez Pereiro (1996c: 202).

Variantes manuscritas

10 non os] nõu9 *B* 22 conselha] conselhã *B*.

Variantes editoriais

1 veen] vëen *Michaëlis*, vëm *Littera* 2 vos] vus *Michaëlis* 3 vos] vus *Michaëlis* 6 vos ... vos] vus ... vus *Michaëlis* 9 de quanto] des quando *Michaëlis*, *Spina* 10 vos ... non os] vus ... no'-n-us *Michaëlis* 12 ca, mia senhor, que mi feze mui ben *Michaëlis*, ca, mia senhor, non me quitarey en *Spina* 13 vos ... vos] vus ... vus *Michaëlis* 15 vos] vus *Michaëlis* 17 m'assi] mi assi *Michaëlis* 20 vos ... vos] vus ... vus *Michaëlis*.

Métrica

Cantiga de amor, do tipo de refrán. A composición está constituída por tres estrofas *singulares* de cinco decasílabos agudos e refrán de dous versos da mesma medida e carácter, de maneira que a rima é longa ou masculina. A cantiga presenta unha *fiinda* formada tamén por dous versos decasílabos agudos que riman co segundo e terceiro verso da última cobra (rima *b*).

Artificios: cobras *capdenals* (II-III-IV, v. 1: *E*; II-III, v. 2: *ai mia senhor / por mia senhor*; I-II, v. 3: *que vos / de vos*; I-II, v. 5: *pero, senhor / ca, mia senhor*). Casos de *dobre* (I-IV, v. 1: *mia senhor*; II-III, v. 1: *dizen*; II-III, v. 2: *mia senhor*; I-II, v. 3: *vos*; I-II, v. 5: *senhor e én*), algúns en distribución irregular (I-II, v. 4: *ren*), e de *mordobre* (I-IV, v. 1: *conselhar / conselha-me*; I-II, v. 3: *sérvia / servir*), tamén irregular no primeiro caso. Nótese a presenza da rima derivada (I, v. 4: *dar* e III, v. 1: *deu*) e a repetición das palabras rimantes entre os versos 2-3 da última cobra e os da *fiinda* (*mal* e *al*).

Rítmica: para alén do acento estrófico, obsérvase unha clara regularidade acentual na cuarta sílaba de cada verso –exceptuando os versos 2 e 19, nos cales o acento recae

na terceira–, podéndonos afirmar que nesta composición estamos perante o coñecido como decasílabo común ou *a minore*.

Esquema métrico (véxase Tavani 1967, esquema 139:7):

	3	(10a	10b	10b	10a	10a	10C	10C)	+	10b	10b
I		ar	er					or			
II		en	ei								
III		eu	al								
IV										al	

Este esquema estrófico non é moi recorrente na poesía profana galego-portuguesa, xa que se rexistra nun total de vinte e catro cantigas, das cales unicamente trece, incluída a presente, están formadas por decasílabos agudos.

Comentario

O poeta diríxese á *senhor* e dille que os seus amigos van aconsellalo sobre o que debe facer a respecto dela: que non a sirva, pois é inútil, xa que ela nunca o tivo en conta; porén, el non quere desistir de a servir e de chamala *senhor*, e que ela faga o que mellor considerar (I). E os amigos insisten en que cometeu unha insensatez ao ter comezado a servila, mais o trovador non os crerá nunca mentres viva, posto que lle fixo moi ben servila e denomíname *senhor*, e, en consecuencia, ela fará o que mellor considerar (II). Os amigos insisten en que a dama lle fixo mal, e reiteran que non a debe servir nin ser seu; mais non por iso deixará o poeta de a servir e de chamala *senhor*, sabendo que ela fará o que estimar oportuno (III). Finalmente, o trovador declara á súa dama que o aconsella moi mal quen iso lle recomenda, razón pola cal el fará o contrario (IV).

Son dous os núcleos temáticos fundamentais que estruturan de modo claro e preciso esta composición de amor do trovador Pero Mafaldo: por unha parte os consellos e críticas dos amigos pola actitude que o trovador amosa a respecto da dama, e pola outra o propio desexo do poeta-namorado de a servir e chamala *senhor*, que contradí por completo as recomendacións dos anteriores. Estes dous elementos, que xa aparecen enunciados na primeira cobra, son reiterados decote ao longo do texto por medio de correspondencias de tipo paralelístico e doutros procedementos que referiremos máis adiante.

A *exclamatio* inicial, esa apóstrofe á dama (*Ai mia senhor*, v. 1), vai seguida da referencia aos consellos que os amigos lle brindan ao trobador, de xeito que xa no exordio comparecen todos os personaxes, privilexiados ou destacados, aliás, en posición inicial nos dous primeiros versos (*Ai mia senhor*, v. 1 / *meus amigos*, v. 2). A seguir, refire as recomendacións que os seus amigos lle fan sobre como actuar coa dama, pois estes consideran que non debe servila, xa que ela non o ten en conta, non lle presta ningún tipo de atención (vv. 3-4). O seguinte verso, que precede ao estribillo, introduce o conflito, dalgunha maneira preanunciado pola conxunción adversativa *pero* con que se inicia, posto que o eu poético expresa á muller que, pese a todo, el non deixará de a servir nin de a chamar *senhor*, e, á vista disto, ela fará o que mellor considerar. Estas últimas declaracións, que ocupan os dous versos que compoñen o refrán (vv. 6-7) e que, en consecuencia, serán repetidas nas outras dúas estrofas da cantiga, deixan clara a posición do trobador, a súa lealdade e o seu servizo á dama, á vez que, dalgún xeito, e ao noso parecer, translocen a esperanza de que a muller lle outorgue o seu ben: *e vós faredes depoi-lo melhor!* (vv. 7, 14, 21).

Como vemos, e a grandes trazos, as recomendacións e críticas dos amigos ocupan o corpo da estrofa (vv. 1-4), o verso 5 funciona como introdutor do estribillo, mentres que os sentimentos e desexos do poeta-namorado aparecen nos dous versos que compoñen o estribillo (vv. 6-7). Esta disposición repítese nas outras dúas cobras do texto mercé ao paralelismo de carácter semántico e sintáctico, mais tamén por toda unha serie de procedementos de repetición como o políptoto, o *dobre*, o *mor-dobre*, as cobras *capdenals* ou o artificio da rima derivada. Resulta especialmente sorprendente, na nosa opinión, o feito de non apareceren outros *topos*, para alén dos xa indicados, nin tan sequera nun plano absolutamente secundario, pois reparemos en que motivos tan habituais no xénero do amor como a *laudatio* ou a visión da *senhor*, por indicar só dous exemplos, están ausentes por completo nesta composición, e unicamente no verso 16 hai unha sutil alusión á coita (... *por mia senhor: que mi fez i gran mal*).

Mais aínda en relación coa estrutura, cómpre indicarmos que o final do texto, a *fiinda*, retoma o verbo *conselhar* que aparece no *incipit*, vocábulo que non é repetido até estes últimos versos da composición, a pesar de que o tema está presente en todo o texto, como xa foi indicado. Deste modo, case poderíamos dicir que a cantiga posúe unha estrutura circular, principiando e terminando co mesmo motivo, aínda que desde puntos de vista ben diferentes, posto que no inicio o *conselhar* introduce as recomen-

dacións que ao trovador ofrecen os seus amigos, mentres que na *fiinda* a voz poética expresa co mesmo verbo a propia consideración sobre esas recomendacións, obviando por completo o que lle din aqueles e actuando en virtude da súa vontade e sentimentos e, en consecuencia, conforme aos preceptos do amor cortés: *E, mia senhor, conselha-me mui mal / quen mi-o conselha, mais farei-m'eu al* (vv. 22-23). Ademais disto, o trovador bota tamén man da repetición das palabras rimantes entre os versos 2-3 da terceira cobra e os dous versos da *fiinda*⁶ para establecer unha clara oposición entre o “gran mal” que os amigos opinan que a dama lle ocasiona e o “mal” consello que o poeta-namorado considera que estes lle dan: *E máis me dizen do que me vos deu / por mia senhor: que mi fez i gran mal* (vv. 15-16) / *E, mia senhor, conselha-me mui mal* (v. 22). Neste sentido, Mafaldo tamén fai uso do indefinido *al* en posición de rima para contrapor a actitude que os xa citados amigos lle aconsellan fronte ao que el fará: *pois m'esto dizen, dizen-m'assi al: / “Non a serviádes nen sejades seu”* (vv. 17-18) / *quen mi-o conselha, mais farei-m'eu al* (v. 23).

Os amigos, cuxa sentenciosa voz nos é transmitida directamente no verso 18, que vimos de citar, cumpren nesta composición un evidente papel de antagonistas, tal e como noutras cantigas da poesía medieval galego-portuguesa acontece con Deus ou co Amor, responsábeis do namoramento do trovador e, por tanto, da súa terríbel coita. No texto que nos ocupa, e precisamente pola discrepancia ou desacordo entre os pareceres do trovador e dos seus amigos, percíbese un claro e progresivo distanciamento entre un e os outros, feito que se manifesta no modo en que os últimos son denominados: no exordio son chamados *meus amigos* (v. 2), na segunda cobra aparecen xa englobados baixo o indefinido *todos* (v. 8), mentres que na terceira o suxeito poético emprega a forma verbal *dizen* (vv. 15 e 17), con carácter impersoal, para terminar por se referir a eles na *fiinda* co indeterminado *quen* (v. 23).

Aínda a nivel léxico, temos de reparar en dous vocábulos ou expresións fundamentais no texto, que aparecen –non de modo casual– enfatizadas no primeiro verso do refrán e coordinadas por medio da conxunción copulativa *e*. Ambos termos configuran a conduta amorosa do eu poético, remitíndonos para a metáfora feudal: *servir* e *chamar* “*senhor*”. Como sabemos, a cantiga de amor galego-portuguesa aséntase nos presupostos do *fin'amors*, convención literaria derivada do sistema feudal imperante na época no Occidente cristián, baseado na existencia dun señor e dos seus vasalos.

⁶ Sobre a repetición das palabras rimantes na *fiinda*, véxase o traballo de Henry R. Lang (1934).

Na transposición deste código á literatura, o poeta-namorado pasa a ser o vasalo que serve á dama, á *senhor*, e a relación existente entre ambos é expresada a través do emprego metaforizado de vocábulos tirados da linguaxe feudal.

Tal e como indica Antonio Pichel (1987: 60), “o verbo «servir» tiña o significado de «cumprir cos servicios vasálicos», e foi usado frecuentemente para expresa-la relación sentimental entre os trobadores e as donas que cantaban. Con isto chegou a facerse sinónimo de *amar*”. Por outra parte, e a respecto da denominación da dama, esta composición de Pero Mafaldo insírese nun conxunto de cantigas de amor en que aparece a construción *dizer / chamar “senhor”* (véxase a nota ao verso 6); esta denominación vén dada porque o poeta se entrega ao servizo da dama, “recoñecéndoa como dona e señora da súa persoa (Brea 2008: 53)⁷.

En termos retóricos, e para alén do xa indicado a propósito das correspondencias paralelísticas, debemos reparar nunha figura sintáctica como é o encabalgamento, que se torna especialmente evidente nos versos 1-2 da primeira e terceira cobras. Mais quizais o artificio que acada unha maior relevancia é o políptoto, que atinxe algúns dos vocábulos-chave do texto. Deste modo, aparecen diversas formas do verbo *conselhar* (*conselhar*, v. 1 / *conselha-me*, v. 22 / *conselha*, v. 23) e do verbo *dizer* (*disser*, v. 2 / *dizen*, vv. 8, 15, 17), que insisten nas recomendacións proferidas polos amigos do poeta; ademais, no verso 17 achamos unha anadiplose, con esa repetición da forma *dizen* en dous períodos sintácticos consecutivos: *pois m’esto dizen, dizen-m’assi al*. Tamén afecta a iteración de carácter poliptótico ao verbo *servir*, un dos termos máis importantes da composición, tal e como vimos de analizar (*sérvia*, v. 3 / *servir*, vv. 6, 10, 13, 20 / *serviádes*, v. 4).

Cómpre, por último, fixarnos nun xogo de antíteses moi habitual nos xéneros amorosos da poesía galego-portuguesa, como é *fazer ben / fazer mal*. Neste caso, os substantivos aparecen resaltados en posición de rima nos versos 12 e 16 respectivamente, e serven para confrontar o *ben* que o trobador opina que lle fixo servir á dama e chamala *senhor* ao *mal* que os amigos consideran que lle ocasionou a mesma muller. De por parte, o primeiro verso da *fiinda* retoma o *mal* como palabra rimante, mais aquí referido aos consellos dos amigos e á valoración negativa que deles fai o suxeito poético.

⁷ Véxase, sobre as denominacións da *senhor* e as semellanzas e diverxencias a respecto do provenzal, o estudo de Mercedes Brea (2008), do cal tomamos a cita.

Notas

3. Tanto a forma *sérvia* como, máis adiante, *serviádes* (v. 18) son mostra da conservación do VT latina, convertida en iode, na lingua dos trobadores. No corpus profano⁸ conviven, desde xeito, formas verbais que responden a diversos estadios evolutivos na P1 do presente indicativo e no presente subxuntivo de *servir*: desde as formas máis conservadoras *sérvio*, *sérvia* etc. en 510.10, 783.11, 849.6, 9, 11 e 13, 83.17, 889.29, 975.21, 1468.13, 1494.5, 1547.14, até outras variantes innovadoras, como *servo* (1543.7) e *serva* (36.17) e, mesmo, xa *sirvo* (887.11 e 35, coa var. *sérvio* en BV). O mesmo acontece, por outra parte, con outros verbos semirregulares de terceira conxugación, como *dormir*, coa coexistencia de *dórmio* e *dormo*.

6. O feito de que o trobador nomee explicitamente a dona amada como *senhor* fai que esta composición de Pero Mafaldo pase a formar parte dun conxunto de cantigas de amor en que aparece a construción *dizer ~ chamar* “*senhor*”:

162 / 106,12 NuFdZTor [A73/B186], v. 6:

mentr’eu viver, sempre lhe ben querrei,
e sempre a ja “**senhor**” **chamarei**.

203 / 125,22 PGarBu [A110/B219], v. 4:

de a veer non lhe pesava én
nen lhe pesava **dizer-lhe** “**senhor**”.

275b / 79,8 JSrZCoe [A168/B319^b], vv. 2, 4:

En tan grave dia senhor filhei
a que nunca “**senhor**” **chamar** ousei.
Desta coita nunca eu vi maior:
morrer, e non lh’ousar **dizer** “**senhor**”.

⁸ Para as referencias ás cantigas da poesía profana, utilizamos o sistema de Jean Marie D’Heur (1975: 10-93), coas correccións achegadas por Montero Santalla (2000: 55-101), xunto coa numeración do *Reperitorio metrico* de Tavani (1967), seguido do nome abreviado do trobador, tamén establecido polo mesmo estudoso, e das referencias convencionais dos manuscritos. Para a lectura dos manuscritos, servímonos das edicións facsimilares dos cancioneiros: A = *Cancioneiro da Ajuda. Edição Fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa: Edições Távola Redonda, 1994; B = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991*. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982; V = *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.

- 310 / 72,2 JLpzUlh [A199/B350], v. 12:
e falei-lh'eu e non a vi queixar
nen se queixou que a **chamei** “**senhor**”.
- 364 / 6,8 AfLpzBai [A225/B396/V6], v. 6:
u m'El atal dona mostrou,
que me fez filhar por senhor,
e non lh'ousou dizer “**senhor**”.
- 589 / 25,24 Den [B571/V175], v. 15:
Ca sei que non terrá el por razon,
como quer que m'aja mui grand'amor,
de m'ousar veer nen **chamar** “**senhor**”.
- 654 / 115,5 PaiSrztav [B639/V240], v. 7:
Sofrer-lh'-ei eu de me **chamar** “**senhor**”
nos cantares que fazia d'amor.
- 734 / 101,10 MenRdzTen [B719/V320], v. 9:
e quisou-me logo **chamar** “**senhor**”,
e defendi-lho eu, ...
- 807 / 114,1 PaiGmzCha [A246/B811/V395], vv. 1, 7:
A dona que ome “**senhor**” devia
con dereito **chamar**, per boa fe,
meus amigos, direi-vos eu qual é:
ũa dona que eu vi noutro dia,
e non ous'én máis daquesto dizer;
mais quen a viss'e podess'entender
todo seu ben “**senhor**”-la **chamar**ia.
- 1011 / 63,47 JAi [V597], v. 7:
Loar-mi-á muito e **chamar-mi-á** “**senhor**”,
ca muit'á gran sabor de me loar.
- 1028 / 63,26 JAi [B1024/V614], v. 7:
Diz-mi “fremosa” e **diz-mi** “**senhor**”,
e “fremosa” mi dira quen me vir.
- 1221 / 121,2 PArm [B1205/V810], v. 8:
E dizia que perdia o sén
por mí, demais **chamava-me** “**senhor**”.

7 (=r2). Na lingua medieval, e no corpus trobadoresco profano en particular, o pronomine identificador *o(s)/a(s)* presenta asimilación fonética xeral (vid. Ferreiro 2013a) cos pronomes átonos *nós, nos, vós, vos* e *lhes*, ben como co indefinido plural *todos/as* e coas preposicións *por* ~ *per, des* e *tras* e mais cos adverbios e/ou conxuncións *mais* e *pois*; polo contrario, coas formas verbais acabadas en *-r* ou *-s* a representación gráfica da asimilación é vacilante; mais para alén destas asimilacións máis ou menos sistemáticas que chegan oralmente até hoxe, na lingua trobadoresca tamén se rexistran outras asimilacións con outras formas pronominais alén das citadas, con algúns substantivos –especialmente *Deus*– e co adxectivo *melhor* (185.8, 202.10) e mais con algúns participios plurais. No relativo a formas adverbiais, alén de *mais* e *pois*, a asimilación tamén se produce con *alhur* e *depois* (vid. tamén a grafía conservadora *despois-lo* en 1123.17). Vid. tamén nota a IV.4.

9. A opción textual de Michaëlis implica unha banalización da lección de B, que é emendada en prol de *des quando*; Spina, aludindo, ademais, a esta frecuente construción con *des quando*, continúa “a correção de Michaelis, cuja idéia temporal se justifica pelo aspecto incoativo do verbo *comecey* e pelo aspecto perfectivo de *fiz*”.

Porén, Nobiling, na súa lectura crítica do texto michaëliano, xa advertía do seguinte: “Aqui *des quando* é emenda do *de quanto* do manuscrito: sem necessidade, já que *de* é dependente de *fiz mal sen* e *quanto* adjunto de *servir*. O sentido é portanto: “fiz mal em começar a vos servir tanto”.” (Nobiling 2007 [1908]: 255). Efectivamente, nada existe que impida a manutención da lección do Cancioneiro da Biblioteca Nacional, pois o texto fiel ao manuscrito mantén todo o sentido, coa mesma construción que se pode encontrar, por exemplo, en Joan Airas:

1046 / 63,77 [B1042/V632], v. 3:

Vai meu amigo con el-rei morar,
e non mi-o disse nen lh[o] outorguei,
e **faz mal sén de** mi faz[er] pesar.

10. Resulta ben sorprendente a estraña grafía de Michaëlis para a secuencia *non os*, emenda necesaria da errada lección manuscrita <nõu9> (= *non vos*), que talvez no copista de B foi produto dun lapso condicionado polo anterior *vos* (<u9>), no mesmo verso.

12. A transcripción literal da lección de B produce un texto que semella moi lonxe de ter sentido. É por isto que Carolina Michaëlis propón unha lectura (*ca, mia senhor, que mi feze mui ben*) que non convence á propia editora, a expresar as súas dúbidas no aparato crítico da cantiga: “Não percebo. – Talvez deva continuar: *ei vos servir?* ou *servir-vus-ei?* Ou então: *Não deixarei senhor, que mi fez ben*. Ou antes: *ca, mia senhor que mi fez nenhum ben, servir-vus ei etc.*”.

Por súa parte, Nobiling procura tamén unha alternativa editorial coherente: “O próximo verso, porém, não faz nenhum sentido, e a própria editora [Carolina Michaëlis] o admite. Contudo, as suas sugestões de emenda abaixo do texto tampouco são aceitáveis; pois não podemos tocar no refrão, nem usar o verbo *feze* na terceira pessoa, porque a fala se dirige à senhora. Os versos correspondentes das outras duas estrofes dizem *Pero, senhor, non m’én quer’eu quitar* e *Por tod’esto non me partirei eu*, respectivamente; e tanto a sintaxe quanto as regras da arte poética demandam aqui um verso de sentido igual. Não duvido que o verso tenha originalmente sido *ca, mia senhor, non me quitarei én* (ou ligeiramente diferente), e que um copista o tenha por descuido substituído por um verso de alguma outra cantiga que tinha em mente” (Nobiling 2007 [1908]: 255).

Na esteira do editor xermano-brasileiro, Spina acolle con entusiasmo a súa proposta: “as ponderações de Oskar Nobiling a propósito do enigma e a solução que sugere nos parecem geniais, razão por que não tivemos a menor hesitação em adotá-la na fixação do nosso texto”. Deste xeito, consolidouse unha intrusiva emenda dunha lección en que a disposición do texto en B fai que, efectivamente, este puidese ser eventualmente interpretado como un erro de copia, por salto desde o v. 16 (*por mia senhor: que mi fez i gran mal*).

Non obstante, coidamos que a lección de B é esencialmente correcta e que, aínda que Michaëlis, coa aglutinación *feze* (vid. nota a II.1)⁹, non acabe por interpretar o verso tal como esixe a súa formulación (cf., ademais, a súa forzada tradución *Denn Euch, Herrin, die Ihr mir viel Liebes anthatet, werde ich dienen etc.*), a súa proposta debe estar na base, aínda que sen aclaración de ningún tipo, na versión do proxecto Littera, que emenda criteriosamente o elemento <e> do manuscrito para o converter no pronome *én*, sen ningún tipo de nota aclaratoria.

⁹ Estabelecer *feze* a partir de <fez e> é posíbel, mais esa deglutinación gráfica do manuscrito sería certamente inusual.

Efectivamente, a chave para unha fixación como a proposta reside na consideración deste verso en relación aos seus correspondentes da estrofa I (v. 5) e da estrofa III (v. 19); deste modo, a lección transmitida por B debe ser xustificada a partir dos seguintes feitos: a) para alén do “normal” uso e a altísima frecuencia da explicativa *ca* en posición inicial de verso (en correlación con *pero*, v. 5, e *por tod’esto*, v. 19), neste caso debe comezar o verso como natural explicitación do *por ùa ren* do verso anterior; b) o sintagma *mia senhor* ten de ser fórmula vocativa tal como o *senhor* do v. 5; c) a presenza do pronome adverbial *én* no v. 5 e mais *por tod’esto* no v. 19 permite considerar tamén neste verso *é[n]*, con omisión no manuscrito de til de nasalidade ou consoante nasal perante vocábulo iniciado tamén por nasal, situación que se detecta con frecuencia no corpus en textos procedentes dos apógrafos italianos (vid. *que[n] nunc’* ..., 10.2; *ta[n] mui’* ..., 56.7; *E[n] mui*, 104.17; *e[n] non*, 116.13; *Se[n] nulha*, 466.11; *co[n] marteiro*, 647.2; *sé[n], nunca*, 713.9; *e[n] mil*, 866.12 etc.).

Con todo, o verso non pode ser interpretado correctamente se non partirmos do carácter causal da conxunción *que*, repetición e reflexo do anterior *ca*, tal como se pode atestar noutras composicións:

1214 / 92,5 MartCal [B1198/V803], vv. 9-10:

Ir-m’-ei con el, que sempre falarán
desta morte, **que**, se ventura for,
ca se quer ir meu lum’e meu senhor,
e, se se for, serei morta de pran,
e el morto sera se me non vir,
[mais quero-m’eu esta morte partir].

1382 / 97,4 MartSrz [B1364/V972], vv. 11-12:

Porque o veen atal, desaguizado,
non o preçan nen o queren temer;
mais tal passa cabo del, asegurado,
que, se lhi Lopo cedo non morrer,
ca lhi querra deante citolar

.....
e pois guarra a morte, sen [seu] grado.

Para a convivencia de *que* e *ca* como partículas causais, téñase en conta a propia e evidente variación interna dos cancioneiros, en que estas conxuncións son intercam-

biábeis tanto en función causal como completiva. En xeral, existe certa preferencia por *ca* en A (fronte a BV): 66.6, 84.15, 92.27, 94.20, 142.28, 166.23, 167.18, 170.10 e 27, 177.14, 178.24, 179.19 e 26, 249.5, 276.r2, 317.16, 320.8, 355.3, 430.13, 812.3, 980.8, 981.19 e 26, 995.7. Mais tamén encontramos a preferencia inversa (*que* A, *ca* B): 68.19, 84.6, 94.20, 221.9. E, finalmente, aínda entre os propios apógrafos italianos se encontra tal variación: *ca* B vs. *que* V (725.22 e 1102.5) e mais nas cantigas 655.14 e 984.r2, con dupla tradición, en que a primeira versión presenta *ca* face a segunda con *que*¹⁰.

17. A entrecortada puntuación de Segismundo Spina (*Poys m'esto dizen! Dizen-m'assi al*) non é adecuada por afastar sintacticamente da cláusula principal a cláusula subordinada temporal introducida por *pois*.

22. A errada forma plural <conselhã> en B, necesariamente singular para a concordanza con *quen*, debeu ser inducida no proceso de copia polas formas plurais *veen* (v. 1), *dizen* (vv. 8, 15, 17) referidas aos *amigos* que aconsellan o trovador.

¹⁰ Resultan tamén significativas algunhas correccións e vacilacións dos propios copistas nalgúns pasaxes: *ca* <(qu) *ca*> B (530.4), *ca* <*ca que*> B, <*ca q̄*> V (1450.17), así como o erro de copia de A en 414.r1 (<*que* / *ca*> A, <*q̄*> B, <*que*> V).

II

A mia senhor, que eu por meu mal vi,
 feze-a Deus senhor de mui bon prez
 e máis fremosa de quantas El fez:
 per bõa fe, todo por mal de min
a fezo Deus de muito ben senhor 5
e das melhores donas a melhor.

[E] por tal moir'e direi-vos eu al:
 fez-lhi tod'esto e fez-lhi muito ben
 en a fazer dona de mui bon sén
 e mui mansa; e todo por meu mal 10
a fezo Deus [de muito ben senhor
e das melhores donas a melhor].

E non mi foi Nostro Senhor mostrar
 os seus olhos, de pran, por ben dos meus,
 mais por meu mal; e assi quis Deus: 15
 por me fazer maior coita levar
a fezo Deus [de muito ben senhor
e das melhores donas a melhor].

Repertorios

D'Heur 332; Tavani 131, 3

Manuscritos

B 370, f. 84v, col. a

Edicións

Michaëlis de Vasconcelos (1990 [1904]: 846); Spina (1983: 17-18); Littera [26-9-2013].

Edición paleográfica en Molteni (1880: 136) e semidiplomática en Machado & Machado (1950, II: 156).

Variantes manuscritas

4 bõa] bona *B* 16 levar] lenar *B*.

Variantes editoriais

2 Deus senhor] Deus Senhor *Michaëlis* 4 min] mi *Michaëlis*, *Spina*, *Littera* 7
[E] por tal] Por [a]tal *Michaëlis*, *Spina*, *Littera*; vos] vus *Michaëlis* 8 esto] est(o)
Michaëlis, *Spina* 9 en a] e'-na *Michaëlis*, ena *Littera* 18 das] da *Spina*.

Métrica

Cantiga de amor, do tipo de refrán. O texto está composto por tres cobras *singulares* de tres decasílabos agudos e refrán formado por dous versos da mesma medida e carácter, de maneira que a rima é longa ou masculina.

Artificios: cobras *capdenals* (II-III, v. 1: *E*; I-II, v. 2: *feze-a / fez-lhi*).

Rítmica: como xa foi indicado a respecto da cantiga precedente, revela tamén esta composición unha regularidade acentual na cuarta sílaba de cada verso, coas únicas excepcións dos versos 10 e 14, nos cales o acento recae na terceira sílaba. Estamos, máis unha vez, perante o decasílabo común ou *a minore*.

Esquema métrico (véxase Tavani 1967, esquema 160:213):

	3	(10a	10b	10b	10a	10C	10C)
I		i	ez			or	
II		al	en				
III		ar	eus				

Este é o esquema estrófico máis empregado na nosa lírica, cun total de 466 ocorrencias. Como poderemos comprobar, outras dúas composicións de Pero Mafaldo seguen este esquema, o que dá unha idea da súa rendibilidade no cancionero do trovador.

Comentario

A *senhor*, contemplada polo trovador para o seu propio mal, posúe grande valor e honra, atributos concedidos por Deus, quen a fixo a máis fermosa de todas as donas; na realidade, e para desgraza do propio poeta, creou Deus unha dama con grandes virtudes e a mellor de todas as *senhores* (I). O trovador morre por ela e reafírmase en que, para alén de todo o anterior, a divindade lle outorgou siso e sosego e, para mal

del mesmo, fíxoa Deus muller de gran ben e a mellor de todas cantas existen (II). E mostroulle Deus os ollos da muller non para lle proporcionar ben e felicidade, mais co fin de lle provocar sufrimento, e actuou así a divindade para intensificar a súa coita, e por iso adornou a *senhor* con cualidades e a converteu na mellor de todas as donas (III).

O exordio desta cantiga contén en boa medida os motivos que se desenvolverán nos seus versos: o trovador, co seu laio inicial, introduce o *topos* da visión da dama, desencadeante do proceso amoroso e da subsecuente coita do poeta-namorado. Inmediatamente a seguir, comparece a *laudatio* da *senhor*, cuxa beleza e virtudes supremas lle foron concedidas por Deus, para desgraza do suxeito poético. Por outra parte, estamos, como no texto precedente, perante unha composición en que prevalecen os moldes paralelísticos, feito que condiciona o seu desenvolvemento levándoo cara á iteración, preeminentemente temática aquí e perceptíbel en maior medida nas dúas primeiras cobras.

Mais antes de continuarmos coa análise e comentario, queremos evidenciar as similitudes entre o *incipit* do presente texto de Pero Mafaldo e *A mia senhor, que eu por mal de mí* (B 523/V 106), cantiga de amor do rei-trovador Don Denis, que desenvolveu o seu amplo cancionero en época posterior á do noso autor. Os paralelismos exordiais entre ambas composicións son facilmente explicábeis polo emprego de enunciados estereotipados na escola trobadoresca galego-portuguesa para faceren referencia á visión inicial da dama por parte do trovador, que supón, como sabemos, o inicio do proceso amoroso. Reparemos, pois, nos dous primeiros versos de ambos textos:

A mia senhor, que eu por meu mal vi, feze-a Deus senhor de mui bon prez (Pero Mafaldo)	A mia senhor, que eu por mal de mí vi, e por mal daqueles olhos meus (Don Denis)
---	---

Non nos deteremos aquí nunha análise pormenorizada e comparativa entre ambas, mais a cantiga do rei portugués responde a unha maior complexidade retórica do que a do noso trovador, como xa deixa entrever o encabalgamento entre estes versos iniciais, enfatizando o motivo da visión –que en Mafaldo aparece privilexiado en posición de rima–, e introducindo a presenza dos ollos, que non comparecerán no texto que estamos a analizar até á última cobra (vv. 13-14), ademais de Don Denis tratar outros elementos como a dualidade *veer* vs *non veer*.

A visión da *senhor* vén, pois, expresada na composición de Pero Mafaldo por medio do enunciado-tipo *que eu por meu mal vi* (v. 1) do *incipit* e, unido a el, non podemos deixar de mencionar os órganos da visión, a que se fai referencia, como vimos de indicar, na última agrupación estrófica. Mais neste caso o sufrimento que experimentan os ollos do namorado vén dado polos da propia dama: *E non mi foi Nostro Senhor mostrar / os seus olhos, de pran, por ben dos meus, / mais por meu mal* (vv. 13-15). No xénero de amor, a presenza cuantitativa dos ollos do poeta é moi superior á dos da muller, aparecendo estes caracterizados no conxunto da poesía profana unicamente en tres casos¹¹. No caso que nos ocupa non hai unha descrición da suposta e, por súa vez, tácita beleza dos ollos da *senhor*, porque como Souto Cabo indica:

Porém, e da mesma forma que na fisonomia geral, nom há desinteresse pola importância deste elemento no retrato da dama, o que acontece é que a beleza exterior vai ser submetida, também neste caso, a um processo de interiorização, grato à nossa lírica medieval, e assi o que si imos encontrar é todo um conjunto de alusões aos efeitos que no sujeito produzem os olhos. Cobrando deste jeito [...] um especial relevo ao sermos obrigados a imaginar a excelência sem limite deles, vista a impressom conseguida no sujeito (Souto Cabo 1988: 411).

E así é. Nos versos antecitados, Deus, responsábel último de todo canto existe e acontece, conduce o trovador á coita tanto polas cualidades da dama canto pola visión dos seus ollos, feito que produce efectos negativos nos seus propios ollos e nel mesmo. Este aspecto entraría xa no ámbito da *descriptio puellae* ou *descriptio mulieris*, o outro grande motivo, e probabelmente o fundamental, por volta do cal se constrúe a composición, pois este *topos* está presente en boa parte dos versos¹², levando a Beltran (2005: 271) a observar que se percibe “en esta composición de Pero Mafaldo un reflejo de los modos habituales de la lírica provenzal”¹³.

¹¹ Os coñecidos *olhos verdes* da composición de Joan Garcia de Guilhade (A 229/B 419/V 30), e os fermosos ollos da *senhor* nun texto de Nuno Fernandez Torneol (A 72/B 185) e noutro de Osoir' Anes (B 39^{bis}). Remitimos a este respecto para o artigo de Souto Cabo (1988), especialmente para as páxinas 410-413, onde o profesor da Universidade de Santiago considera o tratamento dos ollos da dama no xénero de amor.

¹² Poderíamos dicir que a *descriptio* e conseguinte *laudatio* da *senhor* ocupan aproximadamente doce dos dezaoto de que consta a cantiga.

¹³ O filólogo valenciano realiza esta apreciación despois de ter aludido á cantiga de Don Denis *Quer'eu en maneira de proençal* (B 520b/V 123), na cal o rei-trovador renuncia aos contidos habituais do xénero

Neste caso a *descriptio* comprende un retrato completo da dama, aínda dentro da abstracción inherente ao xénero de amor, posto que “os elementos descritivos [...] han ser rexeitados de plano pola escola galaico-portuguesa” (Beltran 1995: 23), de maneira que “o primeiro trazo que nos sorprende na cantiga de amor é a supresión de toda referencia física, que se traduce na eliminación do vocabulario concreto” (Beltran 1995: 27). E dentro dese retrato¹⁴ ofrécesenos elementos caracterizadores das súas cualidades físicas, da prosopografía, como transloce a hipérbole do verso 3 (*a máis fremosa de quantas El fez*) e, dun modo máis explícito e manifesto, aqueloutros que aluden ás súas cualidades morais, á etopea, e que inciden en cuestións como o seu *bon prez* (v. 2), o seu *bon sén* (V. 9), o feito de ser *mui mansa* (v. 10) etc. Nos dous primeiros casos citados empréganse provenzalismos para insistir na alta reputación da dama, o *prez*, e tamén no seu xuízo, na súa intelixencia, no *bon sén*, ambos acompañados —e como é habitual na nosa poesía medieval—, do adxectivo *bon*, que precisa positivamente o valor (García-Sabell Tormo 1991: 278).

E todas estas virtudes derivan da intervención divina, que a fixo a mellor de cantas mulleres existen, como indican o verso 2 (*feze-a Deus senhor de mui bon prez*), a *gradatio* do verso 8 (*fez-lhi tod'esto e fez-lhi muito ben*) e, sobre todo, a expresión hiperbólica que contén o segundo verso do refrán, que segundo algúns especialistas proviría do antigo superlativo hebreo, e que dalgún xeito pretende ir alén da trivialidade do tópico levando ao seu punto máximo a *laudatio* da extraordinaria dama (Spina 1966: 98): ... *a fezo Deus de muito ben senhor / e das melhores donas a melhor*.

Esa responsabilidade de Deus na consecución dun ser tan perfecto trae consigo a iteración de carácter poliptótico do verbo *fazer*, que aparece na cantiga até en nove ocasións¹⁵, o que non fai senón teimar e insistir na responsabilidade que a divindade ten nas bondades e excelencias da *senhor*. Mais talvez tamén significa unha “acusación” velada por parte do poeta-namorado debido ás consecuencias negativas que conleva para el, manifestadas nos versos da composición por medio dos substantivos *mal* e *coita*. Estes vocábulos aparecen enxalzados no *incipit* e no verso catro de cada estrofa, previo ao refrán, que se encontra *en rejet*, ou, para o caso de *mal*, en oposición

de amor galego-portugués para se centrar nun dos elementos esenciais da *cansó* provenzal, a *laudatio* da dama (Beltran 2005: 269-271).

¹⁴ O retrato e as súas dúas vertentes, a prosopografía e a etopea, inclúese habitualmente, en termos retóricos, entre as figuras de pensamento. Véxase a este respecto o *Manual de retórica* de Mortara Garavelli (2000), en especial as páxinas 268-272.

¹⁵ A casuística é a seguinte: *feze-a* (v. 2), *fez* (v. 3), *fezo* (vv. 5, 11, 17), *fez-lhi* (v. 8), *fazer* (v. 9, 16).

co *ben* que Deus lle outorgou á muller (como palabra rimante nos vv. 8-10) ou co *ben* que o namorado desexaría que a visión dos ollos da dama lle fixese nos seus propios (vv. 14-15)¹⁶. Este sufrimento, como non podía ser doutro xeito, trae consigo a morte do trobador, reducida ao sucinto enunciado [*E*] *por tal moir'e*... (v. 7), que denota sen dúbida o nivel de banalización ao que xa tiña chegado o tratamento do *topos* no ámbito da nosa escola trobadoresca.

Notas

2. A variante bisilábica *feze*, do lat. *FECIT*, con manutención de *-e* após *-z* [dz], é certamente minoritaria na lingua trobadoresca a respecto de *fezo* e da forma xeral *fez* (cf. nota ao v. 5). Na realidade, *feze* só aparece sistematicamente cando seguido do clítico *o(s)/a(s)* (vid. 167.5, 332.2, 479.13, 484.21, 580.13, 1087.8, 1398.6, 1593.9), mais só achamos outras dúas ocorrencias da forma bisilábica sen clítico (184.16, 260.2).

Por outra parte, resulta tamén lexítima a lectura michaëliana *Deus Senhor* (fórmula invertida do tamén frecuente *Senhor Deus*), isto é, a funcionar *senhor* como apelativo de Deus (suxeito, por tanto) en vez de o considerar complemento predicativo.

4. Diferentemente do que acontece coas formas do tipo *irmana* (*louçana*, *sano*, *amena*, *avelaneira* etc.) que aparecen con frecuencia nas cantigas de amigo e que mostran a conservación (fonética) de *-n-* intervocálico, sen dúbida como decoración arcaizante propia deste xénero (vid. Ferreiro 2008a), as grafías dos manuscritos en <bona> *bõa*, <poner> *põer* etc., que aparecen moi esporadicamente nos apógrafos italianos –sempre en textos pertencentes aos xéneros de amor e mais de escarnio e de mal dizer–, constitúen simples marcas gráficas da nasalidade vocálica.

5. Nas cantigas de Mafaldo conviven as variantes *fez* (I.12 e 16, II.3 e 8, VII.2), *feze* (seguido de clítico) e *fezo* para a P3 do pretérito de *fazer* (cf. tamén *quiso* no v. 15). Efectivamente, na lingua trobadoresca aparece a desinencia *-o* na P3 dos pretéritos fortes, de modo que, naquelas formas en que *-IT* final latino desapareceu, é posíbel a convivencia das formas *fez*, *quis* ou *pôs* con *fezo* (tamén *feze*), *quiso* (tamén *quise*), *poso*. Os poetas utilizan unha ou outra por necesidades métricas, e os manuscritos achegan datos que confirman esta variación nos usos lingüísticos, e, conconrentemen-

¹⁶ Esta oposición *ben* / *mal* desenvolverá un papel predominante das cantigas III e IV, como veremos.

te, as leccións de A e B poden ser diverxentes. Así, face ao necesario *fezo* transmitido por A, ás veces produto da revisión que se percibe neste códice (Arbor Aldea 2009), achamos <fez> en B: 277.17 (<fez{o}> A, <fez> B), 286.2 (<fezo> A, <fez> B), 309.10 (<fezo> A, <fez> B), 404.10 (<fezo> A, <fez> B)¹⁷, 430.28 (<fez{o}> A, <fez> B>). E aínda se achán contextos en que, fronte a *fezo* de A, en B se refai a lección mantendo *fez*, ao tempo que se asegura a correcta medida coa introdución doutro elemento: *Qual dona Deus fez melhor parecer / e que fezo* [<a fez> B] *de quantas outras son* (175.2), *de rogar Deus, e fezo-me* [<a d's e fez mj> B] *perder* (197.30). E, na mesma liña, resulta significativo que no v. 1 do refrán da cantiga 847 de Vaasco Rodriguez de Calvelo, face ao correcto *fezo* de V no refrán da estrofa I (<fez> B, <fezo> V), apareza <fez> en BV nas estrofas II e III.

7. É relativamente frecuente que nos manuscritos se omita, durante o proceso de copia, a copulativa inicial de estrofa (e de verso) ou de *finda*, feito que nos permite neste caso restaurar a isometría versal (véxanse casos semellantes en 81.15, 119.3, 163.6 e 16, 164.13, 183.8, 195.31 e 33, 256.6, 447.7, 704.10, 988.17, 1000.19, 1061.1, 1195.11, 17 e 23 [=r1], 1610.7). É por isto que o recurso á copulativa inicial resulta ecdoticamente máis económica do que a variante [*a*]tal dos demais editores como solución para a hipometría versal.

9. Unha axeitada representación do encontro da preposición *en*, que introduce *fazer*, co pronome *a* obriga a grafar como *en a* tal secuencia, con separación gráfico-visual dos dous elementos que a interpolación pronominal agrupou (cf. *e'-na* en Michaëlis, *ena* en Littera).

¹⁷ En V non é transmitida esa estrofa.

III

- Senhor, por vós e polo vosso ben,
que vos Deus deu, ven muito mal a mí;
por Deus, senhor, fazed’o melhor i.
–Vedes, amig’, o que vos farei én:
se vos por mí, meu amigo, ven mal, 5
pesa-m’ende, mais non farei i al.
- Senhor fremosa, máis vos én direi:
o vosso ben e vós e voss’amor
me dan gran mal, que non poden maior.
–Ja vos dixi quanto vos én farei: 10
se vos por mí, [meu amigo, ven mal
pesa-m’ende, mais non farei i al].
- De vos pesar, senhor, ben ést’e prez,
pero non poss’eu per tanto viver
se vós i máis non quiserdes fazer. 15
–Ja vo-lo dixi, e direi outra vez:
se vos por mí, [meu amigo, ven mal,
pesa-m’ende, mais non farei i al],
- de que mi pesa; cuid’eu que é mal
de máis, amigo, demandades-mi al. 20

Repertorios

D’Heur 333; Tavani 131, 8

Manuscritos

B 371, f. 84v, cols. a-b

Edicións

Michaëlis de Vasconcelos (1990 [1904]: 847-848); Spina (1983: 31); Littera [26-9-2013].

Edición paleográfica en Molteni (1880: 136) e semidiplomática en Machado & Machado (1950, II: 155-156). A cantiga foi incorporada á antoloxía de Nunes (1959 [1921]: 266).

Variantes manuscritas

19 eu] en B.

Variantes editoriais

2 vos] vos *Michaëlis* 4 amig', o] amigo *Michaëlis*, *Spina*, *Littera*; vos] vos *Michaëlis* 5 vos] vos *Michaëlis* 7 vos] vos *Michaëlis* 8 e vós e voss'amor] e o vosso amor *Michaëlis* 10 vos ... vos] vos ... vos *Michaëlis* 11 vos] vos *Michaëlis* 13 vos ... ést'] vos ... est *Michaëlis*, vos ... est *Spina*, *Littera* 16 dixi] dix(i) *Michaëlis*, dix' *Spina*, *Littera* 17 vos] vos *Michaëlis* 19-20 De que mi pesa, cuid'eu que é mal! / De mais, amigu'é demandardes mi-al *Michaëlis*, De que mi pesa, cuyd'eu que é mal! / Demays, amigu'[é] demandardes-mi al *Spina*.

Métrica

Cantiga de amor, do tipo de refrán. Consta de tres cobras *singulares* de catro decasílabos agudos e un refrán de dous versos da mesma medida e carácter. O texto presenta unha *fiinda* formada tamén por dous versos decasílabos agudos que riman co refrán. Deste modo, a rima de toda a composición é longa ou masculina.

Artificios: cobras *capfinidas* (I, v. 4 e II, v. 1: *én*; III, v. 6 e IV, v. 1: *pesa*), cobras *capcaudadas* (III-IV) e cobras *capdenals* (I-II, v. 1: *Senhor*; II-III, v. 4: *Ja vos dixi* / *Ja vo-lo dixi*). Casos de *dobre* (I-II, v. 4: *vos*, *farei*, *én*) e *dobre* en distribución irregular (I-II-III, v. 1: *senhor*; I-III, v. 3: *i*) como resultado do desenvolvemento paralelístico nestes versos. Temos de notar a presenza da rima derivada (II, v. 4: *farei* e III, v. 3: *fazer*) e da repetición das palabras rimantes *mal* e *al* no refrán e na *fiinda*¹⁸.

¹⁸ Repárese en que os vocábulos que se repiten en posición de rima no refrán e na *fiinda* deste texto son coincidentes cos da *fiinda* da cantiga I, que retoma, por súa vez, as palabras rimantes dos versos 2-3 da terceira cobra.

Rítmica: cantiga análoga ás dúas previas no que respecta aos aspectos rítmicos. O acento recae de maneira absolutamente maioritaria e regular na cuarta sílaba de cada verso, a excepción do segundo verso do refrán e do verso número 10, nos cales o acento fica na terceira sílaba.

Esquema métrico (véxase Tavani 1967, esquema 160:214):

	3	(10a	10b	10b	10a	10C	10C)	+	10b	10b
I		en	i				al			
II		ei	or							
III		ez	er							
IV										al

Véxase o indicado para a cantiga II.

Comentario

O trovador diríxese á súa *senhor* e dille que sofre por ela e polo ben que Deus lle concedeu, e solicítalle que sexa máis bondadosa e indulxente con el. A muller responde que sente os seus padecementos, mais declara que non fará nada ao respecto (I). Insiste o namorado en que ela, o seu ben e o seu amor lle producen os máis grandes pesares, ao que a dama replica que xa lle dixo que lamenta o seu estado, mais non fará nada por poñer remedio a tal situación (II). O trovador dille que a honra o feito de sentir pesar por el, mais engade que el non pode vivir se ela non fai máis nada ao respecto. A dama reitera que xa llo dixo previamente e que volverá a llo explicar: se el sofre por ela, sente que así sexa, mais non fará nada para o evitar (III), aínda que lle pese, e considera que é perverso que el lle solicite que faga algo máis (IV).

Estamos perante unha cantiga dialogada que, neste caso, temos de encadrar como pertencente ao xénero de amor, posto que é o namorado quen fala en primeiro lugar, tal e como establece a este respecto o capítulo cuarto da *Arte de Trovar* fragmentaria que inicia o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*:

E porque algúas cantigas i há en que falam eles e elas outrossi, per én é bem de entenderdes se som d'amor, se d'amigo: porque sabedes que, se eles falam na prim<eir>a cobra e elas na outra, <é d'>amor, porque se move a razon d'ele (como vos ante dissemos); e se elas falam na primeira cobra, é outrossi d'amigo; e se ambos falam en ùa cobra, outrossi é segundo qual deles fala na cobra primeiro (Tavani 2002: 41).

Porén, e como ten sido posto en relevo en numerosas ocasións, trátase dun principio bastante artificial xa que, neste tipo de composicións, é inevitábel que comparezan tanto características do xénero de amigo como do xénero de amor. Por outra parte, e en termos cuantitativos, no conxunto da poesía trobadoresca galego-portuguesa reexistamos unicamente cinco textos con estrutura dialóxica entre o namorado e a dama, mentres que o número se eleva a nove para as cantigas de amigo en que se desenvolve un diálogo entre a amiga e o amigo¹⁹.

Esta cantiga de Mafaldo está desprovista de elementos narrativos ou descritivos, construíndose, por tanto, en base ao paralelismo formal ou conceptual, nomeadamente as intervencións da muller, posto que nelas ademais se insire o estribillo dístico, de maneira que a escasa marxe de variación fica circunscrita ao verso que precede ao refrán e aos dous versos que compoñen a *finda*. Tales características condúcennos ao ámbito do xénero de amigo, se ben a parte do diálogo correspondente ao poeta-namorado tampouco introduce grandes mudanzas a respecto do xa exposto nos versos exordiais.

Como xa foi comentado na cantiga previa –e aparecerá de novo na seguinte–, a presente composición dialogada artículase en boa medida arredor da dualidade *ben / mal*, o *ben* que Deus lle outorgou á dama fronte ao *mal* que este ocasiona no poeta-namorado. Este proceso, de por parte, é referido nas palabras do home, que ocupan os tres primeiros versos de cada cobra, e que insisten nas virtudes da muller, como mostra o polisíndeto do verso 8, que provoca, aliás, unha gradación (*o vosso ben e vós*

¹⁹ Cantigas de amor estruturadas dialoxicamente (para alén da presente de Pero Mafaldo): Airas Moniz d'Asma, –*Mia senhor, vin-vos rogar* (B7); Joan Lobeira, –*Venh'eu a vós, mia senhor, por saber* (B 249); Joan García de Guilhade, –*Senhor, veedes-me morrer* (A 230/B 420/V 31-32); Estevan Faian, –*Vedes, senhor, quero-vos eu tal ben* (A240/B428/V40); Paai Gomez Charinho, –*[D]izen, senhor, ca dis[s]es por mí* (A249); Anónimo, –*[S]enhor fremosa, pois me vej' aqui* (A 277); Don Denis, –*En grave dia, senhor, que vos oi* (B 572/V 176); Martin Perez Alvin, –*Senhor fremosa, si veja prazer* (B1058/V648); Roi Martiinz do Casal, –*Dized', amigo, se prazer vejades* (B1161/V764); Fernand' Esquio, –*Que adubastes, amigo, ala en Lug'u andastes* (B1299/V903).

Cantigas de amigo constituídas por un diálogo: Don Denis, –*Amigo, queredes-vos ir?* (B 575-576/V 179); Don Denis, –*Dizede, por Deus, amigo* (B 577/V 180); Don Denis, –*Non poss'eu, meu amigo* (B578/V181); Meen Rodriguez Tenoiro, –*Amigo, pois mi dizedes* (B 717/V 318); Fernan Froiaz, –*Amigo, preguntar-vos-ei* (B 806/V 390); Vaasco Perez Pardal, –*Amigo, que cuidades a fazer* (B 820/V 405); Afons' Eanes do Coton, –*Ai meu amig'e meu lum'e meu ben* (B825/V411); Joan Airas, –*Meu amigo, quero-vos preguntar* (B 1016/V 606); Pero d'Armea, –*Amigo, mando-vos migo falar* (B 1207/V 812); Martin Padrozelos, –*Amig', avia queixume* (B 1240/V 845); Lourenço, –*Ir-vos queredes, amigo?* (B 1260/V 865).

e voss' amor), e que vai inmediatamente seguido do efecto que ese *ben* da muller ten no poeta: (*o ben e o amor*) *me dan gran mal, que non poden maior*. Esa consecuencia non é outra que a coita, expresada na composición sempre por medio do vocábulo *mal*, e neste caso ademais subliñada ou enxalzada a través da hiperbolización co uso da forma comparativa *maior*²⁰.

Ese ‘ben’ foille concedido á dama por Deus, tal e como fica explicitado no exordio, onde ademais se introduce un xogo diafórico ao repetir o vocábulo *Deus* nos versos 2-3, mais no segundo deles formando parte da fórmula *por Deus*, que pretende apelar á bondade da muller ao seu respecto: *que vos Deus deu, ven muito mal a mí; / por Deus, senhor, fazed’o melhor i* (vv. 2-3).

Examinadas as palabras do home, temos de nos deter agora nas da muller, que ocupan a segunda parte de cada cobra, e que non fan senón reiterar –a través de correspondencias de tipo paralelístico– o seu rexeitamento do namorado. Isto preséntase xa na primeira cobra, mais acada especial relevancia na segunda e terceira estrofas coa repetición en posición anafórica do adverbio *ja* –que denota iteración–, e que ademais no segundo caso (verso 16) vai seguindo dunha nova *gradatio* coa coordinación entre as formas verbais *dixi* e *direi*, en pretérito e futuro respectivamente, teimando na recusación da *senhor*, expresada nos dous versos do estribillo²¹, e na súa durabilidade: *se vos por mí, meu amigo, ven mal, / pesa-m’ende, mais non farei i al*.

Se analizamos a actitude da dama percibimos inmediatamente non só o seu total desprezo polo amigo, senón tamén a súa superioridade e poder sobre el, como corresponde á vasalaxe da metáfora feudal do amor cortés, mais que nen sempre é o habitual neste tipo de cantigas dialóxicas. Así, por veces, a dama presenta características máis propias do xénero de amigo, aparece unha dama máis inocente e inxenua, que mostra trazos máis condicentes coa “amiga” do que coa “senhor”, e que mesmo promete ser *mesurada* co namorado, como acontece na cantiga de Don Denis – *En grave dia, senhor, que vos oi* (B 572/V 176). O vocábulo *mesura* non aparece no presente texto mafaldiano, mais é realmente o que a voz masculina está a solicitar á feminina, pois “la dama que no se compadece del sufrimiento que causa al amante no observa la *mesura* que debiera” (Fidalgo 2008: 210). Aquí, con todo, podemos advertir un indicio de pena, de compaixón polo sufrimento que o amigo experimenta, como indica o

²⁰ Véxase a nota explicativa ao verso 9.

²¹ Repárese no homoteleuto do refrán –que se reproducirá do mesmo xeito na *fiinda*– coa equivalencia fónica da terminación dos vocábulos rimantes *mal* e *al*.

verbo *pesar* do refrán (*pesa-m'ende*), feito que el valora positivamente (verso 13), sen que iso supoña ningunha esperanza nin cambio positivo na súa situación.

Neste sentido, cómpre reparar na *fiinda*, que desde un punto de vista sintáctico continúa o sentido do refrán da última cobra, isto é, prodúcese un encabalgamento, en canto semanticamente existe tamén unha continuación no primeiro hemistiquio do verso 19, mais a seguir a *fiinda* acada un sentido conclusivo e terminante, aludindo a dama á súa consideración sobre a petición previa do namorado, que xulga ruín e cativa. Segismundo Spina (1983: 33-34) na súa edición do cancionero do noso autor opina o seguinte:

O primeiro verso da *fiinda* (v. 99) ofrece algunha dificultade de interpretación, pois fazer a mulher declarar que “ter pena do seu apaixonado é em si uma injustiça”, é entrar até certo ponto em choque com a afirmação do verso 93, em que o trovador diz ser um bem e até digno de louvor (*prez*) que a amada se condoa dele. Se ter pena faz parte da dignidade da mulher, não se compreende que ela cuide que *ter pena é uma injustiça* (Spina 1983: 33-34).

Nós non concordamos con esta explicación do estudioso brasileiro, pois tal actitude entronca perfectamente cos parámetros de conduta xerais da dama no xénero de amor, que non acepta o servizo amoroso do trovador e moito menos accede a lle outorgar o seu amor, ocasionando a coita do poeta, o seu mal, e a morte como consecuencia última.

Notas

4. Fronte a todos os anteriores editores, preferimos segmentar o artigo introdutor da cláusula relativa en función de O.D. para conferir naturalidade expresiva ao verso (vid. nota a VI.18).

8. A emenda editorial de Michaëlis non ten sentido nen xustificación ecdótica, tal como xa Nobiling indicou no seu momento (Nobiling 2007 [1908]: 256) e Spina confirmou na súa edición. Cf. contextos similares no corpus das cantigas de amor: *Senhor fremosa, quant'eu cofondi / o vosso sén e vós e voss'amor, / con sanha foi que ouve, mia senhor* (217.2); *E tod'este mal eu sofri / por vós e polo voss'amor* (539.7).

9. Nótese a hiperbolización da expresión intensificadora con *máis* (cf., por exemplo, *que non podía máis*, 400.14, 509.14), a través do uso da forma comparativa *maior*, que volve aparecer en Don Denis:

548 / 25,16 Den [B531/V134], v. 11:

ca viv'en tal cuidado
come quen sofredor
é de mal aficado
que non pode maior.

13. Ao longo do corpus o *ben* e o *prez* da dona aparecen frecuentemente unidos, constituíndo un par lexical presente tamén en Joan Lobeira (*Muitos que mi oen loar mia sen[h]or / e falar no seu ben e no seu prez / dizen eles que algũu ben me fez*, 231.2), en Martin Moxa (*pero sabede, se ren ei de prez / ou d'outro ben, por vós é, non por al*, 881.15) e, sobre todo, en Pero d'Armea: – *Porque sei que mi queredes [gran] ben, / falade migo, ca ben é e prez* (1223.14). Noutros contextos, o *ben* e o *prez* aparecen con outros atributos da *senhor* (cf. *Vós trouxestes o preit'assi / come quen non é sabedor / de ben nen de prez nen d'amor*, 600.9) ou, mesmo, do rei (*rei de bon sén, / rei de prez, rei de todo ben / éste*, 992.23). Isto condiciona a interpretación da secuencia <este>, proposta xa desde a primeira edición da cantiga. Neste sentido, é sistemática a inaxeitada representación de *éste* (neste caso en crase coa copulativa) como un falso latinismo *est* en todos os editores de Pero Mafaldo (vid. Ferreiro 2008b).

16. A expunción da vogal final de *dixi*, suxerida en Michaëlis e realizada en Spina e Littera, é produto dun preconceito que parte da existencia dunha “norma” hiática no encontro de dúas vogais –final e inicial– de dúas voces nos textos trobadorescos cando non se produce a crase. No entanto, a realidade dos textos líricos profanos mostra como a sinalefa nestes casos é relativamente frecuente agás cando o primeiro vocábulos é *que*, *ca*, *se* (condicional) ou *e* (vid. Cunha 1982; Arbor Aldea 2008; Ferreiro 2009, 2012b, 2013b).

19. A moi frecuente confusión gráfica <u>/<n> dos copistas nos apógrafos italianos, xunto co sistemático uso do pronome *eu* asociado a *cuido* (*cuid' eu*), obriga a emendar a lección de B, tal como todos os editores fixeron (na realidade, *cuid' én* só se rexistra nunha única ocasión, en rima, nunha cantiga de Don Denis (549.20):

que non querra que o bon sén
err'en min, mais dar-mi-á, **cuid'én**,
dela ben e bon galardón.

19-20. Os anteriores editores isolan sintacticamente a *fiinda* da derradeira estrofa, o cal leva consigo, pola aparente ausencia do necesario verbo, a modificación da lección <amigo> no v. 20 e a consideración de *de máis* como *demais* en Spina. Mais ao ligar a *fiinda* ao discurso anterior, como acontece en moitas outras cantigas, xunto coa puntuación axeitada, a lección de B tórnase transparente e correcta (vid. Ferreiro 2012a: 138-139). Así foi tamén considerado na versión das cantigas realizada polo proxecto Littera.

IV

Senhor do mui bon parecer,
maravilho-m'eu do gran mal
que mi fazedes por meu mal;
e quantos-lo ouven dizer,
senhor, ar maravilhan-s'én 5
de mi fazerdes sempre mal
e nunca mi fazerdes ben,

ca vos ouç'ende cousecer
de mi fazerdes tanto mal,
a muitos, a que é gran mal 10
en perder vosso conhocer
en min e non guaanhardes ren
de mi fazerdes [sempre mal
e nunca mi fazerdes ben].

E, mia senhor, quantos eu vi, 15
todos mi dizem que é mal
de mi fazerdes tanto mal;
e maravilhan-s'outrossi
se vo-lo conselhou alguen
de mi fazerdes [sempre mal 20
e nunca mi fazerdes ben].

Repertorios

D'Heur 334; Tavani 131, 7

Manuscritos

B 372, ff. 84v, col. b, 85r, col. a

Edicións

Michaëlis de Vasconcelos (1990 [1904]: 849); Spina (1983: 20); Littera [26-9-2013].

Edición paleográfica en Molteni (1880: 136-137) e semidiplomática en Machado & Machado (1950, II: 157-158).

Variantes manuscritas

8 vos ... cousecer] uos ... confeçer *B*.

Variantes editoriais

8 vos] vus *Michaëlis* 11 conhocer] conhecer *Spina* 16 mi] me *Spina*.

Métrica

Cantiga de amor, do tipo de refrán. A composición está constituída por tres cobras *unissonans* (agás a rima *a* da terceira estrofa, que é *singulars*) de cinco octosílabos agudos e refrán dístico da mesma medida e carácter, de maneira que a rima de todo o texto é longa ou masculina.

Artificios: cobras *capdenals* (I-III, v. 3: *que mi / de mi*; I-III, v. 4: *e*). Casos de *dobre* (I-III, v. 1: *senhor*) e *mordobre* (I-III, v. 3: *fazedes / fazerdes*). Temos de reparar na repetición literal que se produce nos versos 2 da segunda estrofa e 3 da terceira (*de mi fazerdes tanto mal*), para alén doutras correspondencias paralelísticas que veremos máis adiante, así como na reiteración da palabra rimante nos versos 2, 3 e 6 –que é, aliás, o primeiro verso do refrán– de cada cobra²². Nótese ademais que o vocábulo que se está a reiterar é *mal*, substantivo que Pero Mafaldo emprega de xeito maioritario para se referir á coita e que privilexia ou salienta recorrentemente en posición final de verso (véxanse as cantigas I e III).

Rítmica: agás o acento estrófico na oitava sílaba, os versos desta composición caracterízanse pola irregularidade acentual, a modo de expresión formal do mal, da coita de amor sufrida polo poeta. Con todo, nos versos da terceira estrofa a estabilidade é un pouco máis marcada, tendendo a recaer o acento na cuarta sílaba.

²² Esa repetición do mesmo vocábulo en posición de rima en dous versos sucesivos é o que algúns especialistas chaman ‘rima dobrada’ ou ‘rima pareada’ (Devoto 1995: 79). Porén, consideramos que se trata dunha denominación aplicábel a manifestacións poéticas de séculos posteriores.

Esquema métrico (véxase Tavani 1967, esquema 159:2):

	3	(8a	8b	8b	8a	8c	8B	8C)
I		er	al			en		
II								
III		i						

Este esquema só é empregado na presente composición e nunha outra de Roi Martiinz d’Ulveira, circunstancia que incide na singularidade desta combinación métrico-rimática.

Comentario

O trobador louva a beleza da *senhor*, e decláralle a súa sorpresa polo gran mal e sufrimento que ela lle provoca; e todos aqueles que o escoitan tamén se asombran do feito de a dama sempre lle facer mal e nunca ben (I), pois o poeta ouve como a critican por lle provocar tantos pesares; a moitos parécelles mal que non o teña en conta, posto que a *senhor* nada gaña facéndolle mal e nunca ben (II). E comunícalle á dama como todos opinan que é lamentábel que ela lle faga tanto mal, admirados tamén pola posibilidade de que alguén a aconsellase comportarse desa maneira, facéndolle sempre mal ao namorado e nunca ben (III).

Esta é a cuarta e última das composicións pertencentes ao xénero de amor do cancionero de Pero Mafaldo. Trátase, como nos casos anteriormente analizados, dun texto onde prima a iteración, ficando unhas marxes moi reducidas para a variación, o que condiciona, entre outros aspectos, o seu desenvolvemento —exento case por completo de narratividade— e o seu corpo léxico. Non teñen cabida, pois, nas cantigas até agora tratadas recursos como a *explicatio* e a *ratiocinatio*, cuxo uso se asocia habitualmente aos poetas máis cultos. Con todo, e á vista do comentado até ao momento, e en boa medida tamén dos textos que veremos a seguir, consideramos que o cancionero mafaldiano se caracteriza pola mestría no uso da *repetitio* e polo atinado tratamento de certos *topos* que se tornan absolutamente recorrentes nos seus versos.

A cantiga principia cunha apóstrofe á dama (*Senhor do mui bon parecer*) na cal se inclúe ademais a única referencia á súa beleza que aparece nestes versos²³, para, a

²³ Véxase a nota ao verso 1, na cal se recollen outras dúas cantigas do *corpus* trobadoresco galego-portugués con idéntica referencia á fermosura da muller. Remitimos tamén para a obra de D’Heur (1975: 274, 283), concretamente para a parte en que examina as apóstrofes da nosa poesía medieval, pois establece

seguir, introducir xa o motivo fundamental, o *mal* que a muller lle fai ao poeta-namorado e que provoca a súa coita. Entran en xogo inmediatamente uns elementos externos ao binomio trovador-dama, uns personaxes secundarios presentados de maneira confusa e imprecisa, xa que non aparecen caracterizados como amigos da voz poética masculina, como si acontece na cantiga I²⁴, senón por medio de vocábulos de carácter indefinido como *quantos* (vv. 4, 15), *muitos* (v. 10) ou *todos* (v. 16). En calquera caso, estes personaxes funcionan aquí como comprensivos espectadores dos sufrimentos do namorado²⁵: *E, mia senhor, quantos eu vi, / todos mi dizen que é mal / de mi fazerdes tanto mal* (vv. 15-17).

Desde un punto de vista estrutural e sintáctico, a segunda cobra representa unha sorte de ruptura no desenvolvemento do texto, e isto prodúcese a pesar de que depende sintacticamente da primeira (véxase a nota aos versos 7-8). Caracterízanse estes versos no seu conxunto pola tendencia ao hipérbato, figura que complica en boa medida a súa comprensión e interpretación semántica²⁶, e mostran tamén singularidades na disposición da *repetitio* a respecto das outras dúas estrofas: as correspondencias paralelísticas fican sobre todo relegadas á cobra inicial e á final²⁷, en especial aos versos 5-7 e 4-7 respectivamente, onde a voz poética transmite o asombro que esas persoas que coñecen a súa situación experimentan ao saber que a *senhor* sempre lle fai mal e nunca ben, chegándose mesmo a preguntar se alguén lle recomendou que actuase dese modo: *e maravilhan-s'outrossi / se vo-lo aconselhou alguen / de mi fazerdes [sempre mal / e nunca mi fazerdes ben]* (vv. 18-21).

Aínda a respecto da repetición, e en termos retóricos, resulta especialmente produtivo neste texto o uso do políptoto, a iteración de diversos verbos significativos no conxunto da cantiga como *fazer ben/mal* (*fazedes*, v. 3; *fazerdes*, vv. 6, 7, 9, 13, 14, 17,

unha comparación entre o *incipit* de Mafaldo e outro de Pero da Ponte (*Senhor do corpo delgado*, A 292/B 983/V 570), observando que “le complément précise l’allure physique de la dame, et joue en quelque sorte le rôle de génitif de qualité” (1975: 274).

²⁴ Lémbrese que nesta primeira cantiga os amigos do namorado funcionan como antagonistas e aconséllanlle que deixe de servir á dama, xa que esta o rexeita e lle provoca grandes padecementos.

²⁵ Remitimos para o indicado sobre estes versos no traballo de Mercedes Brea (1992: 170).

²⁶ Spina (1983: 21) indica igualmente a este respecto: “A segunda estrofe, porém, toda arrevezada na súa sintaxe, ofrece algunhas dificultades de interpretação [...]”.

²⁷ A pesar de que, como foi indicado no apartado “Artificios”, se produce unha repetición literal no segundo verso da segunda estrofa e terceiro da terceira, iteración que insiste no mal que a *senhor* provoca no trovador e no coñecemento de tal circunstancia por parte das testemuñas: *ca vos ouç’ende cousecer / de mi fazerdes tanto mal* (vv. 8-9); *todos mi dizen que é mal / de mi fazerdes tanto mal* (vv. 16-17).

20, 21) ou *maravilhar* (*maravillo-me*, v. 2; *maravilhan-s'én*, v. 5; *maravilhan-s'ou-trossi*, v. 18).

Temos de pór en evidencia, por outra parte, o xogo de antíteses que se establece entre os vocábulos rimantes do estribillo, *mal* e *ben*, un dos máis habituais nos xéneros amorosos da poesía profana galego-portuguesa, coadxuvados pola presenza dos adverbios temporais *sempre* e *nunca*, tamén en contraposición. Estas voces que aparecen en posición final de verso forman parte das perífrases *fazer mal* e *fazer ben*, que aquí están referidas, como xa fomos comentando, ao comportamento que a *senhor* ten a respecto do namorado e que sorprende a eses personaxes secundarios que comparecen no texto: o mal que a dama sempre lle fai ao poeta, o desdén e desprezo que lle dedica, fronte ao ben, face á medida que nunca lle mostra.

E, como xa foi dito previamente, *mal* é a palabra rimante máis habitual nas cantigas de amor de Pero Mafaldo, acadando no presente texto un protagonismo aínda maior, xa que non só aparece no refrán, mais tamén nos versos 2-3 de cada cobra, conformando así unha diáfara, ao se repetir dúas veces o mesmo vocábulo nun contexto monolóxico²⁸, cunha acumulación de sentidos e matices: o *mal* que a dama lle ofrece ao home, o *mal* como sinónimo de coita, o *mal* como opinión negativa que ás testemuñas lles merece a conduta da *senhor* etc.

En definitiva, esta última cantiga de amor de Pero Mafaldo cumpre un dos coñecidos axiomas da nosa poesía medieval, baseado na combinación e na dialéctica entre repetición e variación, presentándonos na primeira estrofa os motivos que, con leves modificacións, serán reiterados nas dúas seguintes.

Notas

1. O sintagma preposicional que cualifica a *senhor* aludindo á súa fermosura aparece literalmente noutros dous trobadores de diferentes períodos:

236 / 148,4 RoiQuei [A130/B251], v. 3:

Deste mundo outro ben non querria
 –por quantas coitas me Deus faz sofrer–
 que **mia senhor do mui bon parecer**
 que soubess'eu ben que entendia
 como oj'eu moir', ...

²⁸ Véxanse as explicacións sobre a 'diáfara' en Marchese & Forradellas (2007: 99).

1617 / 156,1 Vidal [B1606/V1139], v. 3:

Faz-m' agora por sí morrer
e traz-me mui coitado
mia senhor do bon parecer
e do cos ben-talhado.

4. A secuencia <s-l> (e <r-l>) en que está implicada a forma arcaica *lo(s)~la(s)* do pronome identificador (artigo ou pronome) no encontro con certos vocábulos acabados en -s (ou -r) debe ser lida como [l], independentemente de que a grafía do manuscrito presente a forma máis antiga. Neste caso, aparece implicada a forma pronominal relativa *quantos*, que, xunto con outras formas pronominais como *estes* (1607.20) *quaes* (1535.13) e *tres* (987.19), tamén poden presentar asimilación co identificador. Vid. nota a I.7.

Por outra banda, face á forma maioritaria *oir*, como evolución xeral de AUDIRE na lingua trobadoresca (vid. Ferreiro 1999: 334), a variante *ouvir* é de uso limitado no corpus profano (vid. 356.1, 384.17, 633.24, 764.15, 804.15, 968.4, 1055.9, 1233.12, 1322.13, 1346.22, 1361.3, 1522.4), tendo en conta que na P1 de presente indicativo (*ouço*) e en todo o presente subxuntivo (*ouça* etc.) só aparece a raíz *ouç-*.

7-8. O feito de a frase inicial da segunda estrofa ser unha cláusula causal dependente dunha principal da primeira estrofa, co verbo nuclear no v. 5, aconsella unha puntuación consecuenta e rigorosa que mostre a unión das dúas estrofas, cunha criteriosa representación visual da ligazón sintáctica interestrófica no discurso; isto é, non parece conveniente o sistemático corte sintáctico que se detecta en todas as edicións, que priorizan o isolamento visual das estrofas sobre a necesaria ligazón sintáctico-conceptual. Vid. tamén VI.7-8.

8. Fronte ao significado de ‘mirar, contemplar, considerar’ que *cousecer* presenta moi limitadamente na produción trobadoresca profana (vid. 639.15, 1282.1), en Pero Mafaldo e mais en todos os restantes contextos do corpus, esta forma derivada de *cousir* (cf. os pares *guarir* - *guarecer*, *escarnir* - *escarnecer* etc.) significa ‘reprender, censurar, criticar’ (vid. tamén 460.8, 867.24 e 25, 898.5). Vid. GLOSSA, s.v. *cousecer*.

10. Nótese o uso de *que* co valor de ‘quen’, moi frecuente na lingua trobadoresca galego-portuguesa.

11. Non ten ningunha xustificación a forma *conhecer* de Spina, que só se rexistra, fronte a *conhocer*, en 113.11 e 22 (Pero Velho de Taveiroos), xunto a *conhecedor* en 380.16 (Alfonso Sanchez).

12. *Guaanhar* é unha das variantes que este verbo (cf. tamén *gaanhar*, *gãar* ~ *gaar* e, nunha única ocasión, *gaanar*) presenta a partir do gótico *ganan* por cruzamento co xermánico *waidanjan* ‘gañar, colleitar’.

V

Ai amiga, sempr'avedes sabor
de me rogardes por meu amigo
que lhi faça ben, e ben vos digo
que me pesa; mais ja por voss'amor
farei-lh'eu ben, mais de pran non farei 5
quant'el quiser, pero ben lhi farei.

Vós me rogastes mui de coraçon
que lhe fezesse ben algũa vez,
ca me seria mesura [e] bon prez;
e eu por vos[s]o rogo, e por al non, 10
farei-lh'eu ben, [mais de pran non farei
quant'el quiser, pero ben lhi farei].

Rogastes-mi, amiga, per bõa fe,
que lhi fezesse toda via ben
por vós, e, pois vós queredes, conven 15
que o faça; mais, e pois que assi é,
farei-lh'eu [ben, mais de pran non farei
quant'el quiser, pero ben lhi farei].

Repertorios

D'Heur 335; Tavani 131, 1

Manuscritos

B 373, f. 85r, col. a

Edicións

Michaëlis de Vasconcelos (1990 [1904]: 850); Nunes (1973 [1928]: 457); Spina (1983: 27); Cohen (2003: 534); Littera [26-9-2013].

Edición paleográfica en Molteni (1880: 137) e semidiplomática en Machado & Machado (1950, II: 158). A cantiga foi incorporada ás antoloxías de Spina (1972: 353), Ferreiro & Martínez Pereiro (1996a: 210) e Arias Freixedo (2003: 787-788).

Variantes manuscritas

3 vos] uos *B* 10 por al] poz al *B* 13 bõa] bona *B*.

Variantes editoriais

3 vos] vos *Michaëlis* 8 lhe] lhi *Cohen* 9 mesura] mesur(a) *Michaëlis* 10 eu] (eu) *Michaëlis*, *om. Nunes*; rogo] rog(o) *Spina* 14 fezesse] fizesse *Spina* 16 e] *om. Michaëlis, Nunes, Spina, Cohen, Littera*.

Métrica

Cantiga de amigo, do tipo de refrán. O texto consta de tres cobras *singulares* de catro versos decasílabos, cun refrán de dous versos monorrimos, ambos decasílabos agudos. Repárese que na primeira estrofa o segundo e o terceiro verso son eneasílabos graves. Así, a alternancia de versos agudos e graves lévanos a falar da presenza de rimas mesturadas, femininas ou breves (vv. 2-3 da primeira cobra) e masculinas ou longas (nos restantes versos da composición).

Artificios: cobras *capfinidas* (II, v. 4: *rogo* e III, v. 1: *Rogastes-mi*) e cobras *capdenals* (II-III, v. 2: *que lhe / que lhi*; I-III, v. 4: *que*). Como é habitual no cancionero de Pero Mafaldo, tamén nesta composición se constata a repetición de vocábulos rimañtes, que neste caso se sitúa nos dous versos do refrán (*farei*).

Rítmica: para alén do acento estrófico, hai unha tendencia para o acento primario de cada verso recaer na cuarta sílaba, aínda que neste caso a regularidade é menor do que acontece noutras cantigas do noso trovador –como nas composicións I, II ou III–, desprazándose aquí por veces para a terceira sílaba.

Esquema métrico (véxase Tavani 1967, esquema 160:283):

	3	(10a	9'b	9'b	10a	10C	10C)
I		or	igo			ei	
		(10a	10b	10b	10a	10C	10C)
II		on	ez			ei	
III		ε	εn				

Véxase o indicado para a cantiga II.

Comentario

A rapariga diríxese á súa amiga e quéixase porque ela sempre lle pide que lle faga ben ao amigo, e isto pésalle, mais decláralle que, pola estima que lle ten a ela, faralle ben, mais certamente non fará todo canto el quixer, aínda que si lle fará ben (I). A amiga rogoulle que lle fixese ben ao seu amigo algunha vez, posto que con iso mostraría xenerosidade, mérito e valor, e a rapaza, debido ao rogo da súa amiga, e non por outra cousa, concederalle ben, mais non fará todo o que el quixer (II). A amiga solicitoulle que por favor lle fixese ben por ela e, posto que ese é o seu desexo, é conveniente que o faga, e, aínda que non lle outorgará canto el quixer, si lle fará ben (III).

Se por algo se caracteriza a presente cantiga de amigo é polo recurso ao paralelismo, expresión formal da persistente incidencia nos mesmos motivos –nomeadamente no xogo polisémico establecido en base á expresión *fazer ben*–, así como tamén pola presenza dunha amiga confidente, a quen se dirixe a voz poética feminina, e que ademais desenvolve o papel de intermediaria a favor do amigo²⁹. A respecto do primeiro dos elementos, e aínda que se trata dun fenómeno recorrente na poesía de Pero Mafaldo –como xa vimos nas catro cantigas de amor previas–, neste caso estamos perante unha composición de amigo, cuxo modelo canónico a nivel formal e de contido, está determinado en maior medida pola *repetitio*:

A limitación dos campos semánticos da cantiga de amigo ocasiona que as redes lexicais utilizadas polos poetas sexan reducidas e determina, en boa medida, que a repetición se constituía nun dos procedementos comúns do trobar galego-portugués, que vai manifestar a través del unha das súas intencións retóricas máis características. Non se trata dun mero tecnicismo verbal adoptado de xeito impersonal, senón dunha figura que logra un equilibrio entre o uso retórico e o lirismo transmitido; o xogo deliberado de repeticións permite insistir no contido semántico do texto, acentuando determinadas combinacións léxicas que se convirten no centro do poema (Lorenzo Gradín 1994: 79).

E así é como se manifesta neste texto, posto que as tres cobras inciden nos mesmos motivos: a grandes trazos podemos afirmar que os tres primeiros versos de cada estrofa transmiten o que a amiga-confidente lle está a solicitar ao suxeito lírico, que

²⁹ Esta composición foi comentada nos seus aspectos fundamentais na *Antoloxía da lírica galego-portuguesa* de Arias Freixedo (2003: 787-788).

sexa benevolente co seu amigo e lle conceda o seu ben, mentres que os tres últimos —que inclúen o refrán dístico—, refiren a decisión da moza de lle facer ben ao amigo, cumprindo así a petición da confidente debido ao afecto e aprezo que lle ten, mais esclarecendo que haberá certas limitacións, que non será o “ben” que el pretenda senón o que ela permita, como indica o estribillo (vv. 5-6 de cada cobra).

Como xa dixemos, esta continua iteración fica reflectida no texto a través de correspondencias paralelísticas, maioritariamente de tipo semántico ou conceptual³⁰, combinado con outros artificios como a anáfora (véxanse os versos 3, 4, 8, 14 e 16, todos eles iniciados pola partícula *que*) ou o políptoto aplicado aos verbos *rogar* (*rogardes*, v. 2; *rogastes*, v. 7; *Rogastes-mi*, v. 13) e *fazer* (*faça*, v. 3; *fezesse*, v. 8, 14; *faça*, v. 16; *farei*, vv. 5, 6, 11, 12, 17, 18), que en todos os casos forma parte da expresión polisémica *fazer ben*, na cal se basea esta composición de Pero Mafaldo³¹.

“O *fazer ben* poético era o calco do *fazer ben* feudal, que consistía no deber que tiña a nobreza de protexer todos aqueles situados nun nivel social inferior [...]. Foi, sen dúbida, o carácter ambivalente do *fazer ben* o que determinou a súa utilidade poética” (Brea & Lorenzo Gradín 1998: 103-104). Aquí o duplo valor semántico do sintagma acada unha especial transcendencia, posto que se explicita a diversa concepción que teñen da relación amorosa a amiga e o amigo —que coñecemos grazas aos rogos da confidente e intermediaria—, establecéndose no refrán unha oposición entre “o *fazer ben* que a muller concede por *mesura e prez* e aquel que pretende obte-lo namorado” (Brea & Lorenzo Gradín 1998: 105), sendo sempre o primeiro inferior en intensidade ao pedido ou ambicionado polo home: *farei-lh’eu ben, mais de pran non farei / quant’el quiser, pero ben lhi farei*.

Aínda sobre o estribillo, observamos que este é o lugar escolleito para introducir a reduplicación da información, como aliás acontece en moitas das composicións da nosa poesía trobadoresca, acadándose así un ton asertivo, que dalgún xeito ratifica os motivos ou temáticas nucleares da cantiga. Nestes versos, e aínda dentro da repetición, entramos no ámbito da *traductio*³², isto é, a reiteración no texto dun mesmo sig-

³⁰ A respecto do paralelismo e as súas circunstancias e tipoloxías remitimos para o xa clásico e meritorio estudo de Asensio (1970), especialmente para o capítulo “La poética del paralelismo” (pp. 69-119).

³¹ Lembremos que se trata dunha expresión moi recorrente nas cantigas de amor e tamén nas de amigo, e constitúe, de por parte, unha constante na produción poética do noso trobador, como xa puidemos comprobar nas cantigas previamente analizadas.

³² Véxase Lausberg (2003: 129).

nificante con diferentes significados, que ademais aquí está unido á diáfora³³, xa que o *ben* vai cargándose dos matices que, neste caso, amplían o contexto inicial, a pesar de que nunca se chega a precisar en que consiste exactamente ese “ben”, circunstancia común a toda a poesía trobadoresca galego-portuguesa:

Ai amiga, sempr’avedes sabor
de me rogades por meu amigo
que lhi faça **ben**, e **ben** vos digo
que me pesa; mais ja por voss’amor
farei-lh’eu ben, mais de pran non farei
quant’el quiser, pero ben lhi farei. (vv. 1-6)³⁴

De por parte, tamén no refrán se produce unha clara e evidente iteración da forma verbal *farei*, que fai parte da propia expresión *fazer ben*. Así, e para alén do uso como palabra rimante nos dous versos que conforman o estribillo –como xa ficou dito no apartado dedicado aos “Artificios”–, desenvólvese no primeiro deles unha epanadiplose, coa repetición de *farei* ao comezo e ao final do período (*farei-lh’eu ben, mais de pran non farei*). A insistencia nestes vocábulos (*farei* e *ben*) nun contexto tan reducido como o do retrouso, ten como resultado a aliteración, que, ademais, crea un efecto rítmico.

E como acontece en boa parte das cantigas de amigo presentadas en forma de monólogo feminino, temos aquí a presenza da figura da amiga-confidente, que ademais intercede polos intereses do amigo, chegando isto mesmo a provocar o descontentamento do suxeito poético (*e ben vos digo / que me pesa*, vv. 3-4), quen, con todo, acaba por acceder, aínda que con restricións, ao que lle insta a súa confidente, que non é outra cousa que *fazer ben* ao amigo, debido a estima que a ela lle ten e porque tal comportamento é indicativo da súa *mesura [e] bon prez* (v. 9).

Notas

4-5. Ao longo do corpus trobadoresco profano pódense achar pasaxes en que existe unha evidente acumulación de expresións adverbiais (vid., por exemplo, 25.3-5,

³³ Sobre estes aspectos véxase o traballo de Pilar Lorenzo Gradín titulado “Repetitio trobadorica” (1994), fundamentalmente o apartado dedicado á *transductio* (pp. 103-104).

³⁴ Marcamos en negra as iteracións de *ben* nesta primeira estrofa, que chega a aparecer até en dez ocasións nos dezaioito versos de que consta o texto.

con reiteración das locucións adverbiais afirmativas *a poder, de pran e per bõa fe*) ou de nexos conxuntivos do mesmo tipo. Neste contexto mafaldiano, a adversativa *mais* aparece coa mesma reiteración que se detecta noutros textos trobadorescos, moi especialmente nas cantigas de amor:

59 / 151,15 VaFdZSend [B86], vv. 15-17:

Mais pero non ei eu razon
de me por ende a vós queixar,
mais a min que mi-a foi buscar.

80 / 78,21 JSrzSom [A14/B107], vv. 19-20:

mais de vós nunca o cuidei
aver, senhor, **mais** ave-l'-ei,
mentr'eu viver, a desexar.

186 / 125,23 PGarBu [B200], vv. 3-4:

por ùa dona; **mais** non vos direi
seu nome, **mais** tanto vos direi én: / ...

207 / 125,30 PGarBu [B223], vv. 25-27:

Mais, mal pecado, non ei én poder
e non lhi poss'outra guerra fazer;
mais por torpe tenh'eu quen per El fia!

235 / 148,10 RoiQuei [A129/B250], vv. 22-25:

Mais a que sazón que m'eu acordei
quando a non posso per ren veer
nen quando non poss'i conselh'aver!
Mais eu, cativo, e que receei?

250 / 148,15 RoiQuei [B265], vv. 9-10:

assanhou-s'el, **mais** de pran ben cuidou
que me matava; **mais**, a meu cuidar,
se soubess'el quan pouc'eu daria
[por sa sanha, non s'assanharia].

290 / 75,7 JPrzAv [A183], vv. 8-10:

Mais non o saben nen lhe-lo direi,
enquant'eu viva, ja per neun sén;
mais calar-m'-ei con quanto mal me ven
e sempr'assi mia coita sofrerei.

412 / 114,16 PaiGmzCha [A253], vv. 21-23:

mais eu, que me faço conselhador
d'outros, devera pera min prender
tal conselho, **mais** foron-mi-o tolher.

423 / 50,3 FerVelh [A264/B441/V53], vv. 19-21:

mais esso pouco que eu vivo for,
pois assi é, no'me quero queixar
deles; **mais** el seja seu traedor
se me non mata, ...

502 / 25,57 Den [B504/V87], vv. 7-10:

Mais, tanto que me d'ant'ela quitei,
do que ante cuidava me nembrei,
que nulha cousa ende non minguei;
mais quand'er quis tornar po-la veer
a lho dizer, ...

528 / 25,103 Den [B520^a/V113/T7], vv. 3-4, 15-16:

e querra; **mais** non vos direi eu qual
é a molher, **mais** tanto vos direi: / ...

...

mal e querra; **mais** non direi quen é,
mais pero tanto vos quero dizer: / ...

568 / 25,83 Den [B551/V154], vv. 13-14:

Sempre vos desto bon grado darei,
mais eu minguei en loor e en prez
como Deus quis; **mais** assi passei,
praza-vos, senhor, por qual vos El fez.

593 / 25,13 Den [B575-576/V179], vv. 12-14, 17-19:

mais morte m'é de m'alongar
de vós e ir-m'alhur morar,
mais pois é-vos ãa vez ja.

...

mais, pois u vós fordes non for,
o que morrerá eu serei;
mais quer'eu ant'o meu passar

ca assi do voss'aventurar,
ca eu sen vós de morrer ei.

722 / 60,10 GoEaVinh [B707/V308], vv. 14-15, 18-22:

..., e nunca el maior
pesar oio, **mais** non pôd'al fazer;
mais esso pouco que el vivo for
farei-vo-lh'eu o que m'el faz sentir.

...

E sabe Deus o pesar que end'ei,
mais non se pode de mui gran pesar
guardar seno[n] que[n] x'end'el quer guardar;
mais sempre m'eu d'atal preito guardei
o máis que pud'e non ouv'i sabor;
mais el me mata porque quer morrer
por mí de pran e, do que m'é peor,
non pod'én ja o coraçon quitar.

9. A enumeración das cualidades da *senhor* (a *mesura* e o *bon prez* neste caso) esixen a copulativa como elemento de ligazón sintáctica, impondo unha sinalefa *mesura_e*. Nótese tamén como a *mesura* e o *bon prez* (cf. tamén II.2) aparecen nas enumeracións desas cualidades en contextos similares noutras cantigas de amor:

631 / 33,1 EstFdZElv [B615^{bis}/V217], v. 8:

E non vos pes, senhor, pois vos Deus deu
per-mesura e bondad'e bon prez.

889 / 94,6 MartMo [B897/V482], vv. 4-5:

Ben poss'Amor e seu mal endurar,
tant'é o ben que de mia senhor ei
sol en cuidar no ben que dela sei,
ca sa **mesur'e seu mui bon falar**
e seu bon sén e seu bon parecer
tod'é meu ben; ...

Neste sentido, resultaría artificioso considerar unha lección *ca me seria misura bon prez*, en que *mesura* fose o suxeito e *bon prez* o atributo, como suxire Rip Cohen

nun longo excursu: “Taking *mesura* as subject and *bon prez* as predicate, we could render the manuscript version [...] off vv. 7-9 as follows: “You asked me eagerly to do him good some time, saying compassion would be honorable.” To show *mesura* would be *bon prez* according to the logic of the boy (whose *rogo* the girlfriend is always [v. 2] delivering to the girl, asking *que lhi faça ben*). Those who would maintain both the reading of the MSS and the sense Michaëlis gives the passage could merely add a comma: *ca me seria misura, bon prez*” (Cohen 2003: 534, n. 2).

10. Tanto a expunción de *eu* (Michaëlis, Nunes) como a supresión da vogal final de *rogo* (Spina) son emendas absolutamente desnecesarias por canto a sinalefa *rogo_e* permite a contaxe decasilábica do verso.

Por outra parte, a puntuación de Spina, con punto e vírgula no final do verso, é certamente anómala, pois introduce unha forte pausa que afasta sintacticamente *e eu por vos[s]o rogo* (v. 10) e mais *farei-lh’eu ben* (v. 11).

13. Para a forma <bona> de B, con -n- a desenvolver graficamente a nasalidade de /õ/, vid. nota a II.4.

16. Todos os editores expunxiron a copulativa na cláusula causal, mais a súa presenza, aínda que ten un certo valor expletivo, resulta pertinente no contexto e non impide a correcta medida decasilábica pola posibilidade da sinalefa *assi_é* (vid. a mesma sinalefa en 110.6, nunha cantiga de Nun’ Eanes Cerzeo).

VI

Vej'eu as gentes andar revolvendo
e mudando aginha os corações
do que poen antre sí as nações;
e ja m'eu aquesto vou aprendendo
e ora cedo máis aprenderei: 5
a quen poser preito mentir-lho-ei,
e as[s]i irei melhor guarecendo,

ca vej'eu ir melhor ao mentireiro
ca o que diz verdade ao seu amigo;
e por aquesto o jur'e o digo 10
que ja máis nunca seja verdadeiro,
mais mentirei e firmarei log'al,
[e] a quen quero ben querrei-lhe mal,
e as[s]i guar[r]ei come cavaleiro.

Pois que meu prez nen mia onra non crece 15
porque me quigi teer à verdade,
vede-lo que farei, par car[i]dade,
pois que vej'o que m'as[s]i acaece:
mentirei ao amigo e ao senhor,
e pojará meu prez e meu valor 20
con mentira, pois con verdade dece.

Repertorios

D'Heur 336; Tavani 131, 9

Manuscritos

B 374, f. 85r, col. b

Edicións

Michaëlis de Vasconcelos (1990 [1904]: 851-852); Lapa (1970 [1965]: 588); Spina (1983: 44-45); Beltrán (1993: 28-29); Lopes (2002: 431); Littera [26-9-2013].

Edición paleográfica en Molteni (1880: 137) e semidiplomática en Machado & Machado (1950, II: 159). Aparece recollida nas antoloxías de Nemésio (1950: 57), Nunes (1959 [1921]: 411-412), Oliveira & Machado (1969: 148-149), Fonseca (1971: 55), Landeira Yrago (1975: 210), Torres (1977: 347), Tavares & Miranda (1987: 16), Ferreira (1988: 101-102), Ferreira (1991: 147-148), Jensen (1992: 332-333), Ferreiro & Martínez Pereiro (1996b: 212) e Magalhães (2007: 57).

Variantes manuscritas

1 Vej'eu] Deieu *B* 2 corações] coracoõs *B* 3 antre si as nações] auirefy ay natoes *B* 5 e ora ... aprenderei] Cora ... appenderey *B* 6 mentir] mentri *B* 10 digo] dīgo 14 e as[s]i] Cafy *B* 15 prez ... onra] p's ... outra *B* 21 mentira] mētiza *B*.

Variantes editoriais

2 aginha] aginh(a) *Michaëlis* 3 poen] pōen *Lapa, Lopes*, pōem *Littera*; as nações] a jurações *Michaëlis, Spina*, aos varões *Beltrán*, os varões *Lopes, Littera* 7 as[s]i] asy *Beltrán* 9 ca o] c'ao *Michaëlis, Lapa, Spina, Lopes* 13 [e] a quen quero] a quen quero o[ge] *Michaëlis, Spina*, a quen quero [i] *Lapa* 14 e as[s]i] ca asy *Beltrán*; come] como *Michaëlis* 16 teer] tēer *Michaëlis, Spina*; à] a *Beltran* 17 vede-lo] vêde lo *Lopes, Littera* 18 vej'o] vejo *Michaëlis, Spina*, veyo *Beltrán*; as[s]i] asy *Beltrán* 19 amigo] amig(o) *Michaëlis*, amig' *Spina* 20 pojará] poiará *Michaëlis, Lapa, Spina, Beltrán, Lopes, Littera*.

Métrica

Cantiga moral, do tipo de mestría. Consta de tres cobras *singulares* de sete deca-sílabos, sendo o quinto e o sexto agudos e os catro restantes graves. Esta alternancia lévanos a falar da presenza de rimas mesturadas, femininas ou breves (vv. 1, 2, 3, 4 e 7) e masculinas ou longas (vv. 5 e 6).

Artifícios: cobras *capfinidas* (I, v. 7: *irei* e II, v. 1: *ir*) e cobras *capdenals* (I-II, v. 1: *Vej'eu* / *ca vej'eu*; I-II, v. 4: *e ja* / *que ja*; II-III, v. 5: *mais mentirei* / *mentirei*; I-II,

v. 6: *a quen / [e] a quen*; I-II, v. 7: *e as[s]i*). Véxase o mordobre do último verso das estrofas I e II (*guarecendo / guarrei*) e os casos de rima derivada (I, v. 4: *aprendendo* e v. 5: *aprenderei*; I, v. 6: *mentir-lho-ei* e II, v. 1: *mentireiro*; II, v. 4: *verdadeiro* e III, v. 2: *verdade*).

Rítmica: aínda que se detecta unha tendencia para o acento recaer na cuarta sílaba de cada verso, como é habitual nos decasílabos, a regularidade rítmica non é en absoluto clara, aparente expresión formal do desasosiego e indignación pola situación relatada no texto.

Esquema métrico (véxase Tavani 1967, esquema 161:203):

	3	(10'a	10'b	10'b	10'a	10c	10c	10'a)
I		endo	ões			ei		
II		eiro	igo			al		
III		ece	ade			or		

Este é un dos esquemas estróficos máis recorrentes dentro do corpus da lírica trobadoresca galego-portuguesa, xa que é empregado nun total de 297 cantigas. De todos os modos, e de termos en conta a alternancia entre versos agudos e graves que vimos de comentar, reflectido polo esquema métrico anterior, o número de composicións que presentan idéntica distribución fica reducido a dezasete.

Comentario

As xentes e as nacións viven nun momento de confusión e de mudanza; deste período crítico despréndese, para o trobador, que parece máis rendíbel non cumprir a palabra dada, e así el propio obterá proveito (I), porque observa como ao mentiroso lle van mellor as cousas do que a aquel que di a verdade aos seus amigos; e por isto xura e afirma que nunca máis dirá a verdade, senón que mentirá e despois afirmará outra cousa, e a quen quere ben quererá mal, e así tirará proveito como cabaleiro (II). E xa que non viu aumentar o seu valor e a súa honra cando era fiel á verdade, explica o que fará a partir dese momento: mentirá aos seus amigos e ao seu señor, e, dese modo, logrará aumentar a súa honra e grandeza coa mentira, xa que decrecen coa verdade (III).

Probabelmente sexa esta a cantiga máis (re)coñecida e unha das que mostran maior mestría no cancionero do trobador Pero Mafaldo. Trátase dun texto de teor moral, e que por tanto forma parte do xénero de escarnio e mal dizer, aínda que este grupo de

cantigas que teñen como temática central a perda de valores do presente posúen unha serie de características que as singularizan no conxunto do xénero e que dificultan a súa clasificación e mesmo a propia denominación. Non é a nosa intención desenvolver un estudo pormenorizado destes asuntos, pois non é o obxectivo nin a finalidade da nosa análise e excedería, aliás, as pretensións deste traballo, mais consideramos necesario, con todo, facermos referencia cando menos á denominación –aínda que brevemente– para dalgún xeito xustificar a nosa escolla.

A maior parte dos estudiosos da poesía medieval galego-portuguesa optan por incluír estas cantigas³⁵ baixo a denominación “sirventés moral” ou “sátira moral”. “Sirventés”, que é a empregada para as composicións satíricas occitanas, rexístrase na nosa poesía trobadoresca nunha única ocasión, e xustamente na tenzón que o xograr occitano Picandon mantén con Joan Soarez Coelho (V 1021), mentres que “sátira” é na realidade un xénero literario e non unha tipoloxía textual. Á vista disto, nós, e seguindo a proposta de Ron Fernández –para cuxa detallada e xustificada explicación remitimos (Ron Fernández 1997: 13)–, optamos pola denominación “cantigas morais”.

Voltando ao texto de Mafaldo, e a respecto dos motivos nel tratados, é obvio que os seus versos, tal e como explicita a paráfrase previa, tratan o tópico do *mundo às avessas*, a falsidade, o triunfo dos falsos e mentirosos sobre os verdadeiros, desprezando esa circunstancia negativa do mundo presente. Alén disto, permítese o noso trobador introducir na última cobra, como veremos, unha sarcástica consideración sobre a invalidez, naquela altura, do *prez* e da *onra*, cualidades de suma relevancia na sociedade feudal.

O tópico do *mundo às avessas*³⁶, máis habitual na tradición provenzal do que na galego-portuguesa, e cuxo máximo representante na nosa lírica é o trobador Martin Moxa, vén dado neste texto pola intención do eu poético de actuar mal, de incorrer na mentira, posto que ve como os mentireiros progresan mentres que os honestos e íntegros descendén na consideración social. No entanto, esta composición mafaldiana presenta varias peculiaridades en relación a outras cantigas morais que tamén tratan o mesmo tópico, posto que non se desenvolve o louvor do tempo pasado como un tem-

³⁵ Outra cuestión relevante é a delimitación do subgrupo de composicións que podemos considerar como cantigas morais na poesía trobadoresca galego-portuguesa, e que oscilan entre catorce e dezaioito segundo os criterios empregados polos diversos investigadores. Remitimos, a este respecto, para Tavani (1967), Videira Lopes (1994: 133) e Ron Fernández (1997: 1362-1363).

³⁶ Sobre este tópico véxanse as consideracións de Segismundo Spina (1966: 163-176).

po mellor do que o presente, ademais de o motivo ser aplicado neste caso ao mundo feudal, aos pactos entre cabaleiros (v. 14) e á relación co señor (v. 19).

Desde un punto de vista estrutural, e como adoita acontecer nesta tipoloxía de textos de carácter moral, a primeira cobra ten un carácter narrativo, coa exposición dos motivos que serán despois reiterados e glosados nas outras dúas. Vemos como xa no *incipit* aparece o vocábulo *gentes* (vid. tamén *nações* no v. 3), que alude á colectividade, á sociedade en que se inscribe á voz poética, e que, na súa opinión está desorientada, confusa, e en proceso de mudanza dos valores que previamente existían (vv. 1-3). A seguir, nos versos 4 e 5, exprésase a toma de conciencia desa realidade por parte do trobador, como evidencian as rimas derivadas de ambos (*aprendendo, aprenderei*), que preanuncian unha fonda e inminente variación no seu modo de se comportar: comezará a usar a mentira e a tirar proveito de tal feito (vv. 6-7).

Esta distribución dos contidos a nivel estrófico reitérase, a grandes trazos, nas outras dúas. Así, a segunda, que aliás está ligada sintacticamente á previa (véxase a nota aos versos 7-8), insiste na oposición entre aquelas persoas que empregan a mentira e aquelas outras que fan uso da verdade, saíndo sempre beneficiadas as primeiras, situación que provoca o anuncio dun cambio de actitude no suxeito lírico, que comezará tamén a mentir.

Por fin, a última agrupación estrófica posúe un carácter máis sintético e directo, “coa burloa pero amarga constatación –no límite entre a sátira de costumes e a autoburla ó modo do “mundo ao revés”– de que prez e valor xa só se poden basear na mentira” (Lanciani & Tavani 1995: 139); de aí que manifeste que mentirá ao *amigo* e ao *senhor*, rompendo así por completo os códigos de honra e lealdade que unha persoa debía cumprir no contexto feudal: *mentirei ao amigo e ao senhor, / e pojará meu prez e meu valor / con mentira, pois con verdade dece* (vv. 18-20). É tamén nesta cobra (v. 17) onde aparece a función narrativa, unha chamada ao(s) destinatario(s) da cantiga: *vede-lo que farei*.

O texto está, pois, baseado na antítese *verdade* fronte a *mentira*, vocábulos que ademais son privilexiados e resaltados como rimas derivadas (*mentir-lho-ei*, v. 6 e *mentireiro*, v. 8; *verdadeiro*, v. 11 e *verdade*, v. 16) ou en encabalgamento (*e pojará meu prez e meu valor / con mentira*, vv. 20-21). Mais dalgunha maneira esa antítese esténdese igualmente ao plano temporal, o mundo presente en confrontación cos tempos vindeiros, oposición que podemos observar claramente nas formas verbais do texto (os presentes *vej’eu, diz, juro, digo* etc, fronte a outras que transmiten futuridade

como *aprenderei, mentir-lho-ei, quereirei-lhe, farei* etc.), sentido que fica sintetizado no verso 9, reforzado tamén pola negación: *[e] a quen quero ben quereirei-lhe mal*. Tamén aparece un tempo verbal en pretérito no verso 16 (*porque me quigi teer à verdade*), mais só para reafirmar o compromiso que o eu lírico mantivo coa verdade, que provén do pasado e se prolongou até o momento presente, en que se produce a mudanza de comportamento.

Nesta liña, temos de reparar en *vej'eu*, que aparece no primeiro verso da primeira e segunda estrofas, e relacionados ademais polo artificio das cobras *capdenals*. Este verbo en P1 dá conta do coñecemento que o eu poético posúe da realidade que nos relata, e que dalgún modo está en contraposición coas *gentes*, ese substantivo en plural que abrangue a colectividade, o groso da sociedade, suxeito do comportamento reprobábel da mentira, aínda que el tamén acabe optando por mudar o seu proceder en favor dela, o que fará que a súa honra e valor medren (v. 19-20).

Todas estas antíteses, segundo indica Ron Fernández (1997: 1352), “revisten unha funcionalidade lírica e soen levar a unha constatación axiomática que serve de aseveración discursiva e de reflexión de tipo moral e, ás veces, de peche discursivo da cantiga”, como podemos comprobar nos versos finais deste texto: *e pojará meu prez e meu valor / con mentira, pois con verdade dece*.

En termos de intertextualidade, a respecto deste texto Scholberg (1971: 124) afirmou que “la tónica de indignación, revestida de ironía tajante, hace pensar en la de Cerverí de Girona”. Como indica Beltran (2005: 273), Scholberg descoñecía na altura o feito de Pero Mafaldo ter frecuentado a corte de Xaime I, lugar onde puido ter entrado en contacto con Cerverí, ou iso é o que nos fan considerar as semellanzas entre a presente cantiga e o texto *Hom no pot far sirventes mas sirven*³⁷ do devandito poeta:

[...] creo razonable suponer que esta composición se puede atribuir a los mismos hechos y a los mismos intereses que motivaron el sirventés de Cerverí y, más concretamente, a los nobles (y las milicias de las ciudades) que, ante la prohibición de Jaime I, desatendieron la convocatoria del infante Pedro para que le acompañaran a Tolosa. Y quién sabe si se dirigía también contra los barones del Pirineo, vinculados al infante por el pacto de 1269. Éste pudiera ser el motivo de que ambos usen el mismo recurso retórico, el tópico del mundo al revés, más vinculado a estos problemas en la lírica provenzal que en la galai-co-portuguesa (Beltran 2005: 275).

³⁷ Remitimos á edición deste texto de Cerverí de Girona realizada por Vicenç Beltran e incluída no seu artigo “L’infant Pere, Cerverí de Girona i Pero Mafaldo” (1994).

Máis un exemplo, en definitiva, da intercomunicación e do fecundo diálogo poético entre trobadores e escolas trobadorescas no ámbito da Península Ibérica.

Notas

1. Para alén de confusións banais por frecuentes, no texto da cantiga –só transmitido por B– existen numerosos erros de copia, nun número moi superior ao detectado noutros poemas de Pero Mafaldo. Xa no propio inicio da composición se percibe a confusión <D>/<U>~<V>, que tamén aparece na mesma posición en B noutros textos (vid. Vi 113.1 <Dy> B; Vós 1247.19 <Dos> B, <Vos> V).

Por outra parte, a aparición de *revolver* en Pero Mafaldo constitúe unha das escasas documentacións deste verbo na lírica trobadoresca, cal corresponde a unha formación romance sobre a base *volver*. Nas ocorrencias no corpus profano galego-portugués, *revolver* presenta, en xeral, o significado de ‘follear’ (1560.2), ‘remexer’ (1490.19, 1637.19 e 27) e ‘revirarse’, como verbo pronominal (1577.4); no entanto, o sentido metafórico de ‘intrigar’ só se rexistra na cantiga mafaldiana, facéndoo sinónimo de *mizcrar* (e as súas variantes). As restantes ocorrencias de *revolver* na produción medieval son acordes con esta situación, pois os valores iniciais son os comúns na maioría dos seus rexistros nas *Cantigas de Santa Maria* (56.35, 149.43, 241.40, 247.31 e 361.43; vid. Mettmann 1972: s.v. *revolver*), igual que na tradución da *Crónica Xeral* e mais o único da *Crónica Troiana* (vid. TMILG, s.v.). Alén de Pero Mafaldo, as únicas documentacións do mesmo valor metafórico aparecen nas *Cantigas de Santa Maria* (*Quand’ esto soub’ o diabo, / andou muito **revolvendo**, 67.82; un falsso mezcador / atant’ andou **revolvendo**, que o foi con el mezcra, 177.13*) e mais nunha pasaxe da *Crónica Xeral*: *Et asi [se] começarõ de misclar et de **reuoluer** de hũa parte et da outra, que nõ podo auer acordo enos mouros de tẽer hũus cõ outros* (vid. TMILG, s.v. *reuoluer*)³⁸.

2. A única explicación para a escasísima representación do adverbio *aginha* na lírica profana (vid. tamén 478.9, 1460.21 e 1615.11) é a competencia do provenzalismo *toste*, máis utilizado nas cantigas do que a forma tradicional galego-portuguesa (vid. TMILG, s.v. *agĩa, agina, aginha, aginna, agiña, agĩa, agyna, agynna, agyña*).

³⁸ O feito de que no CIPM só se rexistren cinco ocorrencias (dúas no *Leal Conselheiro*) confirma o carácter lingüisticamente innovador de *revolver*.

3. A lección manuscrita <auirefy ay natoes> permite fixar *antre si as nações*, a partir da comprobación de erros en B como os seguintes: para alén da recorrente confusión <u>/<n>, o lapso <i>/<t> é de fácil explicación paleográfica (vid. *ten* 839.3 <ien> B, <ren> V; *trobador* 1595.17 <irabador> B, <trobador> V; *Bretanha* 1618.7 <breiêha> B, <breienha> V) e autoriza a lectura *antre*. No que di respecto ao artigo, a confusión <y>/<s> encóntrase tamén en B: *reis* 1594.16 <Reyy> B, <reyx> V; *estas donas* 1594.23 <ey tas donas> B, <erastodas> V; *deste* 1668.9 <Deyte> B, <deu / te> V. Finalmente, a voz *nações* transparece a partir da consideración da confusión <t>/<ç>, tendo en conta, ademais, que a equivalencia <t>/<c> é extremadamente frecuente, igual que a ausencia de cedilla (o erro <c>/<ç> rexístrase decote nos cancioneros italianos): *começar* 371.15 <cometar> BV; *faça* 474.6 <ffata> B; *quiça* 490.23 <qta> B, <qça> V; *sença* 725.17 <senta> BV; *faç'* 887.6 <faç> A, <fat> BV; *posfaçan* 919.1 <pos ffatam> BV; *Clemenço* 1218.1 <clemêto> B, <clemento> V; *moço* 1334.7 <moto> BV; *traíçon* 1497.10 <Tray tō> B, <trayçō> V; *quiçai* 1594.11 <quiti> B, <qcoi> V.

É certo que o termo *naçon* ten escasa documentación nos séculos XIII-XIV, mais, con todo, rexístrase na tradución galega da Crónica Xeral (*et toda a nação*) e mais na *General Estoria* (*estas som as compadas de Noe, segundo suas nasções*) (vid. TMILG, s.v.). A partir do século XIV a voz *naçon* aumenta moi significativamente as súas ocorrencias en textos portugueses (vid. CIPM e CdP, s.v. *naçom*, *nações*). É por isto que, ao non existiren problemas paleográficos nin documentais, parece preferíbel a lectura *as nações* (proposta por Lapa) antes do que *aos varões* ou *os varões* (Beltrán e Lopes, respectivamente), máis interventivas, e, sobre todo, *a jurações* (Michaëlis, Spina), cun vocábulo que non está atestado na Idade Media. Deste xeito, a cantiga comeza coa alusión ao colectivo (*gentes*, v. 1; *nações*, v. 3)³⁹ para, despois, pasar ao individual, en primeira persoa. Finalmente, unha razón complementaria que contribúe a excluír *varões* como opción editorial é o feito de este substantivo, tanto na súa forma masculina como feminina (*varõa*, 1434.10), aparecer utilizado na lingua trobadoresca exclusivamente como vocativo (vid. 564.10, 1324.6), igual que acontece nas *Cantigas de Santa Maria* (vid. 2.3, 45.89, 55.73, 83.6, 119.32, 134.45 etc.).

5. Neste verso, o mesmo que acontece no v. 14, aparece tamén o evidente erro <c>/<e>, que xa todos os editores, coa excepción de Beltrán no v. 14, corrixiron. Con

³⁹ Aínda que Lapa, na nota correspondente, considere que *gentes* connota unha noción de individualidade (fronte á idea colectiva de *nações*).

efecto, en B detéctase con certa frecuencia este erro de copia, especialmente no inicio do verso que, en moitas ocasións, está constituído pola copulativa. Como mostra, véxanse algúns casos significativos: *e ora* 300.r1 <e ora> A, <Cora> B; *e vi-a* 302.r1 <euia> A, <Cuia> / <Ouia> / <Cuya> / <Cuya> B; *e ia-se* 489.17 <chiaffe> B, <chiasfe> V; *e a* 494.32 e 35 <cal> B, <e a> V; *e, amigo* 649.r1 <Camigo> B, <ca migo> V; *e a* 767.r1 <Cal> B, <cal> V; *e a vós* 792.r2 <Cauos> B, <e auos> V; *e ora* 1023.r2 <Cora> / <Eora> / <E ora> B, <cora> / <cora> / <e ora> V; *e, amigas* 1048.9 <Camigas> B, <camigas> V, <E amiga> B', <eamiga> V'; *e o* 1056.3 <Co> B, <eo> V; *e á* 1114.4 <ca> B, <ea> V; *e assi* 1364.r3 <Caffy> B, <cafsy> V; *e a Deus* 1645.15 <Cadš> B, <Ca des> V.

Por outra parte, en <appenderey> evidénciase o erro <p>/<r>, que se rexistra tamén con certa frecuencia nos dous apógrafos italianos. Entre outros, véxanse en B os seguintes casos: *natura* 148.20 <nacupa> B; *Rodrigo* 450.2 <podrigo> B; *a poer* 631.16 <arder> BV; *recado* 1339.15 <precado> B, <rrecado> V; *certo* 1339.17 <cepto> B, <çerco> V; *rog'eu* 1597.10 <pogueu> B, <rogueu> V; *d'Arago[n]* 1635.10 <Da pago> B, <dapago> V etc.

6. O verbo *mentir* 'enganar, incumplir, dicir con mentira', que habitualmente rexe dativo e se constrúe coa preposición *a*, ten neste caso un uso transitivo, confirmando que a transitividade é un concepto graduábel e variábel. Con todo, é un uso ben escaso no corpus poético profano, pois só conta con outras dúas ocorrencias: *o que me foi miscrar / vosco por certo soube-vos mentir / que outra dona punhei de servir* (938.2); *e meus preitos talhei / con Frei Rodrig'e mentiu-mi-os* (1430.27).

7-8. Para a necesaria ligazón sintáctica interestrófica pola aparición dunha cláusula subordinada causal no inicio da segunda estrofa, vid. nota a IV.7-8.

8. Aínda que, en xeral, na lírica trobadoresca *ao(s)* computa metricamente como dúas sílabas, este encontro vocálico, de modo similar ao que acontece con *aa(s)*, é unisilábico en todas as súas ocorrencias na presente cantiga (vv. 8, 19). Tal comportamento métrico non é raro, pois a medida unisilábica de *ao(s)* pode ser atestada con seguranza noutras pasaxes do corpus profano (455.1, 725.3, 813.12 e 21, 17 e 26, 968.24, 1015.10, 1207.12, 1356.r2 e r4, 1364.1 e 7, 1398.7, 1497.24, 1532.24, 1629.11).

Por outra banda, os datos dos textos medievais apuntan para unha coexistencia equilibrada das formas *mentiral*, *mentiroso* e *mentireiro* (vid. TMILG, s.v.). No que di respecto á última variante é de subliñar o seu menor uso no corpus trobadoresco, pois só se rexistra noutras dúas pasaxes: *ca un ricom'achei eu mentireiro* (1383.3); *Criado foi en Castro Mentireiro* (1633.18).

9. A lección <ca o> de B confirma a necesidade de manter a integridade da conxunción comparativa *ca*, sen que existan razóns para a anómala crase de *ca* que todos os editores, agás Beltrán, estableceron neste verso (vid. Ferreiro 2012b).

Por outra parte, a partir da medida unisilábica de *ao* (vid. nota ao v. 8), para a necesaria contaxe decasilábica do verso é necesaria a sinalefa *verdade_ao*, que constituiría unha secuencia trisilábica no seu conxunto.

A expresión *jur' e digo* constitúe unha fórmula estereotipada con outras dúas ocorrencias no corpus (1042.15 e 1241.10), que, xunto co presente contexto, confirman a fixación dunha estrutura bimembre que aínda se atesta desenvolvida en Fernan Gonçalvez Seavra: *juro-lhes eu e digo-lhes assi: / ...* (348.10).

12. O verbo *firmar* ‘facer firme, tornar seguro’ (atestado con frecuencia na prosa notarial) é de uso ben restrito na lingua dos trobadores, xa que só reaparece en 991.4 (*pero o fez e o firmou*) con outro matiz semántico (cf. tamén CSM 83.8, 135.35, 185.35).

13. Perante a evidente hipometría versal, a maioría dos editores optou, alternativamente, por *quer' o[je]* (Michaëlis, Spina) e *quero [i]* (Lapa). Porén, como xa foi indicado (vid. nota a II.7), a solución máis económica debe residir, máis unha vez, nunha copulativa inicial de verso seguramente ausente por lapso de copia.

14. A frecuencia do erro <c>/<e> (vid. nota ao v. 5) indica, máis unha vez, que cómpre emendar a lección manuscrita <Cafy> para restaurar a necesaria copulativa inicial do verso. Porén, Beltrán prefere unha lectura *ca asy*, pouco xustificábel do punto de vista paleográfico e conceptual.

15. Perante a lección <p's> podería pensarse nunha evolución da consoante africada para fricativa, mais o feito de atestar a confusión <z>/<s> (en posición final) só nun dos manuscritos en diversas pasaxes transmitidas polos dous apógrafos italianos

confirma que estamos perante unha simple confusión gráfica⁴⁰: *jaz* 916.5 <iaz> B, <las> V; *voꝝ* 1382.20 <uoꝝ> B, <uos> V; *voꝝ* 1395.11, 12, 14, 16 e 21 <uos> (<Vos> no v. 12) B, <uoꝝ> V; *diz* 1471.2 <Dizl> B, <dis> V; *dez* 1645.6 <des> B, <dez> V etc.; no entanto, o caso máis significativo é *prez* en 993.13: <pres> B, <pez> V.

Finalmente, a lección manuscrita <outra> mostra a frecuentísima confusión <u>/<n>, así como a aparición do erro <tr>/<rr>, co intercambio, tamén frecuente, <t>/<r>. Casos moi similares aparecen tamén nos dous apógrafos italianos; entre outros: *desonra* 876.2 <defonrra> B, <defonitra> V; *onrado* 1338.20 <onrado> B, <ontrado> V; *desonrado* 1380.11 <defonirado> B, <desontrado> V etc. Son especialmente significativas, por outra parte, as seguintes leccións manuscritas: *d'onra* 1550.20 <Doutra> B; *onrar* 1679.13 <ontrar> V.

16. Repárese en que *teer-se à verdade* significa ‘dicir a verdade, ser sincero’.

17. Carece de xustificación a lectura *vêde lo* de Graça Videira Lopes, onde aparentemente estaríamos perante a típica forma arcaizante do artigo (e pronome) que só se rexistra nas cantigas de amigo (vid. Ferreiro 2013a). Obviamente, neste contexto *vede-lo* presenta a asimilación do artigo ao -s final da forma verbal *vedes*, de claro valor imperativo, tal como noutras pasaxes similares acontece:

761 / 70,6 JGarGuilh [B745/V347], v. 5:

Amigas, o meu amigo
dizedes que faz enfinta
en cas d’el-rei da mia cinta;
e **vede-lo** que vos digo: / ...

772 / 70,39 JGarGuilh [B755/V358], v. 5:

Per boa fe, meu amigo,
mui ben sei eu que m’ouvestes
grand’amor e estevestes
mui gran sazon ben comigo;

⁴⁰ Talvez sexan casos de diferente teor certa variación -z/-s que se percibe en patronímicos: *Gonçalviz* vs. *Gonçalvis*, *Fernandez* vs. *Fernandes*, *Soarez* vs. *Soares* etc. Por outra parte, moi raramente se rexistra a confusión <z>/<s> en posición explosiva. Vid., por exemplo, *fazedes* 500.16 <fasedes> B, <fazedes> V; *lazeiro* 982.26 <lazeiro> A, <lazero> B, <lasero> V.

mais **vede-lo** que vos digo:

ja çafou!

909 / 143,13 RoiFdz [B907/V494], v. 15:

De quant'eu cuidei acabar

nulha cousa non acabei,

ca **vede-lo** que eu cuidei: / ...

1280 / 88,1 Lour [B1264/V869], v. 10:

Des que nos vimos, **vede-lo** que faz:

el por mí morr', e eu and[o] assaz

namorada.

1567 / 81,10 JVqzTal [B1548], v. 5:

Non sei oj'eu máis pecado, burgesa

de min, mais **vede-lo** que mi máis pesa:

São velh', ai [capelan!]

Nótese, ademais, a aparición da variante preposicional *par* na expresión *par caridade*, en liña co seu exclusivo uso en fórmulas de teor relixioso, tales como xuramentos ou invocacións a Deus ou aos santos (*par Deus, par Nostro Senhor, par Santa Maria, par (San) Servando, par San Vincente, par San Leuter, par Ti*) ou na expresión, de similar valor, *par fe, sen engano* (1525.12).

18. A continuación da estrofa, como amplificación explicativa do v. 18, aconsella novamente (vid. III.4) a segmentación do artigo na secuencia <veyo> de B, que a maioría dos editores non considerou (Michaëlis, Lapa, Spina, Beltrán).

19. Sobre a anómala elisión vocálica que algúns editores realizaron no substantivo *amigo* para evitar a sinalefa *amigo_e* vid. nota a III.16.

20. En liña coa observación de Mettmann ("Talvez seja de preferir a grafia *pojar*", cf. *Glossário*, s.v. *poiar*) e de acordo co galego moderno *poxar*, fixamos a forma *pojar* (<*PODIARE) a diferenza de todos os anteriores editores, que coa grafía *poiar* suxiren unha rara e minoritaria evolución do grupo intervocálico -DJ-. O verbo *pojar*, co sentido de 'facer subir, elevar, medrar' só aparece noutras catro composicións (115.10 e 30, 1421.10, 1467.13 e 20, 1526.4, 7, 13, 18 e 20).

21. Finalmente, aínda se detecta o erro <z>/<r> en <mētiza> *mentira*, que, de novo, se pode atestar con certa frecuencia nos cancioneiros italianos en posición final, máis raramente en posición explosiva: *fara* 301.8 <fara> A, <faza> B; *pero* 966.7 <pezo> B, <pero> V; *tirades* 1329.9 <tizades> B, <tirades> V.

Débese facer constar, por outra parte, o uso compacto de *decer* (de orixe incerta) na lingua das cantigas profanas (vid. tamén 876.5, 880.5, 1404.20, 1440.33, 1550.19), fronte a formas do tipo *decender* e *descender* (cf. lat. DESCENDĒRE), que aparecen esporadicamente nas *Cantigas de Santa Maria* (vid. Mettmann 1972, s.v.) e si comezan a ser frecuentes en textos tardíos (vid. TMILG, s.v. *descender*, *desçender*, *decender*, *deçender*). Neste sentido, resulta significativo que *decer* apareza nun contexto moi similar ao de Pero Mafaldo, xa que se rexistra noutro sirventés de Martin Moxa (880 / 94,2 [B889/V473], v. 5):

Amigos, cuid'eu que Nostro Senhor
non quer no mundo ja mentes parar,
ca o vejo cada dia tornar
de ben en mal e de mal en peor,
ca vejo boos cada dia **decer**
e vejo maos sobr'eles poder:
por én non ei da mia morte pavor.

VII

O meu amig', amiga, que me gran ben fazia,
 fez-me pre[i]t'e menage que ante me veria
 que se fosse, e vai-s'ora de carreira sa via,
e sempre mi assi mente e non á de mí vergonha:
non me viu máis d'un dia e vai-s'a Catalonha. 5

Nunca vistes, amiga, quant'al amigo visse,
 ca me jurou que nunca se ja de mí partisse
 e máis foron de cento mentiras que m'el disse,
e sempre mi assi mente e non á de mí [vergonha:
non me viu máis d'un dia e vai-s'a Catalonha]. 10

Non sabedes, amiga, como m'ouve jurado
 que nunca se partisse de mí sen meu mandado,
 e mentiu-me cen vezes e máis o perjurado,
e sempre [mi assi mente] e non á de min [vergonha:
non me viu máis d'un dia e vai-s'a Catalonha]. 15

Repertorios

D'Heur 345; Tavani 131, 5

Manuscritos

B 383, f. 86r, col. b

Edicións

Michaëlis de Vasconcelos (1990 [1904]: 864); Nunes (1973 [1928]: 457-458); Spina (1983: 34); Cohen (2003: 535); Littera [26-9-2013].

Edición paleográfica en Molteni (1880: 139) e semidiplomática en Machado & Machado (1950, II: 168). A cantiga foi incorporada ás antoloxías de Nemésio (1950: 56), Piccolo (1951: 143-144), Landeira Yrago (1975: 209), Torres (1977: 346), Ferreira & Martínez Pereiro (1996a: 211).

Variantes manuscritas

1 fazia] fazia B 2 pre[i]t'e menage] p'dem enaige B 3 e vai-s'ora ... carreira sa via] euayff[oria .. carrerya lauia B 4 e] Et B 5 e ... Catalonha] et ... cataionha B 6 amiga] amiga(l) B 7 jurou] uirou B 8 e] Et B 9 e] Et B 13 e] Et B 14 e ... e] Et ... Et B.

Variantes editoriais

1 fazia] fazia Cohen, *Littera* 4 mente e] ment(e)! E *Michaëlis*, ment'e Nunes, *Cohen, Littera*, ment(e) e *Spina* 5 s'a] s(e) a *Michaëlis* 6 quant'al] quen tal *Michaëlis*, *Nunes, Spina, Cohen*, quem tal *Littera* 9 mente e] ment(e)! E *Michaëlis*, ment'e *Nunes, Cohen, Littera*, ment(e) e *Spina* 10 s'a] s(e) a *Michaëlis* 14 mente e] ment(e)! E *Michaëlis*, ment'e *Nunes, Cohen, Littera*, ment(e) e *Spina*; min] mi *Michaëlis, Nunes, Spina, Cohen, Littera* 15 s'a] s(e) a *Michaëlis*.

Métrica

Cantiga de amigo, do tipo de refrán. A cantiga consta de tres cobras *singulares* de tres versos tredecasilábicos graves e monorrimos con un refrán de dous versos da mesma medida e carácter, de modo que a rima de toda a composición é breve ou feminina.

Artificios: cobras *capfinidas* (I, v. 5: *viu* e II, v. 1: *vistes, visse*). Casos de *dobre* (I-II-III, v. 1: *amiga*; II-III, v. 2: *nunca, partisse, mī*) e *mordobre* (II-III, v. 3: *mentiras / mentiu-me; cento / cen*), algúns deles distribuídos de modo irregular no verso. Nótese a presenza das rimas derivadas (I, v. 2: *veria* e II, v. 1: *visse* / III, v. 1: *jurado* e v. 3: *perjurado*).

Rítmica: os versos de trece sílabas⁴¹ presentan habitualmente, para alén do acento estrófico, acentos na terceira, sexta e novena sílaba, e aínda que en xeral se respecta

⁴¹ Spina (2003) considera que os versos de trece sílabas na nosa poesía trobadoresca son o resultado da asociación de dous hexasílabos (véxase a seguinte nota), á vez que indica que os versos de trece, catorce ou máis sílabas son “medidas de uso esporádico, limitadas à poesía popular, tais metros aparecen [...] combinados com outros mais curtos, e são no mais das vezes susceptíveis de descomposição em metros menores” (Spina 2003: 77). Neste caso non se produce esa combinación, posto que todo o texto está formado por versos tredecasilábicos.

Por outra parte, o propio Spina apunta a que estamos perante a unha fórmula estrófica de tipo zexelesco (1983: 35), cos tres versos monorrimos que conforman o corpo da estrofa máis un refrán dístico tamén monorrimo (Spina 2003: 88-93).

este esquema acentual no presente texto, a regularidade non é absoluta, pasando ás veces o acento da terceira á cuarta sílaba, como acontece por exemplo nos versos 1 e 7.

Esquema métrico (véxase Tavani 1967, esquema 16:6):

	3	(13'a	13'a	13'a	13'B	13'B)
I		ia			onha	
II		isse				
III		ado				

Trátase dun esquema estrófico pouco habitual na poesía galego-portuguesa, xa que se rexistra nunha vintena de composicións. Ademais, unicamente a presente cantiga de amigo de Pero Mafaldo e unha outra satírica de Afonso Soarez Sarraça (B 1622, V 1155-1156) están construídas en base a tredecasílabos graves⁴².

Comentario

A rapaza diríxese á confidente e dille que o seu amigo, que lle facía gran ben, lle xurou que a vería antes de se ir; porén, agora marcha sen a ver, de modo que lle mente sen vergoña ningunha: non a viu máis do que un día e marcha para Cataluña (I). E dille á súa amiga que ela nunca viu un amigo así: el xuroulle que nunca se separaría dela, mais foron moitas as mentiras que lle dixo, e sempre lle mente así sen vergoña ningunha, xa que non a viu máis de un día e marcha para Cataluña (II). E dille á amiga que ela non sabe como el lle xurou que nunca marcharía do seu lado sen o seu consentimento, e o hipócrita e falso mentiulle cen veces e máis, e méntelle sempre sen vergoña ningunha: viuna unha única vez e marcha para Cataluña (III).

Presenta esta cantiga certos elementos que fan dela unha composición senlleira no cancionero de Pero Mafaldo, mais tamén no ámbito do xénero de amigo galego-portugués. Referímonos, entre outras, a cuestións como a presenza dun topónimo, a utilización de léxico proveniente do contexto da homenaxe feudal ou a inclusión de frases máis propias do rexistro oral.

Estamos novamente ante unha cantiga monologada –técnica narrativa maioritaria no xénero de amigo⁴³– na cal a moza namorada se dirixe a un narratario, que aquí é

⁴² Tavani no seu *Repertorio metrico* ofrece outra posibilidade para esta cantiga (240:2), segundo a cal cada estrofa constaría de dez versos hexasílabos graves.

⁴³ Remitimos a este respecto para a obra de Lorenzo Gradín (1990: 113-131).

unha amiga, como tamén acontecía na outra cantiga de amigo xa vista (texto V). O *topos* fundamental nos quince versos que nos ocupan é sen dúbida a separación entre a amiga e o amigo, feito que obviamente supón un obstáculo para a eventual satisfacción amorosa⁴⁴, e do cal descoñecemos a razón, a pesar de que a marcha do amigo na maior parte dos casos se debe, aínda que non se explicita, a que ten de ir á guerra:

O outro gran motivo de impedimento é a obriga do amigo de ir servi-lo rei cando este llo require, porque precisa do auxilio dos seus vasalos nas situacións –bastante frecuente– de guerra. É posible que a maioría das cantigas que mostran o sufrimento dos dous amantes sen manifesta-la causa inmediata teñan a súa xustificación literaria neste contexto [...] (Brea & Lorenzo Gradín 1998: 92).

Esta partida repentina do amigo fai que a voz poética se anoxe e o culpe de faltar á súa palabra, xa que lle prometera que non se afastaría dela, xuramento expresado no segundo verso de cada cobra: *fez-me pre[i]t'e menage que ante me veria / que se fosse; ca me jurou que nunca se ja de mí partisse; como m'ouve jurado / que nunca se partisse de mí sen meu mandado*. Observamos aquí unha *gradatio* ascendente, pois a amiga, a medida que avanza no seu discurso, procura unha intensificación da unión que ten co home: na primeira estrofa expón que el lle dixo que a vería antes de marchar, para na segunda manifestar xa que lle prometeu que non se separaría dela, e acabar dicindo que o amigo lle xurou que nunca marcharía do seu lado sen o seu consentimento. Porén, esta unión ou vínculo que a voz feminina dalgún xeito pretende “facer real” con estas palabras dirixidas á súa confidente, na nosa opinión non son máis do que unha exaltación dos propios desexos, xa que no estribillo vemos como a súa relación ou vínculo se limita a un único encontro entre ambos: *non me viu máis d'un día*.

En calquera caso, a moza namorada acusa ao amigo de mentirán e hipócrita, recriación que se nos transmite por medio de correspondencias paralelísticas no verso 3 da segunda e última cobra, que precede ao refrán: *e máis foron de cento mentiras que m'el disse / e mentiu-me cen vezes e máis o perjurado*. Nestas frases, que ponderan negativamente o comportamento do amigo, facendo uso dunha maior concreción con esa referencia numérica (*cento, cen*)⁴⁵, “a linguaxe achégase á liña coloquial, con deixes de dictado tópico ou de paremia”, como indica Filgueira Valverde (1990: 29).

⁴⁴ Isto entroncaría co denominado por Tavani (1991: 154) como o campo sémico do “amor insatisfeito”.

⁴⁵ Véxase a nota ao verso 8.

Conforme diciamos, non son expresións demasiado frecuentes nas cantigas de carácter amoroso, onde é máis habitual acharmos sintagmas cun carácter sentencioso, como acontece co *verv' antigo*.

A indignación da moza, a que vimos de facer referencia, vese intensificada estilisticamente a través da colocación en posición anafórica dos adverbios de negación *Nunca* e *Non* que, aliás, principian a segunda e terceira cobras respectivamente, así como pola utilización como vocábulo rimante de *perjurado* (e establecendo unha rima derivada a respecto de *jurado*, v. 11), substantivo referido ao amigo, e que insiste na súa falsidade e no engano cometido.

Neste sentido, temos de fixar a nosa atención no modo en que aparecen enunciadas as promesas do home: *fez-me pre[i]t'e menage* (v. 2), *ca me jurou* (v. 7), *como m'ou-ve jurado* (v. 11). Trátase en todos os casos de expresións que proveñen do contexto feudal, máis concretamente da homenaxe e do xuramento de fidelidade que o vasalo fai ao señor (Pichel 1987: 73-74), pois o rito da homenaxe era un acto que consistía na presentación das mans do vasalo ao señor, como símbolo da súa entrega a el, ao que seguía o xuramento de fidelidade, pronunciado polo vasalo coa man sobre as sagradas escrituras:

Dans la chanson courtoise, les rapports qui lient la dame et le poète-amoureux son évoqués à l'aide de certains termes qui, dans la langue féodale, désignaient le pacte unissant le seigneur et son vassal. Exalté d'une façon dans les chansons de geste, l'hommage féodal est donc célébré d'une autre façon dans la poésie lyrique (Cropp 1975: 472).

Aínda en termos lexicais, cómpre falarmos da serie que enuncia a separación entre o amigo e a amiga, destacada por medio da iteración poliptótica dos verbos *ir* (*fosse*, v. 3; *vai*, vv. 3 e 5-10-15) e *partir* (*partisse*, vv. 7, 12). O políptoto tamén afecta a outros vocábulos relevantes na composición, como os que fan referencia ao xuramento realizado polo amigo (*jurou*, v. 7; *jurado*, v. 11) e ao seu subsecuente incumprimento (*mente*, vv. 4-9-14; *mentiras*, v. 8; *mentiu-me* v. 13).

Tampouco podemos deixar de mencionar *Catalonha*⁴⁶, topónimo colocado como palabra rimante no segundo verso do refrán, e que alude ao lugar onde marcha o

⁴⁶ Cataluña pertencía á Coroa de Aragón desde o ano 1137. Tal como xa foi comentado, é moi probábel que Pero Mafaldo permanecese durante un tempo na corte catalano-aragonesa de Xaime I. Neste sentido, queremos lembrar aquí o estudo de Martín de Riquer (1950), xa aludido no apartado dos datos biográficos da “Introdución”, onde se suxire que un tal “Pedro, juglar de Galicia” que aparece en documentos do arqui-

amigo, case con total certeza para servir a el-Rei⁴⁷. Cómpre indicarmos que “considerando a división tradicional de xéneros [...], hai unha desigual presenza de topónimos en cada un deles. O xénero que menos topónimos incorpora é o de cantigas de amor” (Ventura 1995: 475), e o que máis as cantigas de escarnio e mal dizer. No xénero de amigo si existe un grupo relativamente importante de textos en que aparecen topónimos do ámbito rural, onde se celebraban romarías, e outros que fan referencia a lugares lonxincuos, onde o amigo está en campaña de guerra.

Diciamos que estamos perante unha cantiga monologada na cal a moza namorada se dirixe a un destinatario interno, que neste caso é unha amiga, como tamén acontece na outra composición de amigo do cancionero de Pero Mafaldo (cantiga V). Porén, no outro texto xa analizado aparecía unha amiga que desenvolvía o papel de intermediaria, intercedendo polos intereses do amigo, mentres que aquí a súa presenza é máis discreta, pois aparece unicamente nomeada a través da apóstrofe *amiga* que se reitera en *dobre* no primeiro verso de cada cobra, e limitase a actuar como ouvinte e confidente das penas de amor da voz poética.

Notas

1. O Cancioneiro da Biblioteca Nacional subministra a lección <fezia>, que é acollida por Cohen (seguido por Littera) na súa edición das cantigas de amigo, aludindo erroneamente á súa atestación nos glosarios de Lapa e de Mettmann. Porén, tal forma é absolutamente inexistente neses vocabularios e, aparentemente, nos textos medievais, sen que poida ser localizada en ningún banco de datos lexical; neste sentido, resulta significativo que o propio Colocci introduza unha marca en forma de aspa á marxe de *fezia*, probablemente indicando o seu carácter de erro de copia.

2. A expresión bimembre *preito e menage*, que se atesta tamén en Pero da Ponte dentro do corpus trobadoresco (*e non me val i preito nen menage*, 983.22), é unha lectura establecida por Michaëlis a partir da difícil e errada lección manuscrita e constitúe unha expresión formularia que aparece repetidamente na produción tabeliónica (vid. TMILG, s.v. *menage*, *menagẽ*, *menagẽe*, *menagem*, *menagen*, *menageen*,

vo da Coroa de Aragón datados nos anos 1262, 1265, 1269 e 1279, podería ser Pero Mafaldo, entre outras cousas, porque na presente cantiga “parece anunciar que se va a Cataluña” (Riquer 1950: 377).

⁴⁷ De feito, Joaquim Ventura, no seu estudo sobre a toponimia nas cantigas, clasifica este texto de Pero Mafaldo como pertencente ás cantigas de “campaña” (1995: 476).

menaje, menajen, menajẽ, menajee, omenage, omenagee, omenaje, omenajee, omenajẽ, omenajen, omenajeen etc.). Sirvan como mostra algunhas pasaxes da tradución galega da *Crónica Xeral*: *quero que me façades preyto et menagẽ; et façamo[s]llj preyto et menagẽ por amor do conde; Et elles fezerõ preito e menagẽ que nũa fossem contra elle; quero que mj façades preito et menagẽ do que uos disser; et fezerõlle preyto et menagẽ de lle conoçer senorio.*

3. A anómala lección <oria> mostra a presenza espuria de <i> (cf. tamén <Im enaige> *menage* no v. 2), que se detecta raramente en V, e con maior frecuencia en B. Véxanse, como mostra, os casos seguintes no Cancioneiro da Biblioteca Nacional: *sazon* 255.7 <fazon> A, <faizõ> B; *vós* 315.3 <uos> A, <uois> B; *camisa* 762.8 <camifia> B, <camisa> V; *morar* 1346.13 <moirar> B, <morar> V; *dobras* 1343.20 <dobrias> B, <trobras> V.

Por outra parte, a confusión <l>/<s>, sen dúbida pola semellanza entre <l> e <f>, rexístrase con moita frecuencia nos dous apógrafos italianos. Véxase, só a modo de exemplo, o mesmo erro na forma posesiva *sa(s)* tamén en 359.16 (<la> B) e 1340.16 (<Las> B, <sas> V).

4. A interpretación fonolóxica de <et>, con grafía latinizante que aparece esporadicamente na copia dalgunhas composicións nos cancioneiros italianos (nesta cantiga tamén nos vv. 5, 8, 9 e 13), só pode conducir á forma *e*, con perda xa moi antiga da consoante oclusiva latina final.

Máis unha vez é desnecesaria a xeral expunción da vogal final de *mente* no primeiro verso do refrán cando a normal sinalefa *mente_e* resolve metricamente a contaxe versal.

5 (=r2). A alusión a Cataluña volve aparecer nunha cantiga de Caldeiron: *Cantar quer'eu, non avera i al, / dos d'Arago[n] e dos de Catalonha* (1635.10).

6. Todos os editores emendaron a lección *quant'al* do manuscrito na desnecesaria procura dunha transparencia do texto enviado polo apógrafo italiano: a combinación do indefinido *al* co relativo *quanto*, tanto en *al quanto* (784.18), como en *quanto ... al* (227.6) e, sobre todo, *quant'al* (89.24, 134.13, 215.7 e 9, 267.21, 416.20, 447.5, 1045.20, 1195.16 e 1327.8), constitúe unha locución indefinida relativa co significa-

do de ‘todo aquilo que, todo canto’. De acordo con isto debe ser rexeitada a emenda editorial dos anteriores editores nesta pasaxe e, en consecuencia, respectar o texto transmitido por B.

8. A posición proclítica, prenominal, suscita a aparición da forma apocopada *cen* (cf. *cen vezes*, v. 13). Neste verso é a ausencia de artigo a que provoca unha aparente anomalía nesa distribución: *e máis foron de **cento** (as) mentiras que m’el disse ...*

12. O amigo que se foi *sen meu mandado* aparece tamén igualmente explicitado en diversos trobadores:

790 / 81,20 JVqzTal [B793/V377], vv. 7-12:

E per u foi irá perjurado,
amiga, de quant’el a min disse,
ca mi jurou que se non partisse
d’aqui, e **foi-se sen meu mandado**:
*e pero [lh’eu dixi, quando s’ia,
que sol non se fosse, foi sa via].*

803 / 42,3 FerFroi [B807/V391], vv. 1-6:

Porque **se foi** d’aqui meu amigo
sen meu mandado e non mi-o fez saber,
quand’el veer por falar comigo,
assanhar-m’-ei e farei-lh’entender
*que outra vez non se vaia d’aqui
per nulha ren sen mandado de mí.*

1257 / 95,9 MartPadr [B1241/V846], vv. 13-16:

..., ca **se foi** el d’aqui
sen meu mandad’e non me quis veer
e ora manda-vos preito trager
que vos veja, por tal que veja min.

1261 / 95,6 MartPadr [B1245/V850], vv. 1-3:

Fostes-vos vós, meu amigo, d’aqui
sen meu mandad’e nulha ren falar
mi non quisestes; ...

13. Unha puntuación máis expresiva levou Spina a introducir entre vírgulas *e mays*, para, dese xeito, acentuar a mentira do amigo; non obstante, parece máis indicado reservar tal puntuación para contextos máis parentéticos. Cf., por exemplo, nunha cantiga de Nun'Eanes Cerzeo: *vós sodes mia morte e meu mal e meu ben, / e máis. Por que vo-lo ei eu ja máis a dizer?* (105.r1).

14. Fronte a todos os editores precedentes, mantemos a variación lingüística do refrán (*mí* vs. *min*) presente na lección do Colocci-Brancuti, pois unha revisión atenta do corpus trobadoresco profano mostra como a existencia do refrán, que se caracteriza pola súa repetición, non é incompatíbel con leves variacións lingüísticas ou, mesmo, estilísticas. Neste caso, a variación afecta á forma pronominal *mí* ~ *min*, mais noutras cantigas percíbese esa variación (de tipo básico) tamén na presenza / ausencia de nasalidade vocálica nalgúñas voces, así como na vacilación doutras formas do tipo *me* ~ *mi*, *ca* ~ *que* etc.

VIII

Maria Perez, and'eu mui coitado
por vós, de pran, máis ca por outra ren,
e vós cuidoades que ei de vós ben,
que eu non ei de vós, mao pecado,
ca mi fazedes vós en guisa tal 5
ben, mia senhor, que depois é meu mal,
e de tal ben non soo eu pagado.

D'aver de vós ben and'eu alongado,
pero punhades vós en mi-o fazer
quanto podedes, a vosso poder; 10
demaís, fostes ogan'a meu mandado
por mi fazerdes [gran] ben e amor,
e con tal ben qual eu enton, senhor,
ouvi de vós mal dia eu fui nado.

En ña noite o tive chegado; 15
diss'enton com'agora vos direi:
“Bon grad'a Deus, ca ja agora averei
o ben por que andava en cuidado”.
E vós enton guisastes-mi-o assi
que mi valvera muito máis a min 20
jazer mort[o] ou seer enforcado.

E, se muit'aquesto mi á de durar
vosco, senhor, devia-m'a matar
ant'ou seer ao dem'encomendado.

Repertorios

D'Heur 1532; Tavani 131, 4

Manuscritos

B 1513, f. 317r, col. a

O texto da cantiga vai precedido pola rubrica «Pero Mafaldo [<malfaldo> B] fez estas cantigas d'escarnh'e de mal dizer» (f. 316v, col. b), que se refire, obviamente, ás dúas cantigas satíricas do poeta (VIII e IX).

Edicións

Lapa (1970 [1965]: 589-590); Spina (1983: 37-38); Lopes (2002: 432); Littera [26-9-2013].

Edición paleográfica en Molteni (1880: 165) e semidiplomática en Machado & Machado (1960, VII: 227-228). A cantiga tamén foi editada por Michaëlis de Vasconcelos (2004 [1896-1905]: 262-263). Foi incorporada ás antoloxías de Torres (1977: 349-350); Tavares & Miranda (1987: 58); Ferreiro & Martínez Pereiro (1996b: 213); Magalhães (2007: 57).

Variantes manuscritas

13 eu] heu B 21 enforcado] en forcado B 23 devia] denya B.

Variantes editoriais

7 soo] sôo Lopes, Littera 12 [gran]] [i] Lapa, Lopes, Littera 15 o] u Spina 16 diss'] diss'eu Lapa, Lopes, Littera 20 min] mi Spina, Lopes, Littera.

Métrica

Cantiga de escarnho, do tipo de mestría. Está constituída por tres estrofas *singulares* (agás a rima *a*, que é *unissonans*) de sete decasílabos, sendo o primeiro, o cuarto e o sétimo graves e os outros catro agudos. A composición presenta unha *fiinda* formada por dous versos decasílabos agudos e un grave, en correspondencia rimática este último coa rima *a unissonans*. Temos pois neste texto rimas mesturadas, femininas ou breves (vv. 1, 4 e 7 de cada cobra e v. 3 da *fiinda*) e masculinas ou longas (vv. 2, 3, 5, 6 de cada estrofa e 1 e 2 da *fiinda*).

Artificios: cobras *capcaudadas* (I-II-III), *capfinidas* (I-II: *ben*) e cobras *capdenals* (I-II, v. 5: *ca mi / por mi*). Casos de *dobre* (I-II, v. 1; *and'eu*; I-II, v. 2: *vós*; I-II, v. 6:

ben, senhor; I-II, v. 7: *eu*), algúns deles en distribución irregular no verso, e *mordobre* (I-III, v. 3: *ei / averei*; I-II, v. 5: *fazedes / fazerdes*).

Rítmica: para alén do acento estrófico, obsérvase unha regularidade acentual na cuarta sílaba de cada verso –agás nos versos 11, 16, 21 e 22, nos cales o acento recae na terceira–, podéndonos dicir, en consecuencia, que nesta cantiga estamos perante o decasílabo común ou *a minore*.

Esquema métrico (véxase Tavani 1967, esquema 161:176):

	3 (10'a	10b	10b	10'a	10c	10c	10'a)	+	10d	10d	10'a
I	ado	en			al						
II		er			or						
III		ei			*i						
IV								ar			

Véxase o indicado para a cantiga VI.

Comentario

O trobador diríxese a Maria Perez e decláralle que sofre coita por ela, máis do que por calquera outra cousa, xa que o ben que a Balteira lle concede é ficticio, pois ese ben élle proporcionado de tal maneira que se converte en mal, de modo que o namorado non se sente satisfeito (I). O poeta reconece que está lonxe de recibir o ben de Maria Perez, aínda que ela se esforza en llo proporcionar da mellor maneira; alén diso, dille que ela respondeu ao seu pedido para lle ofrecer ben e amor, mais o ben obtido converteuse en mal (II). Nunha noite tívoo próximo, e dixo así: “Grazas a Deus, que agora terei o ben que desexaba”. Mais ela proporcionoullo de tal maneira que máis lle valera ao trobador morrer ou ser enforcado (III). E confésalle a Maria Perez que, se esta situación se prolongase, debería matar ou se encomendar ao demo (IV).

Algúns estudiosos da nosa poesía medieval, como Graça Videira Lopes (1994: 170) ou Santiago Gutiérrez García (2006: 52), consideran esta cantiga como pertencente ao *corpus* textual das parodias do xénero de amor. E se ben é certo que non se desenvolve propiamente un contrarretrato da dama, que é unha das principais características deste tipo de composicións, si aparecen outros elementos que nos remiten a este grupo de cantigas. Referímonos a cuestións como a revelación do nome da muller a que se dirixe o trobador, mais especialmente ao xogo antitético *ben / mal*, sobre o que se asenta a sátira.

Xa no *incipit* topamos coa destinataria da composición, *Maria Perez*, alcumada como “a Balteira”⁴⁸, probabelmente a soldadeira máis popular de todo o trobadorismo galego-portugués pola súa beleza e coñecemento das artes amatorias, e presente nas cortes castelás de Fernando III e Afonso X. Trátase, ademais, da muller máis citada no noso *corpus* profano, aparecendo polo seu nome e apelido, como acontece nesta cantiga de Mafaldo, mais tamén simplemente como *Balteira* ou *Maria Balteira* (véxase a nota ao verso 1)⁴⁹, aínda que é moi probábel que moitas das “Marias” citadas nas cantigas de escarnio e mal dizer fagan igualmente referencia á soldadeira.

A sátira constrúese a partir da antítese *ben / mal*, que artella a composición –como aliás acontece en varias das cantigas previas de Pero Mafaldo–, pois o *ben* concedido pola muller convértese no *mal* do suxeito poético. Segundo Rodrigues Lapa (1995: 254), tal situación “aludiría provabelmente a cualquier mal venéreo que teria contraído nas relacións com ela”. Trátase dunha doenza venérea ou de “uma alusão ao exorbitante preço do «ben» da soldadeira (assunto a que várias outras cantigas se referem)”, como apunta Videira Lopes (1994: 170), esa dualidade *ben / mal* fai sen dúbida referencia á sexualidade, como tamén comenta Marcenaro (2010:114), recollendo a expresión *fazer ben* como pertencente ao léxico do equívoco referido ao acto sexual.

A serie léxica fundamental lígase directamente ao xénero de amor, e probabelmente boa parte da primeira e segunda cobras serían perfectamente encadrábeis nunha cantiga de amor canónica. Porén, o trobador introduce xa no propio exordio o xogo, un tanto abrupto, co horizonte de expectativa do ouvinte / lector da cantiga, ao se iniciar o primeiro verso coa apóstrofe a *Maria Perez*, que desvenda en boa medida o teor que van ter os versos sucesivos, partindo do coñecemento que, de certo, os receptores do texto posuían a propósito dos comportamentos e modos de vida da Balteira.

Deste xeito, o equívoco nesta cantiga satírica reside na ambigüidade semántica que acadan os termos *ben* e *mal*, e nomeadamente no primeiro deles, cuxa importancia fica evidenciada xa en termos cuantitativos coa súa elevada presenza nos vinte e catro versos que conforman o texto, aparecendo até en sete ocasións (vv. 3, 6, 7, 8, 12, 13, 18), e privilexiado de diversas maneiras, como por exemplo no verso 3, onde ocupa a posición de vocábulo rimante, ou no verso 6, presentándose *en rejet*. Nas cobras sucesivas o equívoco vai *in crescendo*, afirmando o eu poético na segunda estrofa que

⁴⁸ Sobre a figura de *Maria Perez* “a Balteira” véxase o traballo de Alvar (1985).

⁴⁹ Tamén Rodríguez (1993: 46) recolle as diversas maneiras en que *Maria Perez* “a Balteira” aparece citada nos cancioneiros.

Maria Perez fai todo o posíbel por lle proporcionar o seu ‘ben’, expresado por medio desa repetición de teor poliptótico do verbo *poder*: *pero punhades vós en mi-o fazer / quanto podedes, a vosso poder* (vv. 9-10). Na terceira estrofa rómpese, como xa mencionamos, cos parámetros do xénero amoroso e a parodia faise máis visíbel coa introdución dunha maior concreción, situando a chegada do ‘ben’ da soldadeira durante unha noite (*En ña noite o tive chegado*, v. 15), algo totalmente anómalo na cantiga de amor, e agradecendo a Deus, en ton xocoso, a obtención do ben, como manifestan as propias palabras do trobador, que se nos ofrecen en discurso directo nos versos 17-18: “*Bon grad’a Deus, ca ja agora averei / o ben por que andava en cuidado*”.

Vemos, pois, como a *equivocatio* nesta cantiga de Pero Mafaldo vén dada non unicamente pola ambigüidade semántica de certos vocábulos, senón tamén polo sentido xeral que acada o texto, xogando sempre co horizonte de espera dos receptores, como xa ficou dito. Estamos deste modo perante o que Simone Marcenaro clasifica como unha das dúas tipoloxías de *equivocatio* na poesía galego-portuguesa medieval, o “equivoco «tópico» (ou *in verbis coniunctis*)”, sobre o que esclarece o seguinte:

si misura non solo sul plurimo valore semantico di una parola, ma soprattutto sul senso globale del testo, nel quale tutti i componenti (dall’unità minima lessicale a proposizioni intere) concorrono a generare due o più livelli di senso: la metafora è il tropo dominante in questo insieme. La sua funzionalità agisce in strettissima connessione con l’orizzonte d’atessa dei fruitori; in altre parole, si ha a che fare con un vero e proprio codice o, al limite estremo, un gergo, che si trova spesso imparentato con il campo dell’osceno (Marcenaro 2010: 110).

Noutro sentido, neste texto están presentes en maior medida do que en cantigas previas as estratexias retóricas da *explicatio* e da *ratiocinatio*; con todo, achamos tamén correspondencias de tipo paralelístico na parte final de cada unha das tres estrofas e da *fiinda* (dous-tres últimos versos), que insisten precisamente –para o caso das dúas primeiras cobras–, no ben que o trobador recibe de Maria Perez e que lle provoca tanto mal; por outra banda, continuando nunha *gradatio* ascendente na terceira estrofa e na *fiinda*, percíbese o paralelismo semántico que fai referencia á necesidade de o suxeito poético morrer, enforcarse ou se encomendar ao demo polo sufrimento que para el se deriva do antedito *ben* da soldadeira. Repárese ademais como nos versos 5-7, que forman parte da primeira agrupación estrófica, a expresión da dualidade *ben / mal* é resaltada por medio do hipérbato asociado ao procedemento do encabalgamento,

que subliña o vocábulo *ben* no inicio do verso 6, en antítese, por súa parte, con *mal*, palabra rimante dese mesmo verso: *ca mi fazedes vós en guisa tal / ben, mia senhor, que despois é meu mal*.

Queremos por último chamar a atención para a *fiinda*, que consta de tres versos cun carácter claramente conclusivo, declarando neles o suxeito lírico que máis unha vez, se o mal que lle provoca a soldadeira persiste, deberá acabar coa súa vida ou se encomendar ao demo. Se ben a presenza do maligno é bastante habitual nas cantigas de escarnio e mal dizer, resulta especialmente significativa aquí a utilización, ocupando ademais o último verso do texto, da expresión *seer ao dem'encomendado*, que González Martínez (2008: 269-270) coloca en relación coa sociedade feudal en que nace e se desenvolve o fenómeno trobadoresco, e que marca tamén a relación entre os homes e os seres de natureza sobrehumana, aparecendo sintagmas deste tipo na nosa poesía medieval que evidencian “a idea de sometemento e privación da liberdade (en ocasións, a cambio de obter algo), a expresión maldiciente ou a manifestación irónica de pór a alguén ao coidado dun ser infernal” (González Martínez 2010: 269). Coi-damos que a intención de Pero Mafaldo neste verso final non é outra que insistir no sarcasmo, na ironía que implica pórse nas mans do diabo para evitar o mal derivado do ben concedido pola fermosa soldadeira Maria Perez.

Notas

1. O personaxe histórico de María Perez, chamada a Balteira, obxecto de múltiples escarnios no corpus profano galego-portugués, aparece, nas cantigas, citada de diversas maneiras: *Maria Perez* en Fernan Velho (1523.1), Pero da Ponte (1651.1, 1565.2, 5 e 8) e Per' Amigo de Sevilha (1675.6); *Maria Balteira* en Pero Garcia Burgales (1392.1), Joan Baveca (1479.6), Pero Garcia d'Ambroa (1584.4) e Per' Amigo de Sevilha (1675.1, 1681.3); ou, simplemente, *Balteira* en Afonso X (479.1), Vaasco Perez Pardal e Per' Amigo de Sevilha (1525.4 e 9, 1528.5, 16, 31 e 34) e mais Pero Garcia d'Ambroa (1607.1). Non obstante, é nunha cantiga de Fernan Velho (1523 / 50,2 [B1504]) onde aparece o nome de *Balteira* atribuído directamente a *Maria Perez*:

Maria Perez se maenfestou
noutro dia, ca por [mui] pecador
se sentiui, e log'a Nostro Senhor
pormeteu, polo mal en que andou,

que teves's'un clerig'a seu poder
polos pecados que lhi faz fazer
o demo, con que x'ela sempr'andou.

Maenfestou-se, ca diz que s'achou
pecador muit', e por én rogador
foi log'a Deus, ca teve por melhor
de guardar a El ca o que aguardou;
e, mentre viva, diz que quer teer
un clerigo con que se defender
possa do demo, que sempre guardou.

E, pois que ben seus pecados catou,
de sa mort'ouv[e] ela gran pavor
e d'esmolnar ouv'ela gran sabor;
e log'enton un clerigo filhou
e deu-lh'a cama en que sol jazer,
e diz que o terrá, mentre viver:
e est'afan todo por Deus filhou!

E, pois que s'este preito começou
antr'eles ambos, ouve grand'amor
antr'ela sempr'[e] o demo maior
atá que se **Balteira** confessou;
mais, pois que vio o clerigo caer
antr'eles ambos, ouv'i a perder
o demo des que s'ela confessou.

4. No que di respecto aos derivados de MALUM, o resultado xeral *mao*, sistemático cando posposto ao nome, convive coa forma *mal*—con perda de vogal final -U(M) e consecuente manutención de -L-, que deixa de ser intervocálico—, por posición proclítica do adxectivo en certos sintagmas. A formulación *mao pecado* ‘infelizmente’ é, pois, solución minoritaria verbo de *mal pecado*, do mesmo xeito que, esporadicamente, se rexistra *mao dia* (vs. *mal dia*) e *mao prezo* ou *mao prez* (vs. *mal prezo*, *mal prez*).

5-6. Nótese como o hipérbato escurece a efectiva presenza da locución conxuntiva *en guisa tal ... que*, de carácter consecutivo: ‘ca vós mi fazedes ben en guisa tal que depois é meu mal’.

12. A hipometría do verso aconsella a introdución de unha sílaba que todos os editores consideraron ser o adverbio *i* (Lapa, Lopes, Littera), o cal semella algo forzado; é por isto que propomos o adxectivo *gran*, a formar parte do repetido sintagma trobadoresco *fazer gran ben*, que aparece tamén en VII.1 no noso trobador. Por outra parte, a realidade textual dos manuscritos mostra como este adxectivo foi xa efectivamente omitido polos apógrafos italianos noutras pasaxes do corpus: 363 / 6,10 AfLpzBai [A224/B395/V5], v. 8 *quero gran ben* (A vs. BV); 419 / 50,1 FerVelh [A260/B437/V49], v. 7: *faço gran rason* (A vs. BV); 772 / 70,39 JGarGuilh [B755/V358], v. 4: *mui gran sazon* (V vs. B).

13. É verdadeiramente extraordinaria a aparición de <h> no pronome *eu* (<heu>), que, ao longo dos cancioneiros, só conseguimos localizar nunha variante de V en 497.10 (<eu> B, <heu> V) e nos dous apógrafos italianos en 1397.18 (<heu> BV)⁵⁰.

15. Só Segismundo Spina emenda, radical e abruptamente, a lección de B, convertendo o pronome *o* no adverbio *u* para ligar os vv. 15-16 e evitar, deste xeito, a xustaposición sintáctica. Porén, o pronome *o* refírese, sen dúbida, a *ben* (vv. 3, 6, 7, 8, 12, 13), que nesta escarniña cantiga alude a algo moito máis físico do que o, por veces, etéreo e/ou ambiguo *ben* das cantigas de amor.

16. A introdución do pronome *eu*, inexistente no apógrafo italiano e causante de hipermetría versal, non é mais do que un lapso editorial de Lapa (continuado servilmente por Lopes).

19-20. A frecuencia de aparición da rima [i] - [in] en todos os manuscritos que transmitiron a lírica profana galego-portuguesa aconsella respectar a lección enviada polo Cancioneiro da Biblioteca Nacional, a pesar da anomalía rimática que supón conforme os cánones da escola trobadoresca galego-portuguesa.

⁵⁰ Véxanse, tamén, catro casos de <heu> para o pronome no *Cancioneiro da Ajuda* (Larson 2014: 456).

20. A diferenza das *Cantigas de Santa Maria* (vid. Mettmann 1972: s.v. *valer*), onde predominan as formas etimolóxicas nos tempos de pretérito de *valer* coa raíz *valv-* (vid. Ferreiro 1999: 346, e Mariño 2000: 699-706), na poesía profana xa son minoritarias as formas máis antigas, fronte ás regulares, de orixe analóxica, pois só se rexistran en 35.24, 117.12, 127.19, 196.16, 271.3, 559.2 e 1373.6.

24. Para o cómputo unisilábico de *ao* vid. nota a VI.8.

IX

Pero d'Ambroa, averedes pesar
do que nós ora queremos fazer:
os trobadores queremos poer
que se non faça tanto mal cantar
nen ar chamemos, per nen un amor 5
que lh'ajamos, nulh'ome trobador
senon [a] aquel que souber trobar.

E pesará a vós muit', eu ben o sei,
do que vos eu direi, per bõa fe:
polo vilão, que vilão é, 10
pon ora assi en seu degred'el-rei
que se non chame fidalgo per ren,
se non, os dentes lhi quiten por én;
e diz: "Assi o escarmentarei".

Ar pesará-vo-lo que vos disser 15
—este pesar é pesar con razon—,
ca manda el-rei que, se demandar don
o vilão ou se se chamar segrel
e jograria non souber fazer,
que lhi non dé ome [o] seu aver, 20
mais que lhi filhen todo quant'ouver.

Repertorios

D'Heur 1533; Tavani 131, 6

Manuscritos

B 1514, f. 317r, col. b

Edicións

Lapa (1970 [1965]: 591); Spina (1983: 40-41); Lopes (2002: 433); Littera [26-9-2013].

Edición paleográfica en Molteni (1880: 165) e semidiplomática en Machado & Machado (1960, VII: 228). O texto foi tamén editado por Michaëlis de Vasconcelos (1990 [1904]: II, 543).

Variantes manuscritas

5 chamemos] chameu⁹ *B* 6 nulh'ome] nullome *B* 10 polo vilão] polo vilano *B*
13 quiten por én] qñ tenporen *B* 18 vilão] uilano *B*.

Variantes editoriais

5 nen un] nenhum *Spina*, nenhum *Lopes*, nẽum *Littera* 7 [a] aquel que souber]
aquel[e] que souber *Lapa*, *Lopes*, aquel que souber [ben] *Spina*, aquel que souber
[bem] *Littera* 8 pesará a vós] pesará-vos *Spina*, *Lopes*, *Littera*; ben o] ben-no *Spina*
10 polo vilão] pelo vilano *Spina* 11 pon ora assi] pon or'assi *Spina*, pon'or'assi *Lo-*
pes, pom or'assi *Littera* 15 lo] l'o *Lapa*, *Spina*, *Lopes*, *Littera* 16 este pesar é] este
pesar, e *Lapa*, est'é pesar e *Littera* 18 vilão] vilano *Spina* 20 dé] dê *Lopes*, *Littera*;
[o] seu] [de] seu *Lapa*, *Spina*, *Lopes*, *Littera*.

Métrica

Cantiga de *escarnho*, do tipo de mestría. Consta de tres estrofas *singulares* de sete decasílabos agudos, de modo que a rima de todo o texto é longa ou masculina. Nótese que na terceira estrofa as rimas *a* e *c* son coincidentes, e análogas, aliás, á rima *b* da primeira. Por outra parte, a rima *a* da terceira cobra presenta unha peculiaridade: a equivalencia entre as consoantes líquidas /l/ e /r/, posto que o vocábulo *segrel* aparece rimando con *disser* e *ouver* (véxase a nota aos versos 15-18).

Artificios: cobras *capfinidas* (I, v. 7: *souber* e II, v. 1: *sei*; II, v. 14: *diz* e III, v. 15: *disser*) e cobras *capdenals* (II-II, v. 1: *E pesará* / *Ar pesará*; I-II, v. 2: *do que*; I-III, v. 6: *que lh'ajamos* / *que lhi*). Casos de *dobre* (I-III, v. 6: *ome*) e *mordobre* (I-II-III, v. 1: *pesar* / *pesará* / *pesará*; I-II, v. 5: *chamemos* / *chame*), algúns deles en distribución irregular. Repárese na palabra rima (I, v. 2 e III, v. 5: *fazer*) e nas rimas derivadas dos dous últimos versos da primeira cobra (I, v. 6: *trobador* e I, v. 7: *trobar*).

Rítmica: máis unha vez estamos perante o decasílabo *a minore*, pois o acento recae de modo maioritario da cuarta sílaba. Porén, nalgúns casos o acento é desprazado para a terceira.

Esquema métrico (véxase Tavani 1967, esquema 161:90):

	3	(10a	10b	10b	10a	10c	10c	10a)
I		ar	er			or		
II		ei	ε			en		
III		*er	on			er		

Trátase dun esquema estrófico moi habitual na poesía medieval galego-portuguesa e tamén no cancioneiro de Pero Mafaldo, posto que, para alén desta composición, é empregado nos textos VI e VIII. Véxase o indicado para a cantiga VI.

Comentario

Pero d’Ambroa é advertido de que lle pesará aquilo que os trobadores queren facer, pois pretenden acordar que non se compoñan cantares literariamente deficientes, nin que se chame –por moita consideración que se lle tiver– trobador a ningún home a non ser que realmente saiba trobar (I). O trobador sabe que a Pero d’Ambroa lle pesará moito o que lle vai dicir: o rei dispón no seu decreto que de ningunha maneira se chame fidalgo ao vilán ou lle serán arrincados os dentes dicindo “así o castigarei” (II). E engade que tamén o incomodará o que lle vai dicir (e que ten razón de se molestar), xa que o rei ordena que, se o vilán solicita pagamento ou se fai chamar segrel e non sabe compor cantigas, que ningún lle pague; moi polo contrario, que lle quiten todo canto tiver (III).

Esta última cantiga do cancioneiro de Pero Mafaldo pode ser clasificada como unha sátira dirixida ao poeta Pero d’Ambroa, un dos autores máis mencionados nos nosos textos trobadorescos (véxase a nota ao verso 1). Trátase, ademais, dunha composición moi relevante por canto ten de documental para o coñecemento das xerarquías poéticas –e mesmo sociais–, e das relacións entre elas existentes na escola galego-portuguesa, posto que alude a un decreto real no cal se “establece unha rixida división en canto a categorías profesionais [...] para aqueles que se ocupan da poesía, reservando o uso de “trobador” e de “doctor en trobar” ós que teñan os requisitos técnicos e a competencia requirida para exercita-lo seu oficio” (Lanciani & Tavani 1995:

134). Tense habitualmente identificado este decreto coa *Declaratio* que o provenzal Guiraut de Riquier compuxo, seguramente seguindo as instrucións do rei Afonso X, como resposta á súa *Supplicatio* (*Declaratio que-l senher rei n'Anfos de Castela fe per la Supplicatio que Guirautz Riquier fe per lo nom de joglar l'an MCCLXXV*)⁵¹.

Con todo, existen voces contrarias (Ventura 2014: 200), xa que a composición da *Supplicatio* se sitúa por volta dos anos 1274-1275, momento en que probabelmente Pero d'Ambroa xa falecera. En calquera caso, o que si é incuestionábel é o feito de o texto de Mafaldo facer referencia a un decreto real (*pon ora assi en seu degred'el-rei...*, v. 11) que, dalgunha maneira, regulamentaría o castigo que terían de recibir os poetas que non souberen trovar, sexa o de Guiraut Riquier ou algún outro quizais descoñecido por nós.

O destinatario da composición é, como xa foi dito, Pero d'Ambroa, figura do noso trobadorismo realmente complexa por existiren diversas hipóteses sobre a súa vida e produción poética⁵². O historiador António Resende de Oliveira (1994), baseándose na documentación conservada e na colocación das cantigas nos cancioneiros, defendeu a existencia de dous poetas diferenciados, un Pero d'Ambroa e outro Pero Garcia d'Ambroa, teoría con que dalgún xeito tamén concorda José António Souto Cabo (2006: 237): “Seja como for e apesar das dúvidas que podem projectar alguns dos dados analisados, temos de manifestar que a hipótese da existência de duas personalidades poéticas diferentes continúa a ser aquela que melhor se acomoda à situação dos cancioneiros”. Porén, Joaquim Ventura (2014) sostén que se trata do mesmo poeta, un cabaleiro da pequena nobreza que acabaría por descender socialmente até se converter nun segrel:

É dicir, resultaría plausible considerar que –por razóns que ignoramos– estaríamos perante un caso de “degradación” da condición de cabaleiro ou tal vez de escudeiro, o cal –en paralelo no campo da lírica– supoñería pasar de trobador a segrel. Unha circunstancia relativamente habitual no ámbito provenzal (se atendemos ao que recollen *vidas e razos*) cando un cabaleiro non podía manter tal condición e tiña que axogrararse, é dicir facerse profesional (“si fo un juglars”). Deste xeito, ben puido ser que Pedro García

⁵¹ Véxase o texto e a completa análise no traballo “La supplica di Guiraut Riquier e la risposta di Alfonso X di Castiglia” de Valeria Bertolucci Pizzorusso (1966).

⁵² Remitimos a este respecto para os completos traballos de Souto Cabo (2006) e Ventura (2014), que, para alén das súas fundamentadas pesquisas, recollen no inicio o estado da cuestión e os estudos previos e hipóteses doutros especialistas.

de Ambroa (que compuxo como trobador a cantiga de amor B73 “Grave dia naceu, senhor”) pasase a ter que traballar a salario, tal vez como escudeiro no ámbito militar e como segrel no ámbito artístico, con nome simplificado á maneira de xograr: Pero de Ambroa. Sen o patronímico (García), que sería o indicador da condición de cabaleiro (Ventura 2014: 201).

E aínda a pesar das incertezas sobre a personalidade de Pero d’Ambroa e mesmo sobre a identificación ou non do decreto real ao que se alude no texto coa *Supplicatio* de Riquier, é nesta conxuntura onde temos de situar o escarnio incluído no texto mafaldiano que nos ocupa. Xa no exordio, e tamén de xeito reiterado no comezo da segunda e terceira estrofas –tal e como evidencian as correspondencias paralelísticas que se desenvolven nestas partes da composición–, insístease en que Pero d’Ambroa sufrirá por ese acordo tomado polos trobadores e polo decreto do rei, xa que os primeiros non permitirán que sexa chamado trobador ninguén que non saiba trobar, mentres que o decreto, para alén do asunto da denominación, trata o tema da remuneración ou retribución dos seus servizos, que só correspondería a aqueles que posúan as capacidades necesarias para compoñer cantigas: *ca manda el-rei que, se demandar don / o vilão ou se se chamar segrel / e jograria non souber fazer, / que lhi non dé ome [o] seu aver, / mais que lhi filhen todo quant’ouuer* (vv. 17-20).

Percibimos nestes últimos versos citados (vv. 19-20) como se produce unha identificación entre *segrel* e *xograr* (Juárez Blanquer 1993: 196). A figura do segrel e as súas actividades son para nós aínda hoxe un tanto imprecisas, acabando habitualmente por se poñer as máis das veces en paralelo ao xograr. Máis unha vez, Resende de Oliveira (1995: 51-54) chega a diversas conclusións emanadas do estudo das oito cantigas da nosa lírica profana nas cales aparece o vocábulo *segrel* (ou *segrer*), así como da análise da época en que foron compostas e algunhas outras cuestións, que o levan a afirmar que o termo foi empregado sobre todo nos anos previos a 1250 e en poetas relacionados coa corte castelá, como é o caso do noso trobador:

[...] xurrido como designación conxuntural, talvez para responder a un contexto cultural específico, o termo segrel tería unha vida efémera. A pesar do conxunto diversificado de actividades de orde lúdica e cultural que se escondía so a palabra xograr, ela acabou por retomar rapidamente a importancia que tivera ata o primeiro cuarto do séc. XIII e mais tamén nomear ós compositores non nobres que, nos pazos rexios e señoriais, integraban o grupo de autores asociados á canción trobadoresca (Oliveira 1995: 54).

No entanto, algúns versos da cantiga, que son, aliás, os que referencian os mandatos reais, lévannos a pensar nunha sátira social ou mesmo “estamental” –tomando a denominación empregada por Ventura (2014: 200)– máis do que nunha sátira profesional, de tipo literario: *pon ora assi en se degred’el-rei / que se non chame fidalgo per ren* (vv. 11-12), *ca manda el-rei que, se demandar don / o vilão ou se se chamar segrel...* (vv. 17-19). En virtude da dúbida sobre a identificación do decreto coa *Supplicatio*, poderíase hipotizar que Mafaldo se estaría a referir a algún outro precepto real non necesariamente de carácter profesional, polo menos en sentido estrito.

Desde un punto de vista estrutural, o exordio posúe un carácter sentencioso, con esa advertencia dirixida a Pero d’Ambroa sobre a decisión do conxunto dos trobadores, feito que molestará ao citado poeta (*Pero d’Ambroa, averedes pesar / do que nós ora queremos fazer*, vv. 1-2), como xa fica claro desde o propio *incipit*. Insístese neste mesmo aspecto no inicio das dúas cobras sucesivas, mais tamén se introducen novos elementos non incluídos na inicial, como a referencia ao decreto (*pon ora assi en seu degred’el-rei*, v. 11) e ás consecuencias do seu incumprimento, para o caso da segunda estrofa, mentres que na terceira comparecen o asunto das retribucións pecuniarias obtidas polo labor de compositor e, presumibelmente, tamén de intérprete, así como o castigo a aqueles que non saiban desenvolver a *jograria*, explicitado de xeito concluínte e conminatorio no último verso da composición: *mais que lhi filhen todo quant’ouver*.

Finalmente, os artificios retóricos da presente cantiga poñen en evidencia algúns dos termos-chave do escarnio, como acontece coa repetición de teor poliptótico de *pesar* (*pesar, pesará, pesará-vo-lo*), *chamar* (*chamemos, chame, chamar*) ou *trobar* (*trobador, trobar*), ocupando ademais estas últimas a posición de rima nos versos 6-7 da primeira cobra. Repárese tamén na diáfora do verso 10, insistindo na vilanía daqueles que de ningunha maneira se poderán atribuír o título de fidalgo, pois en caso de que iso aconteza lles serán arrincados os dentes de maneira exemplarizante e aleccionadora: *polo vilão, que vilão é, / pon ora assi en seu degred’el-rei / que se non chame fidalgo per ren, / se non, os dentes lhi quiten por én; / e diz: “Assi o escarmentarei”* (vv. 10-14).

Notas

1. O trobador Pero Garcia d’Ambroa, habitualmente citado como *Pero d’Ambroa* (tamén *Pero d’Ambrõa*, coa manutención da nasalidade), é un dos poetas máis alu-

didados no cancioneiro profano galego-portugués, pois aparece en cantigas de Afonso X (468.2), Gonçal' Eanes do Vinhal (1414.1), Pero Gomez Barroso (1466.1), Joan Baveca (1475.1, 1476.1, 1583.8 e 22), Vaasco Perez Pardal (1525.22) e Per' Amigo de Sevilha (1673.4, 1674.1, 1676.1, 4 e 7, 1677.1, 6, 9, 16 e 20).

5. A grafía <nẽ hũ> de B, xeral –con variacións formais mais sempre con deglutinación gráfica– nos apógrafos italianos, aconsella unha consideración do indefinido como *nen un*, fronte a outras variantes como *neun*, *niun*, *negũu* etc. que, na súa maioría, son transmitidas polo Cancioneiro da Ajuda.

6. Nótese a grafía <ll> /ʎ/ no Cancioneiro da Biblioteca Nacional, frecuente nos apógrafos italianos no indefinido *mulho*, que presenta tal dígrafo nunha cuarta parte das ocorrencias. Neste sentido, poden aducirse en BV aínda outras atestacións da grafía <ll> en lugar de <lh>: *molher* <moller> AB, <molher> B' (199 / 125,43 PGar-Bu [A106/B214-215], v. 33); *tolhe* <Tolle> B, <tolhe> V (605 / 25,134 Den [B588/V191], v. 3); *valhades* <uallades> B, <ualhades> V (1078 / 85,4 JuBols [B1076/V667], v. 16); *lho* <llo> B, <lho> V (1105 / 64,16 JBav [B1103/V694], v. 17); *lh'eu* <lleu> B (1586 / 126,10 PGarAm [B1576], v. 3).

7. Do punto de vista paleográfico é explicábel a omisión de *a* por contigüidade na copia manuscrita, de modo que, para resolver a hipometría, introducimos a preposición con *chamar*, tal como se atesta noutras pasaxes: *En tan grave dia senhor filhei / a que nunca “senhor” chamar ousei* (275b.2).

8. A emenda editorial introducida desde Segismundo Spina, coa omisión da preposición, non é xustificábel a partir da lección manuscrita, que nesta pasaxe subministra unha forma moi similar á atestada en Joan Airas (tamén coa sinalefa *á_a*): *que prol á a mí fazer eu vosso ben / e fazer a mí, senhor, mui gran mal?* (957.11-12).

A frase formularia afirmativa *eu ben o sei* (vid. tamén 54.4, 66.13, 209.21) convive no corpus con outras como *eu o sei*, *ben sei*, *ben o sei*, *eu ben o sei* etc.

10. Sobre o uso gráfico de *-n-* como indicación de nasalidade vocálica en *vilão* (tamén no v. 18) vid. nota a II.4. Nótese, no presente contexto, como *vilão* xa aparece coa grafía convencional inmediatamente no mesmo verso.

11. O *degredo*, isto é, ‘decreto, prescrición’ é evolución patrimonial de DECRE-TUM, que foi utilizado, en concorrencia coa forma erudita *decreto*, atestado a partir dos inicios do século XIV (vid. TMILG, s.v. *degredo*, *decreto*). No corpus trobadoresco *degredo* é forma única (vid. tamén 1512.3, 1440.17, 1512.11), xunto con *Degreda*, que equivale a ‘leis’, isto é, a lexislación, como corresponde á súa orixe no neutro plural latino DECRETA (1531.9 – *Don Vaasco, eu fui ja clerizon / e Degreda soia estudar*).

15. Todos os editores segmentan desnecesaria e erroneamente unha forma *o* para o artigo, sen se decataren de que tal forma é *-lo*, produto da asimilación ao pronome anterior *vos*. Cf. notas a I.7 e IV.4.

16. A lección <Efte pesar e pesar cõ razõ> fornecida por B para este verso permite unha interpretación diferente de <Efte>, de xeito que serían tamén posíbeis as lecturas propostas por outros editores: *éste pesar, e pesar con razõ* (Lapa), *est’ é pesar e pesar com razõ* (Lopes).

15-18. Nestes versos aparece unha rima rima *ɛr-ɛl* (*disser - segrel*) cunha equivalencia entre vibrante e lateral [r~l], ambas consoantes líquidas⁵³, practicamente igual á rima *souber - segrel* (971.17-21) e similar á documentada noutras pasaxes trobadorescas: *amar - al* (144.1-6), *Soveral - estar - Soveral* (1292.r1-3), *Natal - dar* (1356.1-2), *falar - Corral* (1369.7-8), *mal - Albar/ - tal* (1379.8-10), *priol - melhor* (1430.12-13) e *taful - algur* (1659.12-14).

20. Todos os editores precedentes suplementan o verso coa introdución dunha preposición *de*, que, do punto de vista paleográfico, podería ser certamente xustificada (erro por contigüidade); porén, é sistemática no corpus a presenza de *ren* (ou *tanto*) como elemento rexente do sintagma *de seu aver* con verbos como *custar* ou *pagar*: *e non lhe custar / a ela ren de seu aver* (123.21); *per que do voss’aver / vos custe tanto* (1321.14); *Sol non é pensado / que vós paguedes ren do meu aver* (1473.19). Máis aínda, *ren* sempre aparece na mesma construción co verbo *dar*:

⁵³ Nótese, con todo, que a variante *segrrer*, que evitaria tal anomalía rimática, se atesta en 115.28, nunha cantiga de Martin Soarez, tamén a rimar con *disser* (v. 25).

1373 / 87,16 LoLias [B1355/V963], v. 21:

ca nunca el **de seu**

aver deu ren

(esto sei eu ben)

que lh'estevesse ben

1621 / 4,1 AfFdzCub [B1610/V1143], v. 3:

De como mi ora con el-rei aveo

quero-vo-l'eu, meus amigos, contar:

el **do seu aver ren** non me quer **dar**

nen er quer que eu viva no alheo

É por isto que semella preferíbel acrecentar a necesaria sílaba métrica coa introdución dun artigo, que, sendo aínda minoritario co posesivo, é frecuente xa nestas construcións durante o período trobadoresco. Neste sentido, convén lembrar, aliás, que, nas secuencias de dúas vogais diferentes, a omisión de *o* é estatisticamente moito máis frecuente após *e* do que tras as vogais *a*, *i* ou *u*.

Rimario*

* Para a consulta deste índice de rimas, téñase en conta que a primeira cifra remite á cantiga e a segunda ao número de verso en que se localiza o timbre. Por outra banda, cando os números de verso van entre parénteses, indican que a palabra rimante aparece no refrán, mentres que se van entre colchetes remiten para a *fiinda*.

- ade** *caridade* VI.17; *verdade* VI.16.
- ado** *alongado* VIII.8; *chegado* VIII.15; *coitado* VIII.1; *cuidado* VIII.18; *encomendado* VIII [24]; *enforcado* VIII.21; *jurado* VII.11; *mandado* VII.12; VIII.11; *nado* VIII.14; *pagado* VIII.7; *pecado* VIII.4; *perjurado* VII.13.
- al** *al* I [22, 23]; II.7; III (6, 12, 18) [20]; VI.12; *mal* II.10; III (5, 11, 17) [19]; IV.2.3.9.10.16.17 (6, 13, 20); VI.13; VIII.6; *tal* VIII.5.
- ar** *cantar* IX.4; *conselhar* I.1; *dar* I.4; *durar* VIII [22]; *levar* II.16; *matar* VIII [23]; *mostrar* II.13; *pesar* IX.1; *quitar* I.5; *trobar* IX.7.
- ε** *é* V.16; IX.10; *fe* V.13; IX.9.
- ece** *acaece* VI.18; *crece* VI.15; *dece* VI.21.
- ei** *aprenderei* VI.5; *averei* VIII.17; *comecei* I.9; *creerei* I.10; *direi* III.7; VIII.16; *escarmentarei* IX.14; *farei* III.10; V (5, 6, 11, 12, 17, 18); *mentir-lho-ei* VI.6; *rei* IX.11; *sei* IX.8.
- eiro** *cavaleiro* VI.14; *mentireiro* VI.8; *verdadeiro* VI.11.
- en** *alguen* IV.19; *ben* I.12; II.8; III.1; IV (7, 14, 21); V.14; VIII.3; *conven* V.15; *én* III.4; IV.5; IX.13; *ren* I.11; IV.12; VIII.2; IX.12; *sén* I.8; II.9.
- endo** *aprendendo* VI.4; *guarecendo* VI.7; *revolvendo* VI.1.
- er/el** *disser* I.2; *mester* I.3; *segrel* IX.18; *ouver* IX.21.
- er** *aver* IX.20; *conhocer* IV.11; *cousecer* IV.8; IX.15; *dizer* IV.4; *fazer* III.15; VIII.9; IX.2; IX.19; *parecer* IV.1; *poder* VIII.10; *poer* IX.3; *viver* III.14.
- eu** *deu* I.15; *eu* I.19; *seu* I.18.

eus *Deus* II.15; *meus* II.14.

ez *fez* II.3; *prez* II.2; III.13; V.9; *vez* III.16; V.8.

i/in *assi* VIII.19; *i* III.3; *mí* III.2; *min* II.4; VIII.20; *outrossi* IV.18; *vi* II.1; IV.15.

ia *fazia* VII.1; *veria* VII.2; *via* VII.3.

igo *amigo* V.2; VI.9; *digo* V.3; VI.10.

isse *disse* VII.8; *partisse* VII.7; *visse* VII.6.

ões *corações* VI.2; *nações* VI.3.

on *coraçon* V.7; *don* IX.17 *non* V.10; *razon* IX.16.

onha *Catalonha* VII (5, 10, 15); *vergonha* VII (4, 9, 14).

or *amor* III.8; V.4; VIII.12; IX.5; *maior* III.9; *melhor* I (7, 14, 21); II (6, 12, 18); *sabor* V.1; *senhor* I (6, 13, 20); II (5, 11, 17); VI.19; VIII.13; *trobador* IX.6; *valor* VI.20.

Glosario*

* As abreviaturas utilizadas no glosario son as seguintes: adv. (adverbio, adverbial), advers. (adversativo), adx. (adxectivo), af. (afirmativo), aglut. (aglutinación), antrop. (antropónimo), art. (artigo), aux. (auxiliar), cant. (de cantidade), caus. (causal), comp. (comparativo), compl. (complexo), complet. (compleativo), conces. (concesivo), cond. (condicional), consec. (consecutivo), contr. (contracción), conx. (conxunción, conxuntivo), cop. (copulativo), cuant. (cuantificador), dem. (demostrativo), disx. (disxuntivo), estr. (estrutura), expr. (expresión), f. (feminino), fin. (final), fr. (frase), incl. (de inclusión), indef. (indefinido), interx. (interxección), intr. (intransitivo), loc. (locución), m. (masculino), mod. (modal), neg. (de negación), num. (numeral), O. D. (obxecto directo), O. I. (obxecto indirecto), part. (participio), pers. (persoal), poses. (posesivo), pr. (pronominal), pred. (predicativo), prep. (preposición, prepositivo), pret. (pretérito), pron. (pronome), relat. (relativo), s. (substantivo), temp. (temporal), top. (topónimo), tr. (transitivo), v. (verbo), verb. (verbal).

a_2 vid. o_1

a_3 vid. o_2

a_1 prep. ‘a’

1. Introduce O. D.: VI.13 [e] **a** quen quero ben querrei-lhe mal || IX.7 nen ar chame-mos, ... / ..., nulh’ome trobador / senon [**a**] aquel que souber trobar

2. Introduce O. I.: III.2 ven muito mal **a** mí || IV.10 ca vos ouç’ende cosecer / de mi fazerdes tanto mal, / **a** muitos || IV.10 a muitos, **a** que é gran mal / en perder vosso conhocer / en min || VI.6 **a** quen poser preito mentir-lho-ei || VIII.17 “Bon grad’**a** Deus, ca ja agora averei / o ben por que andava en cuidado” || VIII.20 que mi valvera muito máis **a** min / jazer mort[o] ou seer enforcado || IX.8 E pesar^a **a** vós muit’, eu ben o sei, / do que vos eu direi

3. Introduce un complemento circunstancial de lugar (expresa ‘dirección’): VII.5 *non me viu máis d’un dia e vai-s’**a** Catalonha*

4. Participa na perífrase modal obrigativa dever + a + infinitivo: VIII.23 **devia-m’**a**** matar / ant’ou seer ao dem’encomendado

5. Intervén na expr. verb. *ir a mandado* ‘obedecer’: VIII.11 demais, fostes ogan’**a** meu mandado / por mi fazerdes [gran] ben e amor

6. Forma parte da loc. adv. mod. *a vosso poder* ‘o máis que poidades, con todo o voso poder’: VIII.10 pero punhades vós en mi-o fazer / quanto podedes, **a vosso poder**

à contr. da prep. *a* e o art. f. *a*. Cf. *ao*

VI.16 porque me quigi teer à verdade, / vede-lo que farei

[*acaecer*] v. intr. ‘acontecer, suceder’

VI.18 pois que vej’o que m’as[s]i **acaeece**

***aginha* adv. temp. ‘axiña, rapidamente’**

VI.2 Vej’eu as gentes andar revolvendo / e mudando **aginha** os corações / do que poen antre sí as nações

***agora* adv. temp. ‘agora’**

VIII.16 diss’enton com’**agora** vos direi || VIII.17 “Bon grad’**a** Deus, ca ja **agora** averei / o ben por que andava en cuidado”

ai! interx. ‘ai!’

I.1 **Ai** mia senhor, veen-me conselhar / meus amigos como vos eu disser || I.9 E todos dizem que fiz i mal sén, / **ai** mia senhor, de quanto comecei / de vos servir || V.1 **Ai** amiga, sempr’avedes sabor / de me rogardes por meu amigo / que lhi faça ben

al pron. indef.

1. ‘outra cousa; outra pessoa’: I.17 pois m’esto dizem, dizem-m’assi **al** || I.23 mais farei-m’eu **al** || II.7 [E] por tal moir’e direi-vos eu **al** || III.6 pesa-m’ende, mais non farei i **al** || III.20 cuid’eu, que é mal / de máis, amigo, demandardes-mi **al** || V.10 e eu por vos[s]o rogo, e por **al** non, / farei-lh’eu ben || VI.12 mais mentirei e firmarei log’**al**
2. Aglutinado co relativo *quanto* forma unha locución cuantificadora relativa equivalente a ‘todo aquilo que, todo canto’: VII.6 Nunca vistes, amiga, **quant’al** amigo visse

alguen pron. indef. ‘alguén’

IV.19 e maravilhan-s’outrossi / se vo-lo conselhou **alguen**

[algun], algũa pron. indef. ‘algún, algunha’

V.8 Vós me rogastes mui de coraçon / que lhe fizesse ben **algũa** vez

alongado, [alongada] part. pret. de alongar ‘afastar, distanciar (no espazo)’

VIII.8 D’aver de vós ben and’eu **alongado**

Ambroa vid. Pedro d’Ambroa

amiga s. f. ‘amiga, compañeira’

V.1 Ai **amiga**, sempr’avedes sabor / de me rogardes por meu amigo / que lhi faça ben || V.13 Rogastes-mi, **amiga**, per bõa fe, / que lhi fizesse toda via ben / por vós || VII.1 O meu amig’, **amiga**, que me gran ben fazia, / fez-me pre[i]t’e menage que ante me veria / que se fosse || VII.6 Nunca vistes, **amiga**, quant’al amigo visse || VII.11 Non sabedes, **amiga**, como m’ouve jurado / que nunca se partisse de mí sen meu mandado

amigo s. m.

1. ‘amigo, amante, namorado’: III.4 - Vedes, **amig’**, o que vos farei én || III.5 *se vos por mí, meu amigo, ven mal, / pesa-m’ende, mais non farei i al* || III.20 que é mal / de

máis, **amigo**, demandades-mi al || V.2 Ai amiga, sempr'avedes sabor / de me rogades por meu **amigo** / que lhi faça ben || VII.1 O meu **amig'**, amiga, que me gran ben fazia, / fez-me pre[i]t'e menage que ante me veria / que se fosse || VII.6 Nunca vistes, amiga, quant'al **amigo** visse

2. 'amigo, compañero': I.2 Ai mia senhor, veen-me conselhar / meus **amigos** como vos eu disser || VI.9 ca vej'eu ir melhor ao mentireiro / ca o que diz verdade ao seu **amigo** || VI.19 mentirei ao **amigo** e ao senhor

amor s. m. 'amor'

III.8 o vosso ben e vós e voss'**amor** / me dan gran mal, que non poden maior || V.4 mais ja por voss'**amor** / farei-lh'eu ben || IX.5 nen ar chamemos, per nen un **amor** / que lh'ajamos, nulk'ome trobador / senon [a] aquel que souber trobar

fazer amor 'amar, dar probas de amor, tratar con afecto': VIII.12 demais, fostes ogan'a meu mandado / por mi **fazerdes** [gran] ben e **amor**

[andar] v. intr. 'ser, estar, comportarse'

VIII.1 Maria Perez, **and'**eu mui coitado / por vós, de pran, máis ca por outra ren || VIII.8 D'aver de vós ben **and'**eu alongado || VIII.18 "Bon grad'a Deus, ca ja agora averei / o ben por que **andava** en cuidado"

andar + xerundio forma perífrases durativas que indican continuidade da acción: VI.1 Vej'eu as gentes **andar** revolvendo / e mudando aginha os corações / do que poen antre sí as nações

ante adv. temp. 'antes, anteriormente'

VIII.24 devia-m'a matar / **ant'**ou seer ao dem'encomendado

ante ... que loc. conx. temp. 'antes (de) que': VII.2-3 O meu amig', amiga, ..., / fez-me pre[i]t'e menage que **ante** me veria / **que** se fosse

antre prep. 'entre'

VI.3 e mudando aginha os corações / do que poen **antre** sí as nações

ao aglut. da prep. a e o art. o. Cf. à

VI.8 ca vej'eu ir melhor **ao** mentireiro / ca o que diz verdade ao seu amigo || VI.9 ca vej'eu ir melhor ao mentireiro / ca o que diz verdade **ao** seu amigo || VI.19 mentirei **ao**

amigo e ao senhor || VI.19 mentirei ao amigo e **ao** senhor || VIII.24 devia-m'a matar / ant'ou seer **ao** dem'encomendado

[aprender] v. tr. 'aprender, adquirir coñecemento'

VI.4 e ja m'eu aquesto vou **aprendendo** / e ora cedo máis **aprenderei** || VI.5 e ja m'eu aquesto vou **aprendendo** / e ora cedo máis **aprenderei**

aquel, [aquela], [aquele] pron. dem. 'aquel, aquela, aquilo'

IX.7 nen ar chamemos, ... / ..., nulh'ome trobador / senon [a] **aquel** que souber trobar

[aqueste], [aquesta], aquesto pron. dem. reforzado 'esta, esta, isto'. Cf. *este*

VI.4 e ja m'eu **aquesto** vou **aprendendo** / e ora cedo máis **aprenderei** || VI.10 e por **aquesto** o jur'e o digo / que ja máis nunca seja verdadeiro || VIII.22 E se muit'**aquesto** mi á de durar / vosco, senhor, devia-m'a matar / ant'ou seer ao dem'encomendado

ar adv. de reforzo que precede ao verbo, indicando diversos valores contextuais 'tamén, igualmente, ademais...'

IV.5 e quantos-lo ouven dizer, / senhor, **ar** maravilhan-s'én / *de mi fazeres sempre mal / e nunca mi fazeres ben* || IX.15 **Ar** pesará-vo-lo que vos disser

nen ar loc. conx. cop. 'nin tampouco': IX.5 os trobadores queremos poer / que se non faça tanto mal cantar / **nen ar** chamemos, per nen un amor / que lh'ajamos, nulh'ome trobador

assi adv. mod. 'así, de tal modo'

I.17 pois m'esto dizen, dizen-m'**assi** al || II.15 e **assi** quisso Deus || V.16 mais, e pois que **assi** é, / *farei-lh'eu [ben]* || VI.18 pois que vej'o que m'**as[s]i** acaece || VI.7 a quen poser preito mentir-lho-ei, / e **as[s]i** irei melhor guarecendo || VII.4 *e sempre mi assi mente e non á de mí vergonha* || IX.11 polo vilão, que vilão é, / pon ora **assi** en seu degred'el-rei / **que** se non chame fidalgo per ren || IX.14 "**Assi** o escarmentarei" **assi ... come** estr. comp. 'así como': VI.14 e **as[s]i** guar[r]ei **come** cavaleiro **assi que** loc. conx. consec.-fin. 'así que, de modo que': VIII.19-20 E vós enton guisastes-mi-o **assi** / **que** mi valvera muito máis a min / jazer mort[o] ou seer enforcado

aver, v.

1. tr. 'ter, posuír, conseguir': IX.21 ca manda el-rei que, ... / ... / ..., / que lhi non dé ome [o] seu aver, / mais que lhi filhen todo quant'**ouver**

2. tr. ‘ter, obter, dispor de, contar con’: VIII.3 e vós cuidades que **ei** de vós ben, / que eu non ei de vós, mao pecado || VIII.4 e vós cuidades que ei de vós ben, / que eu non **ei** de vós, mao pecado || VIII.8 D’**aver** de vós ben and’eu alongado || VIII.14 e con tal ben qual eu enton, senhor, / **ouvi** de vós mal dia eu fui nado || VIII.17 “Bon grad’a Deus, ca ja agora **averei** / o ben por que andava en cuidado”

3. tr. ‘sentir, experimentar’: V.1 Ai amiga, sempr’**avedes** sabor / de me rogades por meu amigo / que lhi faça ben || VII.4 e vai-s’ora de carreira sa via, / *e sempre mi assi mente e non á de mí vergonha* || IX.1 Pero d’Ambroa, **averedes** pesar / do que nós ora queremos fazer desamor || IX.6 nen ar chamemos, per nen un amor / que lh’**ajamos**, nulh’ome trobador

4. aux. O verbo aver + part. forma tempos compostos: VII.11 Non sabedes, amiga, como m’**ouve** jurado / que nunca se partisse de mí sen meu mandado

5. Intervén na formación da perífrase obrigativa aver + de + infinitivo: VIII.22 E se muit’aquesto mi á **de** durar / vosco, senhor, devia-m’a matar / ant’ou seer ao dem’encomendado

aver₂ s. m. ‘haber, bens, riqueza’

IX.20 que lhi non dé ome [o] seu **aver**, / mais que lhi filhen todo quant’ouver

ben₁ adv. mod. ‘ben, perfectamente, satisfactoriamente’

I.12 ca, mia senhor, que mi fez é[n] mui **ben** / *de vos servir e vos [chamar “senhor”]* || V.3 e **ben** vos digo / que me pesa

ben₂ s. m. ‘ben, galardón, recompensa (amorosa), favor da dama’

II.5 per bõa fe, todo por mal de min / *a fezo Deus de muito ben senhor / e das melhores donas a melhor* || II.14 E non mi foi Nostro Senhor mostrar / os seus olhos, de pran, por **ben** dos meus, / mais por meu mal || III.1 - Senhor, por vós e polo vosso **ben**, / que vos Deus deu, ven muito mal a mí || III.8 o vosso **ben** e vós e voss’amor / me dan gran mal, que non poden maior || III.13 - De vos pesar, senhor, **ben** ést’e prez || VIII.3 e vós cuidades que ei de vós **ben**, / que eu non ei de vós, mao pecado || VIII.7 e de tal **ben** non soo eu pagado || VIII.8 D’aver de vós **ben** and’eu alongado || VIII.13 e con tal **ben** qual eu enton, senhor, / ouvi de vós mal dia eu fui nado || VIII.18 “Bon grad’a Deus, ca ja agora averei / o **ben** por que andava en cuidado”

fazer ben ‘conceder un ben, amar, conceder recompensa (amorosa)’: II.8 fez-lhi tod’esto e fez-lhi muito **ben** / en a fazer dona de mui bon sén / e mui mansa || IV.7 ar

maravilhan-s'én / *de mi fazerdes sempre mal / e nunca mi **fazerdes ben*** || V.3 Ai amiga, sempr'avedes sabor / de me rogardes por meu amigo / que lhi **faça ben** || V.5 mais ja por voss'amor / ***farei-lh'eu ben*** || V.6 *mais de pran non farei / quant'el quiser, pero **ben lhi farei*** || V.8 Vós me rogastes mui de coraçon / que lhe **fezesse ben** algũa vez || V.14 Rogastes-mi, amiga, per bõa fe, / que lhi **fezesse** toda via **ben** / por vós || VII.1 O meu amig', amiga, que me gran **ben fazia** || VIII.5-6 ca mi **fazedes** vós en guisa tal / **ben**, mia senhor, que depois é meu mal || VIII.12 demais, fostes ogan'a meu mandado / por mi **fazerdes** [gran] **ben** e amor
querer ben 'amar': VI.13 [e] a quen **quero ben** querrei-lhe mal
eu ben o sei fr. formularia aseverativa: IX.8 E pesará a vós muit', **eu ben o sei**, / do que vos eu direi, per bõa fe

bõa vid. bon

bon, bõa adx. 'bo, boa'

II.2 feze-a Deus senhor de mui **bon** prez / e máis fremosa de quantas El fez || II.9 fez-lhi tod'esto e fez-lhi muito ben / en a fazer dona de mui **bon** sén / e mui mansa || IV.1 Senhor do mui **bon** parecer || V.9 ca me seria mesura [e] **bon** prez || VIII.17 "**bon** grad'a Deus, ca ja agora averei / o ben por que andava en cuidado"
per bõa fe loc. adv. af. 'abofé, con certeza': II.4 **per bõa fe**, todo por mal de min / *a fezo Deus de muito ben senhor* || V.13 Rogastes-mi, amiga, **per bõa fe**, / que lhi fezesse toda via ben / por vós || IX.9 E pesará a vós muit', eu ben o sei, / do que vos eu direi, **per bõa fe**: / ...

ca, conx. caus. 'porque'

I.3 que vos non sérvia, **ca** non m'é mester || I.4 ca non m'é mester, / **ca** nunca ren por mí quisestes dar || I.12 **ca**, mia senhor, que mi fez é[n] mui ben / *de vos servir e vos [chamar "senhor"]* || IV.8 **ca** vos ouç'ende cousecer / de mi fazerdes tanto mal || V.9 Vós me rogastes mui de coraçon / que lhe fezesse ben algũa vez, / **ca** me seria mesura [e] bon prez || VI.8 **ca** vej'eu ir melhor ao mentireiro / ca o que diz verdade ao seu amigo || VII.7 Nunca vistes, amiga, quant'al amigo visse, / **ca** me jurou que nunca se ja de mí partisse || VIII.5 e vós cuidades que ei de vós ben, / que eu non ei de vós, mao pecado, / **ca** mi fazedes vós en guisa tal / ben, mia senhor, que depois é meu mal

|| VIII.17 “Bon grad’a Deus, **ca** ja agora averei / o ben por que andava en cuidado” ||
IX.17 Ar pesará-vo-lo que vos disser / (...), / **ca** manda el-rei que, ... / ... / ..., / que lhi
non dé ome [o] seu aver

ca₂ conx. comp. Só aparece formando parte de estruturas comparativas

máis ca estr. comp. ‘máis (do) que’: VIII.2 Maria Perez, and’eu mui coitado / por
vós, de pran, **máis ca** por outra ren

melhor ... ca estr. comp. ‘mellor (do) que’: VI.8-9 ca vej’eu ir **melhor** ao mentireiro
/ **ca** o que diz verdade ao seu amigo

cantar s. m. ‘cantar, canción, cantiga’

IX.4 os trobadores queremos poer / que se non faça tanto mal **cantar**

caridade s. f. Só aparece na expr. adv. *par caridade* ‘por favor, por amor de Deus’

VI.17 vede-lo que farei, **par car[i]dade**, / pois que vej’o que m’as[s]i acaece: / ...

carreira s. f. ‘camiño, vía’. Só aparece na expr. verb. *ir-se de carreira sa via* ‘mar-
char, partir’

VII.3 e **vai-s’ora de carreira sa via**, / e sempre mi assi mente e non á de mí vergonha

Catalonha top. ‘Cataluña’

VII.5 non me viu **máis d’un día e vai-s’a Catalonha**

cavaleiro s. m. ‘cabaleiro, home nobre’

VI.14 e as[s]i guar[r]ei come **cavaleiro**

cedo adv. temp. ‘cedo’

VI.5 e ja m’eu aquesto vou aprendendo / e ora **cedo** máis aprenderei

cen vid. cento

cento ~ cen pron. num. ‘cen’

VII.8 e máis foron de **cento** mentiras que m’el disse

A forma **cen** aparece en posición proclítica: VII.13 e mentiu-me **cen** vezes e máis
o perjurado

chamar v.

1. pred. ‘nomear, denominar’: I.6 pero, senhor, non m’én quer’eu quitar / *de vos servir e vos* **chamar** “*senhor*” || IX.5 nen ar **chamemos**, per nen un amor / que lh’ajamos, nulh’ome trobador / senon [a] aquel que souber trobar || IX.12 pon ora assi en seu degred’el-rei / que se non **chame** fidalgo per ren

2. pr. ‘chamarse, denominarse’: IX.18 ou se se **chamar** segrel / e jograria non souber fazer

chegado, [chegada] part. pret. de chegar ‘chegar’

VIII.15 En ùa noite o tive **chegado**

coita s. f. ‘pena, mágoa, pesar, aflicción, angustia (nomeadamente provocada polo sentimento amoroso)’

II.16 por me fazer maior **coita** levar / *a fezo Deus [de muito ben senhor]*

coitado, [coitada] part. pret. de coitar ‘atormentar, aflixir, angustiar’

VIII.1 Maria Perez, and’eu mui **coitado** / por vós, de pran, máis ca por outra ren

[começar] v. intr. Forma perífrases verbais, de valor incoativo, coa prep. de + infinitivo

I.9 E todos dicen que fiz i mal sén, / ai mia senhor, de quanto **comecei** / **de** vos servir

como ~ come conx. mod.-comp. ‘como’

I.2 Ai mia senhor, veen-me conselhar / meus amigos **como** vos eu disser || VII.11 Non sabedes, amiga, **como** m’ouve jurado / que nunca se partisse de mí sen meu mandado || VIII.16 diss’enton **com**’agora vos direi

assi ... come estr. comp. ‘así como’: VI.14 e as[s]i guar[r]ei **come** cavaleiro

con prep. ‘con’

1. Introduce complemento circunstancial de modo: IX.16 este pesar é pesar **con** razon

2. Introduce complemento circunstancial de causa: VI.21 e pojará meu prez e meu valor / **con** mentira, pois con verdade dece || VI.21 e pojará meu prez e meu valor / con mentira, pois **con** verdade dece || VIII.13 e **con** tal ben qual eu enton, senhor, / ouvi de vós mal dia eu fui nado

conhocer s. m. ‘coñecemento, saber, entendemento, discreción’

IV.11 a que é gran mal / en perder vosso **conhocer** / en min

conselhar v. tr. e intr. ‘aconsellar’

I.1 Ai mia senhor, veen-me **conselhar** / meus amigos como vos eu disser || I.22 E, mia senhor, **conselha**-me mui mal / quen mi-o conselha, mais farei-m’eu al || I.23 E, mia senhor, conselha-me mui mal / quen mi-o **conselha**, mais farei-m’eu al || IV.19 e maravilhan-s’outrossi / se vo-lo **conselhou** alguen / *de mi fazerdes [sempre mal]*

[conviir] v. tr. ‘convir, ser necesario, útil ou de proveito’

V.15 e, pois vós queredes, **conven** / que o faça

coraçon s. m. ‘sentimento interior, vontade, pensamento’

VI.2 Vej’eu as gentes andar revolvendo / e mudando aginha os **corações** / do que poen antre sí as nações

de coraçon loc. adv. mod. ‘sinceramente’: V.7 Vós me rogastes mui **de coraçon** / que lhe fizesse ben algũa vez

cousecer v. intr. ‘reprender, censurar, criticar’

IV.8 ca vos ouç’ende **cousecer** / de mi fazerdes tanto mal, / a muitos

[crecer] v. intr. ‘crecer, medrar, aumentar’

VI.15 Pois que meu prez nen mia onra non **crece** / porque me quigi teer à verdade

[creer] v. tr. ‘crer, acreditar en’

I.10 e non os **creerei**, / mentr’eu viver, nunca, por ãa ren: / ...

cuidado s. m. ‘coidado, aflicción, mágoa’

VIII.18 “Bon grad’a Deus, ca ja agora averei / o ben por que andava en **cuidado**”

[cuidar] v. tr. ‘pensar, meditar, xulgar’

III.19 **cuid**’eu que é mal / de máis, amigo, demandardes-mi al || VIII.3 e vós **cuidades** que ei de vós ben

dar v. tr.

1. **‘dar, conceder, outorgar’**: I.15 E máis me dizen do que me vos **deu** / por mia senhor: que mi fez i gran mal || III.2 - Senhor, por vós e polo vosso ben, / que vos Deus **deu**, ven muito mal a mí

2. **‘entregar, dar’**: IX.20 ca manda el-rei que, ... / ... / ..., / que lhi non **dé** ome [o] seu aver

3. **‘provocar, ser a causa de’**: III.9 o vosso ben e vós e voss’amor / me **dan** gran mal, que non poden maio

non dar ren ‘non facer caso de, non lle conceder importancia’. **Rexe a preposición por, ao tempo que pode presentar variación na expresión da negación (nunca)**: I.4 ca **nunca ren** por mí quisestes **dar**

de prep.

1. **Introduce complemento circunstancial de lugar**: VIII.4 e vós cuidades que ei de vós ben, / que eu non ei **de** vós, mao pecado // VIII.14 e con tal ben qual eu enton, senhor, / ouvi **de** vós mal dia eu fui nado

2. **Introduce complemento circunstancial de modo**: II.2 feze-a Deus senhor **de** mui bon prez / e máis fremosa de quantas El fez || II.5 per bõa fe, todo por mal de min / *a fezo Deus de muito ben senhor*

3. **Introduce complemento circunstancial de causa**: I.9 E todos dizen que fiz i mal sên, / ai mia senhor, **de** quanto comecei / de vos servir

4. **Introduce complemento do nome**: II.9 e fez-lhi muito ben / en a fazer dona **de** mui bon sên / e mui mansa // II.4 per bõa fe, todo por mal **de** min / *a fezo Deus de muito ben senhor* // III.20 cuid’eu que é mal / **de** máis, amigo, demandades-mi al

5. **Introduce cláusulas con infinitivo que poden funcionar como suxeito**: III.13 - **De** vos pesar, senhor, ben ést’e prez || IV.17 todos mi dizen que é mal / **de** mi fazerdes tanto mal

6. **Forma parte da estr. comp. máis de / máis ... de ‘máis que’**: II.3 feze-a Deus senhor de mui bon prez / e **máis** fremosa **de** quantas El fez || VII.5 *non me viu máis d’un dia e vai-s’a Catalonha* || VII.8 e **máis** foron **de** cento mentiras que m’el disse

7. **Forma parte do conglomerado antroponímico Pero d’Ambroa**: IX.1 **Pero d’Ambroa**, averedes pesar / do que nós ora queremos fazer

8. **A preposición de aparece como rexencia de diversos verbos e expresións verbais: andar alongado de**: VIII.8 **D’aver** de vós ben and’eu alongado // *aver ben de*:

VIII.3 e vós cidades que ei **de** vós ben // VIII.8 D'aver **de** vós ben and'eu alongado // *aver sabor de*: V.2 Ai amiga, sempr'avedes sabor / **de** me rogades por meu amigo / que lhi faça ben // *aver vergonha de*: VII.4 *e sempre mi assi mente e non á de* mí vergonha // *comezar de*: I.10 E todos dizem que fiz i mal sén, / ai mia senhor, de quanto comecei / **de** vos servir // *cousecer de*: IV.9 ca vos ouç'ende cousecer / **de** mi fazerdes tanto mal // *maravilharse de*: IV.6 ar maravilhan-s'én / **de** mi fazerdes sempre mal // *pagarse de*: VIII.7 e **de** tal ben non soo eu pagado // *partirse de*: VII.7 ca me jurou que nunca se ja **de** mí partisse // VII.12 Non sabedes, amiga, como m'ouve jurado / que nunca se partisse **de** mí sen meu mandado // *pesar de*: III.19 [*mais non farei i al*], / **de** que mi pesa // *quitar de*: I.6 pero, senhor, non m'én quer'eu **quitar** / **de** vos servir e vos chamar “senhor”

9. Forma parte da perífrase modal obrigativa *aver + de + infinitivo*: VIII.22 E, se muit'aquesto mi á **de** durar / vosco, senhor, devia-m'a matar

10. Participa en diversas locucións adverbiais: *de pran* loc. adv. mod. ‘certamente, sen dúbida’: II.14 E non mi foi Nostro Senhor mostrar / os seus olhos, **de pran**, por ben dos meus // V.5 *mais de pran non farei / quant'el quiser, pero ben lhi farei* // VIII.2 Maria Perez, and'eu mui coitado / por vós, **de pran**, máis ca por outra ren // *de coração* loc. adv. mod. ‘sinceramente, profundamente’: V.7 Vós me rogastes mui **de coração** / que lhe fizesse ben algũa vez // *de carreira* loc. adv. mod. (na fr. verb. *ir-se de carreira sa via*): VII.3 e vai-s'ora **de carreira** sa via

[decer] v. intr. ‘descer, diminuir’

VI.21 e pojará meu prez e meu valor / con mentira, pois con verdade **dece**

[degredo] s. m. ‘decreto, prescripción’

IX.11 pon ora assi en seu **degred** el-rei / que se non chame fidalgo per ren

***demais* adv. incl. ‘además, alén diso’**

VIII.11 **demais**, fostes ogan'a meu mandado / por mi fazerdes [gran] ben e amor

***demandar* v. tr. ‘pedir, reclamar, exibir’**

III.20 cuid'eu que é mal / de máis, amigo, **demandardes**-mi al // IX.17 ca manda el-rei que, se **demandar** don / o vilão ou se se chamar segrel / e jograria non souber fazer, / que lhi non dé ome [o] seu aver

[demo] s. m. ‘demo’

VIII.24 devia-m’a matar / ant’ou seer ao **dem**’encomendado

[dente] s. m. ‘dente’

IX.13 se non, os **dentes** lhi quiten por én

depois adv. temp. ‘despois’

I.7 e vós faredes **depoi-lo melhor!** || VIII.6 ca mi fazedes vós en guisa tal / ben, mia senhor, que **depois** é meu mal

Deus s. m. ‘Deus’

II.2 A mia senhor, que eu por meu mal vi, / feze-a **Deus** senhor de mui bon prez / e máis fremosa de quantas El fez || II.5 per bõa fe, todo por mal de min / *a fezo Deus de muito ben senhor / e das melhores donas a melhor* || II.15 e assi quisso **Deus** || III.2 - Senhor, por vós e polo vosso ben, / que vos **Deus** deu, ven muito mal a mí || VIII.17 “Bon grad’a **Deus**, ca ja agora averei / o ben por que andava en cuidado”

Deus aparece en uso vocativo, na expresión *por Deus*: III.3 **por Deus**, senhor, fazed’o melhor i

[dever] v. Só aparece na perífrase obrigativa *dever + a + infinitivo*

VIII.23 **devia-m’a** matar / ant’ou seer ao dem’encomendado

día s. m. ‘día’

VII.5 non me viu máis d’un **día** e vai-s’a Catalonha

mal día ‘en infausto día’ VIII.14 e con tal ben qual eu enton, senhor, / ouvi de vós mal **día** eu fui nado

dizer v. tr. ‘dicir, manifestar, expresar, falar’

I.2 Ai mia senhor, veen-me conselhar / meus amigos como vos eu **disser** || I.8 E todos **dizen** que fiz i mal sén || I.15 E máis me **dizen** do que me vos deu / por mia senhor || I.17 pois m’esto **dizen**, dizen-m’assi al || I.17 pois m’esto dizen, **dizen-m’**assi al: / ... || II.7 [E] por tal moir’e **direi**-vos eu al: / ... || III.7 - Senhor fremosa, máis vos én **direi**: / ... || III.10 - Ja vos **dixi** quanto vos én farei || III.16 - Ja vo-lo **dixi**, e direi outra vez || III.16 - Ja vo-lo dixi, e **direi** outra vez: / ... || IV.4 e quantos-lo ouven **dizer**, / senhor,

ar maravilhan-s'én / *de mi fazerdes sempre mal* || IV.16 todos mi **dizen** que é mal / de mi fazerdes tanto mal || V.3 e ben vos **digo** / que me pesa || VI.10 e por aquesto o jur'e o **digo** / que ja máis nunca seja verdadeiro || VII.8 e máis foron de cento mentiras que m'el **disse** || VIII.16 **diss'**enton com'agora vos direi: / ... || VIII.16 **diss'**enton com'agora vos **direi**: / ... || IX.9 E pesará a vós muit', eu ben o sei, / do que vos eu **direi**, per bõa fe || IX.14 e **diz**: “Assi o escarmentarei” || IX.15 Ar pesará-vo-lo que vos **disser**

dizer verdade ‘falar verdade, ser verdadeiro’: VI.9 ca vej'eu ir melhor ao mentireiro / ca o que **diz** verdade ao seu amigo

do, da contr. da prep. de co art.

I.15 E máis me **dizen do** que me vos deu / por mia senhor || II.6 todo por mal de min / *a fezo Deus de muito ben senhor* / e **das** melhores donas a melhor || II.14 E non mi foi Nostro Senhor mostrar / os seus olhos, de pran, por ben **dos** meus || IV.1 Senhor **do** mui bon parecer || IV.2 maravilho-m'eu **do** gran mal / que mi fazedes por meu mal || VI.3 e mudando aginha os corações / **do** que poen antre sí as nações || IX.2 Pero d'Ambroa, averedes pesar / **do** que nós ora queremos fazer || IX.9 E pesará a vós muit', eu ben o sei, / **do** que vos eu direi

don s. m. ‘don, dádiva, recompensa’

IX.17 ca manda el-rei que, se demandar **don** / o vilão ou se se chamar segrel / e jograria non souber fazer, / que lhi non dé ome [o] seu aver

dona s. f. ‘señora, dama, muller’

II.6 *e das melhores donas a melhor* || II.9 fez-lhi tod'esto e fez-lhi muito ben / en a fazer **dona** de mui bon sén

durar v. intr. ‘prolongarse no tempo, perdurar, permanecer’

VIII.22 E, se muit'aquesto mi á de **durar** / vosco, senhor

e conx. cop. ‘e’

1. **Une cláusulas ou elementos dentro dunha cláusula**: I.6 pero, senhor, non m'én quer'eu quitar / *de vos servir e vos chamar “senhor”* || I.7 pero, senhor, non m'én quer'eu quitar / *de vos servir e vos chamar “senhor”*, / e vós faredes depoi-lo melhor! || II.3 feze-a Deus senhor de mui bon prez / e máis fremosa de quantas El fez || II.6 todo

por mal de min / *a fezo Deus de muito ben senhor / e das melhores donas a melhor* || II.7 [E] por tal moir'e direi-vos eu al: / ... || II.8 fez-lhi tod'esto e fez-lhi muito ben || II.10 e fez-lhi muito ben / en a fazer dona de mui bon sén / e mui mansa || III.1 - Senhor, por vós e polo vosso ben, / que vos Deus deu, ven muito mal a mí || III.8 o vosso ben e vós e voss'amor / me dan gran mal || III.8 o vosso ben e vós e voss'amor / me dan gran mal || III.13 - De vos pesar, senhor, ben ést'e prez || III.16 - Ja vo-lo dixi, e direi outra vez: / ... || IV.12 a que é gran mal / en perder vosso conhocer / en min e non guaanhardes ren || IV.7 ar maravilhan-s'én / *de mi fazerdes sempre mal / e nunca mi fazerdes ben* || V.3 Ai amiga, sempr'avedes sabor / de me rogardes por meu amigo / que lhi faça ben, e ben vos digo / que me pesa || V.9 ca me seria misura [e] bon prez || V.10 e eu por vos[s] o rogo, e por al non, / *farei-lh'eu ben* || V.15 Rogastes-mi, amiga, per bõa fe, / que lhi fezesse toda via ben / por vós, e, pois vós queredes, conven / que o faça || VI.2 Vej'eu as gentes andar revolvendo / e mudando aginha os corações || VI.5 e ja m'eu aquesto vou aprendendo / e ora cedo máis aprenderei || VI.7 a quen poser preito mentir-lho-ei, / e as[s]i irei melhor guarecendo || VI.10 e por aquesto o jur'e o digo / que ja máis nunca seja verdadeiro || VI.12 mais mentirei e firmarei log'al: / ... || VI.13 mais mentirei e firmarei log'al, / [e] a quen quero ben quereirei-lhe mal || VI.14 [e] a quen quero ben quereirei-lhe mal, / e as[s]i guar[r]ei come cavaleiro || VI.19 mentirei ao amigo e ao senhor || VI.20 mentirei ao amigo e ao senhor, / e pojará meu prez e meu valor / con mentira || VI.20 e pojará meu prez e meu valor / con mentira || VII.2 O meu amig', ..., / fez-me pre[i]t'e menage que ante me veria / que se fosse || VII.3 O meu amig', amiga, que me gran ben fazia, / fez-me pre[i]t'e menage que ante me veria / que se fosse, e vai-s'ora de carreira sa via || VII.4 *e sempre mi assi mente e non á de mí vergonha* || VII.4 e vai-s'ora de carreira sa via, / *e sempre mi assi mente e non á de mí vergonha* || VII.5 *non me viu máis d'un dia e vai-s'a Catalonha* || VII.8 ca me jurou que nunca se ja de mí partisse / e máis foron de cento mentiras que m'el disse || VII.13 Non sabedes, amiga, como m'ou-ve jurado / que nunca se partisse de mí sen meu mandado, / e mentiu-me cen vezes e máis o perjurado || VII.13 e mentiu-me cen vezes e máis o perjurado || VIII.3 Maria Perez, and'eu mui coitado / por vós, de pran, máis ca por outra ren, / e vós cuidades que ei de vós ben || VIII.7 ca mi fazedes vós en guisa tal / ben, mia senhor, que depois é meu mal, / e de tal ben non soo eu pagado || VIII.12 demais, fostes ogan'a meu mandado / por mi fazerdes [gran] ben e amor || VIII.13 demais, fostes ogan'a meu mandado / por mi fazerdes [gran] ben e amor, / e con tal ben qual eu enton, senhor, / ouvi de vós mal dia eu fui nado || IX.19 ou se se chamar segrel / e jograria non souber fazer

2. A copulativa presenta un uso frecuente en inicio de estrofa (ou *finda*), de período ou en interior de estrofa (normalmente precedido de puntuación forte: punto, punto e vírgula, dous puntos): I.8 **E** todos dizen que fiz i mal sén || I.10 **e** non os creerei, / mentr'eu viver, nunca || I.15 **E** máis me dizen do que me vos deu / por mia senhor: ... || I.22 **E**, mia senhor, conselha-me mui mal / quen mi-o conselha || II.7 [**E**] por tal moir'e direi-vos eu al: / ... || II.10 **e** todo por meu mal / *a fezo Deus [de muito ben senhor]* || II.13 **E** non mi foi Nostro Senhor mostrar / os seus olhos || II.15 **e** assi quis Deus: / ... || IV.4 **e** quantos-lo ouven dizer, / senhor, ar maravilhan-s'én || IV.15 **E**, mia senhor, quantos eu vi, / todos mi dizen que é mal / de mi fazedes tanto mal || IV.18 **e** maravilhan-s'outrossi / se vo-lo conselhou alguen || VI.4 **e** ja m'eu aquesto vou aprendendo / e ora cedo máis aprenderei || VI.10 **e** por aquesto o jur'e o digo / que ja máis nunca seja verdadeiro || VIII.19 **E** vós enton guisastes-mi-o assi || VIII.22 **E**, ... / ..., devia-m'a matar / ant'ou seer ao dem'encomendado || IX.8 **E** pesará a vós muit', eu ben o sei, / do que vos eu direi, per bõa fe || IX.14 **e** diz: ...

3. A copulativa *e* é utilizada coa negación en frases que contradín ou negan o exposto anteriormente: V.10 e eu por vos[s]o rogo, **e** por al non, / *farei-lh'eu ben*

4. Uso expletivo en parénteses explicativas: V.16 mais, **e** pois que assi é, / *farei-lh'eu [ben]*

el*₁ art. m. Só se utiliza co subst. *rei

IX.11 pon ora assi en seu degred'**el**-rei / que se non chame fidalgo per ren || IX.17 ca manda **el**-rei que, ... / ... / ..., / que lhi non dé ome [o] seu aver

***el*₂ pron. pers. m. de P3 con función de suxeito 'el'**

II.3 feze-a Deus senhor de mui bon prez / e máis fremosa de quantas **El** fez || V.6 mais de pran non farei / *quant'el quiser* || VII.8 e máis foron de cento mentiras que m'**el** disse

***en* prep. 'en'**

1. Introduce complemento circunstancial de lugar: || IX.11 pon ora assi **en** seu degred'**el**-rei / que se non chame fidalgo per ren

2. Introduce complemento circunstancial de tempo: VIII.15 **En** ña noite o tive chegado

3. Introduce complemento circunstancial de modo: VIII.18 “Bon grad'a Deus, ca ja agora averei / o ben por que andava **en** cuidado”

4. Introduce complemento circunstancial de materia ou asunto: IV.12 a muitos, a que é gran mal / en perder vosso conhocer / **en** min

5. Introduce cláusula de infinitivo: II.9 e fez-lhi muito ben / **en** a fazer dona de mui bon sén / e mui mansa

6. Participa en rexencias de verbos e expresións verbais: *punhar en*: VIII.9 pero punhades vós **en** mi-o fazer / quanto podedes, a vosso poder // *seer mal en*: IV.11 a muitos, a que é gran mal / **en** perder vosso conhocer / en min

7. Participa na loc. conx. consec. en guisa tal ... que ‘de modo que’: VIII.5 ca mi fazedes vós **en guisa tal** / ben, mia senhor, **que** depois é meu mal

én pron. adv. ‘niso, diso, a respecto diso’. Vid. ende

I.5 pero, senhor, non m’én quer’eu quitar / *de vos servir e vos chamar “senhor”* || I.12 ca, mia senhor, que mi fez é[n] mui ben / *de vos servir e vos [chamar “senhor”]* || III.4 - Vedes, amig’, o que vos farei én || III.7 - Senhor fremosa, máis vos én direi || III.10 - Ja vos dixi quanto vos én farei || IV.5 ar maravilhan-s’én / *de mi fazerdes sempre mal / e nunca mi fazerdes ben*

por én loc. adv. caus. ‘por iso’: IX.13 se non, os dentes lhi quiten **por én**

encomendado, [encomendada] part. pret. de encomendar ‘encomendar, encargar, confiar’

VIII.24 devia-m’a matar / ant’ou seer ao dem’**encomendado**

ende pron. adv. ‘niso, diso, a respecto diso’. Vid. én

III.6 *se vos por mí, meu amigo, ven mal, / pesa-m’ende, mais non farei i al* || IV.8 ca vos ouç’**ende** cosecer / de mi fazerdes tanto mal

enforcado, [enforcada] part. pret. de enforcar ‘enforcar’

VIII.21 E vós enton guisastes-mi-o assi / que mi valvera muito máis a min / jazer mort[o] ou seer **enforcado**

enton adv. temp. ‘entón, naquel tempo, nese momento’

VIII.13 e con tal ben qual eu **enton**, senhor, / ouvi de vós mal día eu fui nado || VIII.16 diss’**enton** com’agora vos direi: / ... || VIII.19 E vós **enton** guisastes-mi-o assi / que mi valvera muito máis a min / jazer mort[o] ou seer enforcado

[escarmentar] v. tr. ‘escarmentar’

IX.14 “Assi o **escarmentarei**”

este, [esta], esto pron. dem. ‘este, esta, isto’. Cf. *[aqueste]*

